Nivel
C1
Marco europeo común de referencia para as linguas

CURSO DE GALEGO
Libro do profesor



Aula de Galego 4

XUNTA DE GALICIA

Aula de Galego 4

Aula de Galego 4

Edita
XUNTA DE GALICIA.
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Autoras
Ivonete da Silva
Sandra Becerril, Anna Méndez, Vanesa Rodríguez

Coordinación editorial
Jaime Corpas

Coordinación pedagóxica
Xaquín Núñez

Corrección
Dina Moreira e Celia Rozas

Deseño
Enric Font

Maquetación
Toti Studio (jsv)

Documentación
Olga Mias

Ilustracións
Roger Zanni

© Fotografías
Cuberta: Carmen Sedano/Alamy/ACI; **Unidade 1** páx. 7 Juanma Rivera Martínez; **Unidade 2** páx. 17 Xurxo Lobato; **Unidade 3** páx. 27 Ghislain & Marie David de Lossy/Taxi/Getty Images; **Unidade 4** páx. 37 Centro Dramático Galego/AGADIC; **Unidade 5** páx. 45 Alberto Paredes/Alamy/ACI; **Unidade 6** páx. 55 Robert Harding Picture Library Ltd/Alamy/ACI; **Unidade 7** páx. 65 Dorfun/flickr; **Unidade 8** páx. 75 Chris Craymer/Stone +/Getty Images; **Máis exercicios** páx. 85 Bryan Gosline/flickr; **Fichas** páx. 98 Esther Taboada.

Agradecementos
Inmaculada Seage Freire, Lucía R. Caeiro, Televisión de Galicia.

Este curso está baseado nunha concepción didáctica e metodolóxica da perspectiva orientada á acción, desenvolvida polos creadores do manual AULA de Difusión, Centro de Investigación y Publicaciones de Idiomas, S.L.

Depósito legal: C 2516-2009

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

difusión
Centro de Investigación y Publicaciones de Idiomas, S.L.

CURSO DE GALEGO
Libro do profesor

Aula de Galego 4



O Proxecto **Aula de galego** nace da constatación de que non existe ningún material que responda adecuadamente ás necesidades expostas nos distintos cursos de galego que se levan a cabo na actualidade dentro e fóra de Galicia: tanto os preparatorios para os distintos niveis do Celga como os que ofrecen as distintas universidades do mundo onde hai un lectorado de galego.

O resultado desta falta de materiais específicos motivou ata agora unha situación que todos coñecemos: en cada centro ou curso os profesores foron sorteando as dificultades da carencia dun bo manual con materiais propios ou con material adaptado. Ningunha das solucións contenta o alumnado nin o profesorado, os cales, cando se lles pregunta, declaran abertamente que prefiren a coherencia e seguridade que confire un manual ben deseñado.

Desta situación xorde a idea de publicar **Aula de galego**. Un equipo de autores, con ampla experiencia no deseño de materiais didácticos, asesorados por expertos e colegas de diversos ámbitos do ensino da lingua que lles axudaron a ter unha visión de conxunto das características e das necesidades dos cursos de galego, abordaron a elaboración de **Aula de galego** co obxectivo de lles dar resposta ás esixencias deste sector, en particular atendendo aos seguintes aspectos:

Desde o punto de vista da organización do material

– En moitos casos, debido á oficialidade dos certificados e a non obrigatoriedade na asistencia ás clases, permítese a incorporación de novos alumnos cando xa se realizaron algunhas sesións, de forma que non todos os alumnos permanecen o mesmo número de semanas no curso.

– Na maioría dos manuais para a aprendizaxe do galego existentes ata agora, as unidades didácticas teñen un enfoque basicamente estrutural e abordan un contido pouco variado, tanto dende o punto de vista lingüístico, como do temático e do cultural.

– O material debe estar estruturado de tal maneira que facilite o labor de coordinación dos diferentes profesores a cargo dun mesmo curso.

– O material **Aula de galego** procura contribuír como un elemento normalizador do galego estándar, sen por iso sacrificar o emprego de materiais auténticos, adaptados ás necesidades comunicativas do alumnado.

Respecto á programación

Como en calquera contexto de aprendizaxe, nas distintas modalidades dos cursos de galego a presentación e a exercitación de novos contidos debe adecuarse ás expectativas e ás necesidades do alumnado. O material debe, polo tanto, articularse para gardar un coidado equilibrio entre as propostas novas que presenta cada unidade así como o reforzo e afianzamento de aspectos lingüísticos e comunicativos xa abordados en unidades ou niveis anteriores.

De igual xeito, a orientación das unidades pretende ser funcional para o heteroxéneo grupo de alumnos que van utilizar **Aula de galego**: tanto para aqueles que se encontran en situación de inmersión, como para os que acceden a través dun curso fóra de Galicia e, asemade, para os que teñen o galego como lingua propia ou ambiental. Pártese, polo tanto, do coñecemento da realidade sociolingüística do galego e da pretensión de lles dar resposta tamén ás necesidades daqueles galegos que queren consolidar a súa competencia lingüística no uso do galego estándar.

Respecto ás características metodolóxicas do material

– Nos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga, máis que en calquera outro tipo de cursos, precísase un traballo especialmente compensado entre a práctica de destrezas comunicativas e a reflexión gramatical.

– Unha carga horaria como a dos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga reclama, ademais, un material que teña moi en conta a inevitable tensión que viven profesorado e alumnado neste tipo de cursos: as actividades deben ser moi variadas tanto nos seus contidos como nas dinámicas de aula que propician. As destrezas implicadas en cada actividade e os procesos cognitivos que impulsan deben estar habilmente combinados para que cada día de traballo resulte un todo coherente e equilibrado: debe haber momentos para o lúdico e tempo para a reflexión, actividades en grupos e tarefas individuais, atención a aspectos formais e interacción significativa entre os membros do grupo, tempo para o estudo e para a práctica da lingua, e materiais para o descubrimento da cultura.

Aula de galego concibiuse como un material axustado á estrutura horaria dos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga e ás expectativas e ás necesidades dun alumnado que realiza estancias breves en Galicia, podendo aínda adaptarse perfectamente aos diversos contextos e realidades dos alumnado que estuda galego a través dos programas de lectorado.

índice



UNIDADE 1

E foi así como cho conto…

Pídalles aos seus alumnos que observen a fotografía da portadiña e fágalles preguntas sobre a escena que aparece nela, como, por exemplo: **Quen é a persoa que aparece na fotografía? Onde está? Que credes que está facendo? Por que?** Logo, pregúntelles se algunha vez foron testemuñas dunha situación similar.

Por último, preséntelles os obxectivos da unidade e explíquelles que, ao rematala, van escribir a crónica dun acontecemento.

comprender

1. CRÓNICAS

Ler tres crónicas xornalísticas e escoller un titular e unha frase final para cada unha delas. Falar de persoeiros importantes e dos feitos que protagonizaron.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
A crónica é un xénero xornalístico que consiste na narración de acontecementos de actualidade, seguindo a orde cronolóxica na que tiveron lugar, e adoita incluír testemuñas directas. Segundo o asunto de que trate, a crónica pode ser de varios tipos: deportiva, política, social, artística, cultural…

Os Premios de Teatro María Casares foron creados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia e concedéronse por primeira vez en 1997. Reciben este nome como homenaxe a María Casares (1922 – 1996), unha actriz coruñesa que triunfou durante o seu exilio en Francia. Entréganse anualmente, na cidade da Coruña, como galardón aos mellores profesionais do teatro galego.

Procure diferentes xornais en galego, ou mesmo as súas páxinas impresas de Internet, e léveos á clase o día no que se traballe esta actividade.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos se saben que xéneros de textos poden aparecer nun xornal. Ofrézalles algún exemplo (entrevista, artigo de opinión…). A continuación, reparta os xornais dos que dispoña e anime os estudantes a follealos na procura de diferentes xéneros xornalísticos (noticia, reportaxe, artigo de opinión, editorial…). Espere a que mencionen a crónica e, se non o fan, introdúzaa vostede. Logo, convídeos a que expliquen en que consiste e a que encontren algunha crónica no xornal que están utilizando.

PROCEDEMENTOS
A. Pídalles aos seus alumnos que observen as fotos que acompañan cada unha das crónicas e pregúntelles se coñecen as persoas que aparecen nelas. Logo, se non son quen de poñerlles nomes, reparta o seguinte cadro con información sobre elas e pídalles que a relacionen coa crónica e a fotografía correspondentes.

Roy Makaay (Wijchen, 1975). Futbolista.
Mabel Rivera (Ferrol, 1952). Actriz
Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956). Escritor.
Xosé Manuel Budiño (Moaña, 1969). Gaiteiro.
Cesáreo Rodríguez Varela (Lestrobe, 1922 - Bos Aires, 2006). Gaiteiro
Diego Tristán (La Algaba, 1976). Futbolista.
Pandiani (Montevideo, 1976). Futbolista.
Indíquelles que formen grupos de tres para que se conten todo o que saben sobre estes personaxes. Logo, poderán facer unha posta en común na clase.
Se os seus alumnos non teñen dificultades para recoñecer os personaxes, pode suprimir a actividade do texto e pasar directamente ao traballo en grupos.

B. Explíquelles aos seus alumnos que a estas crónicas lles falta un título. Pídalles que as lean e que, en parellas, inventen un para cada unha. Deseguido, pode realizar cos seus alumnos a actividade 1 da páxina 106.

C. Por último, pídalles aos seus alumnos que, en parellas, escollan a mellor frase para pechar cada unha das crónicas e que xustifiquen a súa elección. Teña en conta que non hai unha resposta única, xa que algunhas frases poden servir para máis dunha crónica, de xeito que o máis importante aquí é o proceso de realización da actividade.

E DESPOIS
Aproveite os temas que se trataron para fomentar unha conversa entre os estudantes. En grupos de tres, invíteos a comentar o último concerto ao que foron, a última peza de teatro que viron ou o último partido de fútbol ao que asistiron.

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 106, exercicio 1.

2. UNHA MAREA NEGRA

Ler dúas crónicas sobre o naufraxio dun petroleiro e extraer a información máis importante. Escoitar o testemuño de dúas persoas que viviron a catástrofe e opinar sobre este tipo de acontecemento.

PROCEDEMENTOS
A. Escriba no encerado a expresión **desastre ecolóxico** e pregúntelles aos seus alumnos se son capaces de explicar o seu significado. A continuación, pregúntelles se lembran algún desastre ecolóxico. Se lles custa recordar, achegue vostede un exemplo, como o do tráxico accidente nuclear de Chernobil, Ucraína. Pódelles facer as seguintes preguntas ao respecto: **Que pasou? Cando ocorreu? Onde?** Vaia anotando as respostas no encerado e sinale despois a expresión **accidente nuclear**. Pregúntelles que outros tipos de catástrofe se poden dar. Algunhas posibles respostas son: **vertidos tóxicos**, **incendio** e **marea negra**. (Asegúrese de que aparece esta última posibilidade.).

B. Centre a atención dos seus alumnos na marea negra e pregúntelles se saben cales son as súas causas e que consecuencias pode ter. É moi posible que a maioría deles oíse falar do desastre do *Prestige*. Pregúntelles por el e explíquelles logo en que consistiu: no ano 2002, o buque petroleiro *Prestige* provocou unha gran marea negra na costa de Galicia. Se o considera oportuno, pode mostrarlles fotografías da catástrofe, para que

os seus alumnos se decaten da magnitude do desastre e afronten a lectura do texto con maior interese. Explíquelles que, deseguido, van ler dúas crónicas sobre o feito, nas que deberán subliñar e extraer a información máis importante. Cando rematen a lectura, faga unha posta en común na clase.

C. Indíquelles aos seus alumnos que van escoitar o testemuño de dúas persoas que viviron a catástrofe en directo. Pídalles que tomen notas das informacións novas que lles parezan relevantes. Se o considera necesario, pode guiar máis a actividade, pedíndolles que completen os datos da ***ficha 1***.

D. Promova unha conversa preguntándolles aos estudantes que pensan eles sobre o ocorrido e que lles pareceu a actuación dos voluntarios. Interésese tamén pola súa experiencia: pregúntelles se algunha vez se viron involucrados nun problema desas características, se participaron algunha vez no traballo de prevención e recuperación dunha zona devastada, se viven ou xa viviron este tipo de catástrofes de forma próxima ou que farían se se producise unha situación así na rexión onde viven.

E DESPOIS
Dirixa a atención dos seus alumnos cara aos titulares das crónicas e fágalles notar que, en ambos, os adxectivos aparecen pospostos ao substantivo. Explíquelles que, non obstante, en galego os adxectivos poden colocarse antes ou despois do substantivo, dependendo do significado, da súa función, do rexistro e do tipo de discurso ao que pertence. Diríxaos á explicación que aparece na epígrafe "Colocación dos adxectivos", na sección CONSULTAR, na páxina 15. Se o considera oportuno, pode pedirlles que busquen exemplos das explicacións nos textos da páxina 11. A continuación, convídeos a realizar a actividade 4 da páxina 107.

explorar e reflectir

3. FESTA MARÍTIMA

Analizar elementos subliñados nun texto e xustificar a necesidade de corrección. Substituír palabras e expresións por sinónimos e recoñecer conectores discursivos para mellorar a cohesión e a riqueza léxica nos textos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Bretaña é unha península no noroeste de Francia que, como rexión histórica, se estendía polos actuais departamentos de Fisterra (de Francia), Costas de Armor, Morbihan, Ille e Vilaine e Loira Atlántico. En Fisterra sitúase Brest, cidade bretoa cuxa vocación militar e marítima se remonta á antigüidade.

PROCEDEMENTOS
A. Pregúntelles aos seus alumnos que entenden por "festa marítima", como e por que motivos cren que se celebra este tipo de evento. Se teñen dificultades en responder con precisión, pódelles pedir que describan a fotografía que acompaña o texto. Logo, pregúntelles que diferenzas cren que pode haber entre Galicia e Bretaña e se saben algo sobre a cidade de Brest. Se hai informacións encontradas, acláreas e, a continuación, pídalles que lean o texto e comprobe as súas suxestións.

B. Coméntelles que o texto o escribiu un redactor sen experiencia, polo que algúns elementos precisan dunha modificación. Agrúpeos de tres en tres para que discutan os motivos que levaron o redactor xefe a subliñalos. Faga despois unha posta en común na clase. Teña en conta que non sempre se trata de repetición, senón tamén de buscar un vocabulario máis preciso e axeitado para o contexto.

Solución
Evitar repetición: *na festa marítima internacional de Brest, citáronse, barcos, barcos galegos, Galicia e Bretaña, Brest, no festival, das actividades, o Museo do Mar de Galicia, de Galicia, pretende, presentar.*
Procurar un vocabulario máis preciso/axeitado: *citáronse, barcos, alí, barcos galegos, festival, o festival, aplaudidos.*

C. Mantendo os mesmos grupos de tres, pídalles que busquen no cadro a mellor palabra ou expresión para substituír cada un dos elementos subliñados no texto. Ao final, pode facer tamén unha posta en común.

Solución
a cidade bretoa: Brest
mostrar: presentar
a exposición: o Museo do Mar de Galicia
(no) encontro: no festival
tenta: pretende
embarcacións do noso país: barcos galegos
a organización: o festival
reuníronse: citáronse
no certame: na Festa Marítima Internacional de Brest
aclamados: aplaudidos
navíos: barcos
das mostras: das actividades
entre os cales: alí
da nosa terra: de Galicia
ambos os territorios: Galicia e Bretaña
evento: festival

D. Pídalles que observen as palabras que van en grosa no texto e pregúntelles para que cren que serven. Se dispón de tempo, pode propoñerlles a seguinte actividade: que lean o texto e eliminen todas estas palabras en grosa. Na maioría dos casos, aínda que a frase queda un pouco coxa e se fai necesario cambiar a puntuación no parágrafo, pódese prescindir delas.

Pero explíquelles que se empregan para enlazar mellor as ideas e darlle ao texto maior cohesión. Para finalizar, e cos mesmos grupos, pídalles que fagan o traballo de substituílas polas do cadro.

Solución
por suposto = **nin que dicir ten**
co fin de = **para**
así e todo = **pero**
porén = **pero**
posto que = **xa que**
en suma = **en definitiva**
pois = **senón que**
de xeito que = **de maneira que**
dado que = **xa que**
por conseguinte = **por tanto**
non obstante = **pero**

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 107, exercicio 5.

4. MENSAXES NUNHA BOTELLA

Escribir peticións de envío de obxectos necesarios para afrontar uns meses nunha illa deserta. Transmitirlles as peticións a outros empregando o discurso referido.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos estudantes que cousas poden asociar co título da actividade: que é unha mensaxe nunha botella, quen a adoita enviar, que contido pode ter e se a atoparon ou enviaron unha algunha vez. É moi probable que, á pregunta sobre quen adoita envialas, os seus alumnos respondan algo parecido a náufragos nunha illa. Se non o fan, suxírao vostede.

PROCEDEMENTOS
A. Chame a atención dos seus alumnos sobre o debuxo e dígalles que representa os concursantes dun programa televisivo chamado *A illa*. Neste programa os concursantes pasan tres meses nunha illa e poden enviar mensaxes nas que piden obxectos que lles faciliten a supervivencia alí. Explíquelles que a imaxe representa un momento no que os concursantes xa recibiron os obxectos que pediran. Sinale o debuxo da placa solar e chame a atención dos seus alumnos sobre a mostra de lingua como exemplo de petición e a xustificación desta.

Convídeos a traballar en parellas para redactar tres das peticións que puideron facer os concursantes, coas respectivas xustificacións. Recórdelles que deberán empregar verbos como **mandar**, **traer**, **enviar**…

B. Pídalles aos seus alumnos que lle entreguen o papel que escribiron a outra parella. Pola súa vez, eles recibirán o papel doutros compañeiros. Deberán contarlle ao resto da clase o que pediron os seus compañeiros, para o que empregarán o discurso referido. Pero antes lea o exemplo e, se o considera necesario, anote no encerado as dúas frases (a petición directa e a súa transformación no discurso referido). Faga fincapé no feito de que a petición se fixo hai tres semanas (polo que é necesario que o verbo introdutorio apareza en pretérito) e na consecuente transformación do imperativo en imperfecto de subxuntivo.

Igualmente, explíquelles que outras transformacións poden ocorrer no traspaso do discurso directo ao referido:

verbos (traer ⇒ levar, vir ⇒ ir)
adverbios (aquí ⇒ alí)
demostrativos (este ⇒ ese/aquel) etc.

C. Por último, anime os seus alumnos a imaxinaren que se encontran nesa situación e a escribiren tres peticións nunha folla de papel. Pídalles que lla entreguen a un compañeiro, quen lle referirá as peticións ao resto da clase. Teña en conta que, neste caso, as peticións se fixeron nun momento máis próximo ao presente e que o verbo que introduce o discurso referido pode aparecer en presente ou en pretérito, de xeito que o verbo en imperativo poderá ir, respectivamente, en presente e en imperfecto de subxuntivo.

Pode aproveitar para facer unha sistematización coa ***ficha 2*** e invitar os seus alumnos a escribir as súas peticións e as do seu compañeiro (empregando o discurso referido) en todas as filas. Se non dispón de tempo suficiente para que o fagan na clase, poderán completalo na casa e, na clase seguinte, facer unha corrección entre todos.

5. A ESAS ALTURAS

Ler dous textos e recoñecer marcadores para referirse a datos temporais mencionados con anterioridade.

PROCEDEMENTOS
Explíquelles aos seus alumnos que, nun texto narrativo, os acontecementos aparecen unidos entre si a través de marcadores temporais. Dígalles que nesta actividade deben prestarlles atención aos marcadores temporais que se refiren a un momento (data ou hora) mencionado con anterioridade. Pídalles que lean os dous textos e que subliñen ese tipo de expresións.

Solución
Minutos antes
a esas alturas
a partir dese momento
aquel día
daquela
daquela xornada funesta.

Recórdelles que na epígrafe "Referencias a momentos xa mencionados" da sección CONSULTAR, na páxina 15,

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 106, exercicio 3.

practicar e comunicar

6. QUE EXPERIENCIA!

Escoitar o relato dunha experiencia. Escribir un texto xornalístico, empregando os recursos vistos nas seccións anteriores.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Crónica	
Definición	Noticia actual comentada dende o punto de vista persoal do xornalista. O texto adoita ser expositivo e argumentativo
Función da linguaxe	Referencial (obxectiva) + Expresiva (subxectiva)
Finalidade	Informar e formar opinión
Estrutura	Noticia Comentario persoal do xornalista

ANTES DE COMEZAR
Pídalles aos seus alumnos que miren a fotografía e fágalles preguntas como: **Vistes algunha vez algún maratón? Participastes nalgún? Como foi?** etc.

PROCEDEMENTOS
A. Explíquelles aos seus alumnos que van escoitar a Natalia contándolle a un amigo a súa experiencia na última carreira na que participou. Pídalles, primeiro, que centren a súa atención na pregunta da actividade: gardará un bo recordo da experiencia? Se o considera conveniente, pode pedirlles que volvan escoitar a conversa, pero, esta vez, co obxectivo de anotar todos os problemas que, segundo Natalia, causou a mala organización do maratón.

Solución
Natalia non gardará un bo recordo debido aos seguintes problemas: a organización esperaba 5000 participantes e acudiron 10.000; non lles deron botellas de auga; ao final formouse un tapón e os corredores non podían avanzar; moitas persoas desmaiáronse polo cansazo, a calor e a deshidratación; as ambulancias non podían chegar para atender os afectados.

B. Explíquelles aos seus alumnos as principais características do tipo de texto xornalístico que podería escribir nesta actividade e as posibles técnicas utilizadas na súa elaboración. Pódelles facer preguntas do tipo: **Que quere o autor conseguir co seu texto? Que tipo de linguaxe pode empregar para facelo? Como podería estruturalo?**

Dígalles que tamén poden buscar nas crónicas das actividades previas e no contido de CONSULTAR algúns elementos que lles poden ser útiles no proceso de redacción (conectores para enlazar ideas, expresións temporais que relacionan os acontecementos entre si, emprego de sinónimos para evitar a repetición das palabras etc.).

C. Cando rematen de escribir o texto, poden traballar en grupos de tres ou catro, facendo as comparacións entre as súas producións. Sería importante que todos os estudantes do grupo fixesen o mesmo tipo de texto xornalístico (crónica).

E DESPOIS
Cando finalizaren a tarefa, promova unha corrección cruzada entre os membros de cada grupo: pídalles que intercambien os seus textos e que corrixan os erros máis importantes do texto que lles toque. Pídalle a cada un que xustifique a corrección ante os demais do grupo para favorecer unha reflexión conxunta. Durante todo o proceso, pasee pola clase para solucionar as posibles dúbidas que poidan xurdir. Se lle parece conveniente, pode pedirlles os textos e levalos para facer unha corrección máis polo miúdo.

7. EVENTOS

Elaborar unha crónica, relatala oralmente e escribila.

ANTES DE COMEZAR
Indique o título da actividade, EVENTOS, e pregúntelles aos seus alumnos que tipos de acontecementos cren que poden recibir este nome. Comece poñendo algún exemplo se é preciso.

PROCEDEMENTOS
A. Pregúntelles aos seus alumnos se lembran algún evento, é dicir, un acontecemento importante ao que asistisen e por que o fixeron. Explíquelles que van relatalo coma unha crónica. Para preparar o seu relato, poden facer un esquema a partir do recadro que aparece na actividade.

B. Agora, anime os seus alumnos a lle relataren a crónica do seu evento a un compañeiro, quen poderá interrompelo para facer comentarios ou preguntas para obter información adicional, de xeito que a crónica sexa o máis completa posible.

E DESPOIS
Como tarefa para a casa, pode animalos a que escriban a crónica do evento que acaban de relatar oralmente. Recórdelles que poden empregar todos os recursos que aprenderon ata agora.

8. DECLARACIÓNS

Inventar as declaracións dos protagonistas dunha xornada caótica no aeroporto (pasaxeiros, controladores aéreos etc.). Incorporar as declaracións a unha crónica que describa esa xornada.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos se sufriron algunha vez un atraso nun aeroporto. En caso afirmativo, pregúntelles a que se debeu, se houbo protestas, cal era a actitude dos pasaxeiros e do persoal do aeroporto etc. Se nunca viviron unha experiencia deste tipo, pregúntelles se recordan algunha noticia sobre o tema ou algunha experiencia semellante.

PROCEDEMENTOS
A. Explíquelles aos seus alumnos a situación descrita na actividade e pídalles que observen o debuxo.

Deseguido, deberán atopar nos debuxos os colectivos que aparecen no recadro laranxa e escribir ao lado de cada un o número correspondente. Se teñen problemas para comprender o significado dalgunha expresión, axúdelles con definicións ou descricións.

Solución
Pilotos: 8, auxiliares de voo: 5, persoal de limpeza: 3, pasaxeiros: 7; controladores aéreos: 1, mozos de pista: 4, persoal de terra: 6, camareiros: 9, xornalistas: 2.

B. Dígalles aos seus alumnos que os dous textos que aparecen nesta epígrafe explican as declaracións feitas por algunhas das persoas que se ven no debuxo. Pídalles que as lean e intenten descubrir a que colectivos corresponden.

Solución
*Os **pasaxeiros** que quedaron incomunicados…*
*Os **auxiliares de voo** insistiron en que…*

Chame a atención dos seus alumnos sobre os verbos que introducen as declaracións dos pasaxeiros e dos auxiliares de voo (**esixiron** e **insistiron**). Fágalles notar que estes verbos substitúen o verbo **dicir**: por unha banda, evitan a súa repetición; por outra, son moito máis precisos porque achegan novos matices de significado.

Pregúntelles que outros verbos poden cumprir esta función e remítaos ao penúltimo parágrafo da epígrafe "Discurso referido" da sección CONSULTAR, na páxina 14, onde poderán atopar máis verbos que introducen o discurso referido.

C. Pídalles agora aos seus alumnos que, en parellas, escriban cinco textos nun papel, tomando como modelo os textos da actividade **B**. Explíquelles que non deben escribir o nome do colectivo que efectúa as declaracións, xa que serán os membros doutra parella os que deberán descubrilo.

D. A partir das declaracións anteriores, os alumnos deben elaborar unha crónica do sucedido no aeroporto, que debe comezar como se propón na mostra de lingua ofrecida. Recórdelles que deben empregar os verbos que serven para introducir as palabras doutras persoas (o discurso referido).

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 107, exercicio 6.

9. EXCURSIONISTAS PERDIDOS

Escribir a crónica dun acontecemento a partir do titular dunha noticia e dos testemuños de dúas persoas implicadas nel.

ANTES DE COMEZAR
Pídalles aos seus alumnos que, individualmente ou en grupos de tres, se fixen nas fotografías da páxina 18. Déalles dous minutos para escribiren todo aquilo que poidan asociar coas imaxes (poden ser palabras relacionadas co tema, expresións ou frases feitas, recordos de experiencias propias etc.) e, logo, faga unha posta en común na clase, escribindo no encerado todas as súas suxestións.

PROCEDEMENTOS
A. Lémbrelles aos seus alumnos que a tarefa final desta unidade consiste en escribir a crónica dun acontecemento e explíquelles que van facelo a partir das informacións que obtiveren nas nas epígrafes A e B. Para comezar, pídalles que lean o titular do xornal para responder as preguntas que aparecen abaixo. Invíteos a que comenten as súas respostas en grupos de tres. Recórdelles que poden empregar o dicionario se lles parece necesario. Ao final, faga unha posta en común na clase.

B. Explíquelles aos seus alumnos que, deseguido, van escoitar o testemuño de dúas persoas implicadas no suceso. Deberán contestar as preguntas que se formulan no recadro e tomar notas da información máis relevante que desexan incluír na crónica. Se o considera necesario, faga unha segunda audición.

Solución
–Que ocorreu? *Tres excursionistas perdéronse no Courel e atoparon na neve pegadas enormes dun animal descoñecido.*
–Cando? *O día anterior, pola tarde.*
–Por que? *Polas malas condicións meteorolóxicas*

–En que circunstancias? *O vento era moi forte e os excursionistas estaban cansos e sen forzas para seguir. O estado da neve era moi malo e un do grupo torceu o nocello. Ademais, non se vía nada e escoitáronse barullos moi estraños, como dun animal.*

C. Pídalles aos seus alumnos que comparen as súas notas coas dos seus compañeiros de grupo e seleccionen a información que desexan incluír na crónica. Chame a atención sobre as suxestións do recadro e lémbrelles que tamén deberán inventar un desenlace para o acontecemento. Indíquelles, por último, que a crónica debe ter unha extensión aproximada de vinte liñas.

cultura

10. CULTURA CELTA

Ler dous textos que fan referencia a diferentes expresións artísticas relacionadas coa cultura celta. Buscar información sobre a vida e a obra de intelectuais galegos dos séculos XIX e XX e sobre a orixe celta na cultura galega. Falar sobre iniciativas musicais parellas ás que se presentan nun dos textos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Para a realización das epígrafes A e B, faise necesaria unha pequena investigación previa, en Internet ou enciclopedias, co fin de que os alumnos teñan información suficiente para desenvolver a tarefa proposta no tempo previsto. O día anterior á clase na que se traballe esta sección, pídalles que busquen información sobre a cultura celta e a súa relación con Galicia. Se lle parece conveniente, pode dividir o traballo en grupos. Por exemplo, un grupo investiga sobre os celtas; outro sobre os vestixios da súa cultura en Galicia; outro sobre a vida e a obra dalgúns dos persoeiros que se nomean no texto etc. Se o espazo da aula e o número de estudantes o permite, dispóñaos nun gran círculo para desenvolver esta actividade.

PROCEDEMENTOS
A. Pregúntelles aos seus alumnos que descubriron na investigación sobre a cultura celta. Os alumnos do grupo que o investigou deben escoller un voceiro que lle reporte ao resto da clase unha información resumida sobre os pobos celtas. Deseguido, os outros participantes do grupo poderán engadir a información que lles pareza pertinente e os demais poderán facer as preguntas que queiran.

Chame a atención dos seus alumnos sobre o título do texto, "A Cova Céltica", e pregúntelles que cren que pode significar ou se xa lles soaba o nome por algún motivo. Logo, convídeos a leren o texto e a atoparen nel máis información sobre o grupo. Ao remataren a lectura, pódese facer unha posta en común respecto da definición e dos membros do parladoiro da *Cova Céltica*.

B. Pídalles aos alumnos que investigaron sobre a vida e a obra dos intelectuais que se nomean no texto que lles transmitan a información aos compañeiros de clase. Faga o mesmo cos que pescudaron sobre a orixe celta da cultura galega e promova un debate, no que deben discutir que é verdadeiro e que é mito no celtismo de Galicia. Todos poden achegar a información que queiran ou dar a súa opinión.

C. Comprobe que todos teñen o libro pechado e preséntelles a información do enunciado desta epígrafe. Logo, pregúntelles aos seus alumnos se xa oíron falar do Festival Intercéltico de Moaña. No caso de que haxa algunha resposta afirmativa, invíteos a achegaren a información que coñecen e anime os demais alumnos a faceren preguntas para descubriren máis sobre o devandito festival. Se, polo contrario, ninguén na aula o sabe ou quere achegar ningunha información ao respecto, anímeos a faceren hipóteses sobre o que pode ser o festival: en que consiste, quen participa, cando se celebra etc. Nun principio, dea por válidas todas as hipóteses que fagan e apúnteas no encerado.

A continuación, pídalles que, individualmente, lean o texto que se lles ofrece e, cando rematen, faga unha posta en común entre todos, confirmando as hipóteses acertadas e descartando as demais.

D. Pregúntelles aos seus alumnos se coñecen outras iniciativas musicais semellantes e pídalles que conten na clase como son. Anime os demais compañeiros a preguntaren todo o que queiran para conseguir o máximo de información sobre os posibles eventos. Se ten alumnos estranxeiros, déalles a oportunidade de compartir cos seus compañeiros algunha manifestación artística da súa cultura relacionada coa música.
Se non hai ningunha resposta afirmativa e coñece vostede algunha outra iniciativa neste eido, compártaa brevemente con eles.

11. RIANXO: ENTRE O MAR E A LITERATURA

Ler un poema e unha biografía imaxinaria e falar das sensacións e dos sentimentos relacionados cos temas que abordan. Buscar termos galegos actuais para palabras que non pertencen á normativa contemporánea. Elaborar un pequeno texto.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Se dispón dun ou dous dicionarios, léveos á clase para que os consulten os seus alumnos na realización da actividade da epígrafe **C**.

Rianxo é un concello da provincia da Coruña e atópase na marxe dereita do río Ulla, facendo fronteira polo sur

coa ría de Arousa. Entre as principais edificacións que configuran o seu conxunto arquitectónico, destacan a Capela da Nosa Señora de Guadalupe, a praza de Rafael Dieste, o Pazo de Martelo, o paseo de Tanxil, a zona portuaria e a fachada marítima.

A importancia de Rianxo tamén reside no feito de que é o berce de escritores moi importantes para a cultura galega, como:

- Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, humorista, escritor e político (1886-1950).
- Rafael Dieste Gonçalves, escritor (1899-1981).
- Manuel Antonio Pérez Sánchez, escritor e poeta (1900-1930).
- Xosé María Brea Segade, poeta e narrador (1904-1934).

Cómpre, ademais, resaltar que Rianxo é tamén moi coñecida por "A Rianxeira", unha canción popular que, relacionada co fenómeno da emigración, acabou por se converter nun dos símbolos culturais de Galicia, e que foi logo popularizada por emigrantes rianxeiros en diversos países.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que formen grupos de tres ou catro e pídalles que falen entre eles e anoten todo o que saiban sobre Rianxo. Se hai varios alumnos que coñezan a vila, intente que se agrupen con outros que non a coñecen, de xeito que en todos os grupos haxa polo menos unha persoa que saiba algo. Se, polo contrario, ninguén na clase pode falar nada sobre ese lugar, dígalles que, partindo do título da actividade, fagan, como mínimo, un par de hipóteses sobre como pode ser e o que cren que pode haber alí.

Déalles algúns minutos e logo faga unha posta en común na clase. De non mencionaren as características máis importantes de Rianxo, dígallelas vostede, agás sobre os persoeiros, que se verán na epígrafe seguinte.

B. Faga fincapé na importancia de Rianxo como berce de célebres escritores galegos e infórmeos de que dos catro mencionados en "Observacións previas" só ao último non se lle dedicou aínda o Día das Letras Galegas. A continuación, chame a súa atención sobre Manuel Antonio e coméntelles os trazos máis importantes da súa biografía. Pídalles que lean individualmente o poema e que despois comenten, cos compañeiros do grupo da actividade anterior, o sentimento que cren que predomina ao longo dos versos. Déixeos discutir durante uns minutos e, logo, faga unha posta en común na clase.

C. Pídalles que se fixen nas palabras subliñadas no poema e coméntelles que non se corresponden coa normativa actual do galego. Dígalles que, individualmente, intenten descubrir a forma correcta para cada unha delas. Se dispón dalgún dicionario, ofrézallelo para que as procuren. Concédalles uns minutos e corrixa logo cunha posta en común, escribindo no encerado as palabras do texto e, ao seu lado, a correspondente versión actualizada para cada unha.

Solución
esquenzo – *esquecemento*
soedades – *soidades*
reloxe – *reloxo*
estantío – *estático, absorto*

D. Pregúntelles aos seus alumnos cales son as seccións que se poden atopar nun xornal. É bastante probable que reciba respostas como economía, deporte, opinión, sociedade, cultura… Dígalles que, ademais destas seccións que son moi comúns nos xornais impresos e nos dixitais, adoita haber tamén algúns suplementos especiais, e dea como exemplo a sección "A lombos do Atlántico", do xornal electrónico *Vieiros*. Preséntelles a actividade e pregúntelles que informacións cren que se poden atopar na biografía dun mariñeiro. Acepte as respostas que lle poidan dar e apúnteas no encerado. Deseguida, pídalles que lean o texto, individualmente, e comproben se as súas hipóteses eran acertadas. Déalles algúns minutos para que o fagan e logo faga unha posta en común.

E. Pregúntelles aos seus alumnos se lles gusta o mar. Deseguida, déalles cadansúa cuartilla de papel e invíteos a escribiren un pequeno texto no cal falen das sensacións que lles esperta o mar. Para que non haxa moita desproporción entre as producións esperadas, pode limitar o número de palabras (entre 70 e 80, por exemplo). Dígalles que non deben poñer o seu nome no papel e déalles uns minutos para que escriban o texto.

A continuación, recolla os seus textos e volva repartírllelos aos seus alumnos, pero asegúrese de que a ningún lle toque o seu. Pídalle a cada un que lea o texto que teña para toda a clase e logo, entre todos, teñen que adiviñar de quen é. Ao final, se lle parece necesario, recolla todos os textos para facer unha corrección da súa produción escrita e coméntellelo na seguinte clase.

E DESPOIS

Se dispón dalgunha gravación de "A Rianxeira", lévellela aos seus alumnos e dígalles que é a canción popular galega máis internacionalmente coñecida. Pode, ademais, darlles unha breve información sobre a súa historia, comentándolles o que lle pareza máis relevante do seguinte resumo:

- O texto tivo a súa orixe en cantos tradicionais que acompañaban as procesións de adoración á Virxe de Guadalupe (patroa de Rianxo). Non obstante, non é de carácter relixioso, senón que utiliza a metáfora da Virxe para facer unha evocación da muller galega que traballa no mar.

- Xurdiu como unha homenaxe a Castelao, daquela exiliado en Bos Aires. A letra orixinal foi composta en 1947 por Xesús Frieiro Dourado, un fillo de emigrantes galegos que nacera na capital arxentina. Logo musicouna o rianxeiro Anxo Romero Loxo.

- En 1948 cantouna por primeira vez o Coro Castelao na mesma cidade, pero a estrea oficial foi en 1950.


- Gravouse inicialmente co título “Ondiñas da nosa ría”.

- Nos anos 50 popularizouse en Galicia, a través de músicos de Rianxo e doutras localidades que conservaron só a súa melodía.

- “A Rianxeira” simboliza moi fortemente o fenómeno da emigración e converteuse en case un segundo himno de Galicia; cántase nas máis diversas celebracións e festividades dos galegos.

Se lle parece pertinente, pódelles ofrecer aos seus alumnos unha fotocopia das dúas versións da letra que lle facilitamos na ***ficha 3.***

Se os seus alumnos mostraron interese polos demais aspectos culturais presentados ao longo desta unidade, facilítelles enderezos de páxinas web nos que poidan buscar máis información ao respecto.



UNIDADE 2

E ti, que opinas?

Móstrelles a imaxe aos seus alumnos e pregúntelles se recoñecen este lugar (Illa de Toralla - Vigo). Escoite o que poidan dicir sobre ela e, se é necesario, infórmeos de que se trata dun importante destino turístico de Galicia. Pregúntelles se lles gustan os lugares moi turísticos ou se prefiren os máis tranquilos, e se escollerían un lugar como ese para pasar as vacacións. Logo, centre a atención dos alumnos na cuestión urbanística e pregúntelles a súa opinión sobre a construción masiva nas zonas costeiras.

Finalmente, informe os estudantes dos contidos da unidade e da tarefa final: levar a cabo unha asemblea popular.

comprender

1. PROBLEMAS DE ESPAZO

Valorar que tipo de vivendas teñen as persoas ás que vai dirixida unha serie de anuncios e facer hipóteses sobre o modo de vida que levan.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus alumnos se están contentos coa súa vivenda. Pode facerlles preguntas como: **Como é a vosa casa? Estades contentos con ela? Tendes o espazo que necesitades para todo? É un piso ou unha casa? Gustaríavos realizar algunha modificación? Cal?** Dígalles que, individualmente, fagan unha lista das cousas que quererían ter ou facer na súa casa, pero que non poden por falta de espazo. Cando rematen, pídalles que, en parellas, comparen as súas respectivas listas. O obxectivo é que cada un diga se ten problemas de espazo na súa vivenda.

Se algún dos seus alumnos di que non ten este tipo de problema, anímeo a falar dalgunha vivenda que tivo anteriormente ou da vivenda dalgún familiar ou coñecido que pode telo.

B. A continuación, móstrelles os diferentes anuncios que aparecen e pregúntelles: **Onde podemos atopar estes anuncios? Que credes que anuncian?** Pídalles que os lean individualmente e que decidan que tipo de vivenda e que forma de vida poden ter as persoas ás que van dirixidos e que o xustifiquen. Cando terminen, faga unha posta en común.

C. Pregúntelles se hai algún anuncio que lles chamase especialmente a atención e por que. Dígalles que van oír unha serie de opinións relacionadas cos anuncios e que deben marcar se están ou non de acordo con elas. Logo, en grupos de tres, teñen que contrastar as súas opinións.

2. VIVENDAS SUSTENTABLES, VIDAS SUSTENTABLES

Ler unha entrevista para resumirlla a un compañeiro. Seleccionar ideas nun texto e formular argumentos para reforzalas.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos: **Que tipos de vivendas credes que son os máis comúns na actualidade? Por que credes que as persoas os escollen? Onde se constrúen? Que limitacións ou problemas poden ter?** Para a primeira pregunta é probable que os apartamentos ou os pisos sexan a resposta maioritaria, dado que nas zonas urbanas cada vez hai menos espazo para construír casas. Ademais, para a vida moderna e axitada da maioría da xente que vive nas cidades, este tipo de vivenda é máis funcional e ten menos gastos de mantemento. Sobre o lugar das edificacións, se non o fan eles, poderá aproveitar para falar das construcións de edificios nalgunhas zonas rurais, por exemplo, e preguntarlles a súa opinión. En canto aos problemas e limitacións, poderán formular hipóteses como o tamaño cada vez máis reducido ou a falta de intimidade debido aos materiais que se empregan nas construcións.

PROCEDEMENTOS

A. Móstrelles aos seus alumnos as dúas entrevistas e explíquelles que se trata de dúas autoras distintas. Cada unha escribiu un libro relacionado co urbanismo e a habitabilidade, pero con diferentes enfoques. Dígalles que van traballar en parellas, pero que primeiro cada un vai ler individualmente unha das entrevistas. Teñen que tomar notas das principais ideas porque logo terán que explicarllas ao compañeiro.

B. Dígalles que agora cada un debe resumirlle ao compañeiro as principais ideas que aparecen na entrevista que acaba de ler.

C. Ao remataren, dígalles que deben atopar en cada entrevista as ideas coas que os dous estean de acordo e, logo, formular argumentos para reforzalas e amplialas. A continuación, faga unha posta en común na clase para recoller as diferentes opinións.

explorar e reflectir

3. QUE CONSTE EN ACTA

Reflexionar sobre as situacións nas que se redacta unha acta. Facer hipóteses sobre a finalidade e o formato deste tipo de documento. Ler un modelo de acta e contrastar as características coas hipóteses formuladas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Unha acta é un testemuño pormenorizado de feitos que se asentan por escrito e que resulta importante rexistrar e conservar. É un documento común en circunstancias como reunións, asembleas ou xuntanzas de directivos de calquera entidade, de membros de asociacións ou de consorcios. Formalmente, debe conter os datos do lugar onde se levanta, a data e a hora, unha breve introdución na que se menciona o motivo que dá lugar á súa escritura e, no seu texto, información detallada de todo o que ocorre na sesión: se hai debates, nomeamento das persoas que interveñen e un resumo do que din; se hai votacións, detalle do que se vota e o resultado; se hai mocións, descrición do contido de cada unha e mención de quen

a formulou etc. Normalmente remátase cun parágrafo "tipo", no cal se indica a hora en que termina o acto e que os asistentes asinarán se están conformes con todo o acordado na sesión.

PROCEDEMENTOS

A. Chame a atención dos seus alumnos sobre o título da actividade e pregúntelles que entenden por el, por que e para que se di que conste algo en acta. Se entre as respostas non aparece o esperado, acláreo e, a continuación, fágalles as dúas primeiras preguntas do enunciado. Asegúrese de que entre as respostas mencionen algo parecido á información indicada en "Observacións previas". Logo, xúnteos en grupos de tres e dígalles que deben apuntar nunha folla como farían a acta dunha reunión ou xuntanza na que participaron ou que tivesen que participar: os contidos que incluirían nela, que tipo de estruturas e vocabulario empregarían, como a comezarían, desenvolverían e rematarían.

Déixelles uns minutos para facelo e logo faga unha posta en común, apuntando no encerado as principais características que indicou a maioría dos alumnos. Non borre o contido do encerado para aproveitalo na actividade seguinte.

B. Dígalles que agora van ler, de forma individual, o modelo de acta que se ofrece no libro. A continuación, pregúntelles que características das que rexistraron anteriormente no encerado atoparon tamén no texto da acta que leron. Como aínda están no encerado, aproveite para facer unha comprobación en conxunto. Logo, pregúntelles se na acta hai outros elementos, á parte dos que mencionaron, que lles parecen característicos deste tipo de documento. Mantendo os mesmos grupos da actividade anterior, pídalles que subliñen estes elementos e, despois duns intres, faga unha posta en común, volvendo apuntar os elementos no encerado.

Solución

Introdución/Contextualización: *data, hora, lugar, enderezo, identificación dos que se reúnen etc.*

Vocabulario/Expresións: *segundo o previsto, membros, orde do día, lectura e aprobación da acta da reunión anterior, por unanimidade, por maioría, someter á consideración, foron deliberados, asinan os asistentes, levántase a sesión.*

Estruturas: *predominio da oración de participio e de verbos en terceira persoa (para chamar a atención sobre a realización dos feitos en si e marcar a impersonalidade ou a colectividade das posturas tomadas): estudadas as ofertas, oídos os argumentos, lidos os acordos; acordouse, desestimouse, decidiuse, aprobouse, propúxose, nomeouse, levántase.*

Outros elementos (fórmulas): *estrutura da acta: introdución (parágrafo "tipo", desenvolvemento, ou "corpo" (distribución dos elementos ordenados ou enumerados), e remate (parágrafo "tipo"); selo e sinaturas do presidente e do secretario.*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 110, exercicio 5.

4. NEGOCIAMOS?

Escoitar unha conversa entre traballadores. Observar os recursos empregados para tomar a quenda de palabra.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes se están familiarizados cos tipos de horarios e xornadas laborais que hai: horario partido (cunha pausa longa para comer), horario intensivo (trabállase de xeito continuado), horario flexible (con liberdade para elixir o horario), media xornada (trabállase a metade do tempo estipulado no convenio laboral)… Pregúntelles que tipo de horario prefiren e por que.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que van escoitar uns traballadores dunha empresa que discuten sobre unha proposta para cambiar o tipo de horario laboral. Actualmente teñen un horario partido, pero contemplan a posibilidade de traballaren cun horario flexible. Se non se mencionou antes, pregúntelles se saben en que consisten os dous tipos de horarios e faga as aclaracións que sexan necesarias.

Dígalles que van escoitar unha vez a gravación e que teñen que decidir cal é a postura da maioría e que vantaxes e inconvenientes atopan en cada alternativa. Poña a audición unha vez e despois pídalles que comparen o que escribiron co que escribiu un compañeiro, facendo fincapé nos argumentos.

Se o considera necesario, propóñalles unha segunda escoita para que terminen de completar a tarefa. Logo faga unha posta en común que servirá de corrección.

Solución

Entre as interpretacións que se poden extraer da conversa, estas dúas parecen ser as maioritarias:

1. *A maioría está de acordo coa proposta do horario flexible, sempre que coincidan todos os traballadores durante unhas horas.*
2. *Inicialmente parece que a maioría está de acordo coa proposta do horario flexible, pero, ao final, algúns non o ven claro, xa que cren que varios empregados van aproveitarse da situación.*

Vantaxes: trabállase a mesma cantidade de horas, pero cada un pode organizarse do seu xeito, segundo as súas necesidades, e sacarlle un maior rendemento ao seu tempo.

Inconvenientes: que non coincidan os traballadores, que algúns non fagan as horas que deben facer, que a falta de control impida unha boa organización no traballo.

B. A continuación, dígalles aos seus alumnos que van escoitar outra vez a conversa e que esta vez deberán detectar os recursos que usan os interlocutores para interviren nela.

Se lle parece conveniente, proporciónelles fotocopias da transcrición da conversa que atopará na ***ficha 4,*** con espazos brancos no lugar dos marcadores e organizadores, e pídalles que a lean. Pregúntelles se poden seguir a conversa; é de esperar que non teñan dificultades para comprenderen as opinións e posturas que vaian xurdindo.

Despois, anuncie que escoitarán a conversa e que deberán tomar nota do que falta na transcrición. Tras a audición, permítalles que comparen en parellas o que escribiron e, logo, leve a cabo unha corrección entre todos, de xeito que queden claras todas as palabras que faltaban.

Invíteos, por último, a reflexionaren sobre o sentido que poden ter na conversa as diferentes expresións que anotaron na folla e que intenten explicalo coas propias palabras. Pídalles, por exemplo, que digan se serven para expresar acordo, desacordo ou dúbida, para matizar, para facer unha proposta… Pode indicarlles, ademais, que todas serven para cohesionar a discusión: teñen en conta o dito polo interlocutor e posiciónannos con respecto a iso.

Antes de seguir adiante, remita os seus alumnos á sección CONSULTAR, nas páxinas 26 e 27.

E DESPOIS

Pode propoñerlles unha actividade na que deberán argumentar a favor ou en contra dunha serie de propostas de ámbito social. En primeiro lugar, por parellas, van elixir unha das propostas da folla que vostede lles reparta (pode fotocopiar o cadro da ***ficha 5***) e decidirán cal dos dous membros vai soster os argumentos a favor e cal en contra. En segundo lugar, individualmente, terán uns minutos para elaboraren un mínimo de cinco argumentos.
Por fin, comezarán a defensa da súa postura, tendo en conta que cada un deberá falar unha vez e que terán que empregar algunha das expresións vistas ao longo da unidade 2. Se non poden rebater o argumento dalgún compañeiro con algún dos que tiñan pensados, terán que ser quen de improvisar. No caso de que non se lles ocorra ningún argumento, pode darlles estas ideas para cada situación.

1. A favor: **é bo que unha localidade teña un xornal propio no que a xente poida atopar anuncios de traballo e noticias que sexan do seu interese e utilidade.**

   En contra: **se o xornal precisa dunha subvención do concello, non vai ser tan alternativo como se pretende; vai estar atado aos intereses do partido gobernante.**

2. A favor: **hai moita xente que quere un tipo de vida así e van situar o proxecto lonxe de calquera vila para non perturbar a súa estética.**

   En contra: **no campo ou na zona rural este tipo de construción pode ocasionar alteracións importantes na vida dos moradores e tamén hai que considerar o choque estético que representa este complexo ante as vivendas locais.**

3. A favor: **é necesario estar ben comunicado, sobre todo para que chegue máis turismo, que pode ser unha fonte de renda para a xente que vive na vila.**

   En contra: **se se realizan esas obras, a vila vai perder o seu encanto. As comunicacións foron suficientes para os seus habitantes ata agora e iso non ten por que cambiar.**

Un exemplo da actividade oral podería ser:

–Eu creo que é unha boa idea porque nunha vila é moi necesario un xornal no que se poidan atopar empregos e noticias locais, non? Que che parece?

–Si, iso si, pero, se necesitan unha subvención do concello, é posible que non sexa tan alternativo, que haxa presións para divulgar determinados tipos de información e outros non.
– Pois eu non o vexo coma ti…

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 109, exercicio 3.

5. ISO QUE DIS…

Reaccionar mostrando acordo ou desacordo.

ANTES DE COMEZAR

Léalles aos estudantes o título da actividade e pídalles que dean algún exemplo de uso desa expresión. Pídalles que digan outras expresións que coñezan para mostrar acordo ou desacordo. Deseguida, pregúntelles se lembran para que serve a palabra **iso** nese contexto, que xa viron na actividade 4. Despois de que se diga que se refire a algo que se mencionou antes, pídalles que se fixen nas expresións do cadro que levan tamén esta palabra e nas que dixeron eles, e que identifiquen as que mostran acordo e as que mostran desacordo. Deixe que o discutan en parellas e logo faga unha posta en común.

PROCEDEMENTOS

Explíquelles aos seus alumnos que deben seguir traballando coa mesma parella. Por quendas, cada un debe ler unha das opinións que aparecen na actividade,

que tratan diversos temas. Logo, ambos deberán reaccionar empregando unha das fórmulas vistas e engadir a súa opinión e argumentación. Asegúrese de que utilicen as fórmulas adecuadas ao contexto.

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 110, exercicio 6.

6. CON CONDICIÓNS

Ler unha serie de condicións e observar as estruturas que aparecen. Unir oracións empregando conectores condicionais.

ANTES DE COMEZAR
Asegúrese de que os seus alumnos saiban o que significa **convenio** neste contexto (acordo vinculante entre os empresarios e os representantes dos traballadores dun determinado sector ou empresa que regula as condicións laborais).

Pregúntelles: **Que condicións de traballo non aceptariades nunca?** Espere respostas como, por exemplo**: non aceptaría traballar horas extras fóra do meu horario e non cobralas ou non aceptaría un posto de traballo con moitas responsabilidades para gañar un salario que non se axusta ao pactado.** Pregúntelles tamén: **Cales credes que son as condicións mínimas que debe ofrecer unha empresa?** Ao que probablemente obterá respostas como: **unhas boas infraestruturas, un tratamento agradable e respectuoso, un salario competitivo** etc.

PROCEDEMENTOS
A. Explíquelles aos seus alumnos que unha empresa está realizando modificacións importantes na súa estrutura, polo que se van renegociar as condicións laborais. Móstrelles a foto das persoas na sala de reunións e coméntelles que, tras unha longa negociación entre os traballadores e a empresa, o comité elaborou unha lista de condicións. Pídalles que a lean e que escollan a condición que lles parece máis importante. Despois de comentalo entre todos, pídalles que se fixen na segunda, terceira, cuarta e quinta frases. Explíquelles que hai un conector simple e outros complexos. Teñen que decidir cal é o simple (**só se**) e cales son complexos (**a condición de que, a non ser que, só no caso de que**), e con que modo e tempo verbal vai cada un deles. Indíquelles que o fagan individualmente e que o comenten cun compañeiro antes de poñelo en común na clase. Aclárelles que o tempo verbal da oración condicional está relacionado co tempo verbal da oración principal, de xeito que os conectores poden admitir outros tempos e os exemplos que se presentan aquí non son fixos.

Solución
só se: *presente de indicativo*
a condición de que/a non ser que: *presente de subxuntivo*
só no caso de que: *imperfecto de subxuntivo*

A continuación, pídalles que se fixen na primeira e na última frase e pregúntelles que teñen de particular os conectores que introducen as oracións condicionais. Se non contestan correctamente, dígalles que son, respectivamente, a preposición **de** e a locución prepositiva **caso de**, os cales, neste caso, adquiren valor condicional. Chámelles a atención sobre o modo verbal que acompaña estes conectores: o infinitivo conxugado. É mellor non entrar en moito detalle agora, xa que se fará unha reflexión máis profunda na epígrafe B.

Pídalles que observen a correlación verbal entre as oracións condicionais e as principais. Aproveite este momento para comentarlles que tanto na fala como na escrita a disposición destas oracións pode variar, é dicir, pode aparecer primeiro a principal (a que vai sen conector) ou a condicional (a que o leva); pero explíquelles que no caso das construcións con infinitivo conxugado a orde máis recomendada é a que figura nos exemplos. Logo, pregúntelles cales son as construcións que indican máis probabilidade de que se cumpra a acción expresada na oración principal e cales indican menos. Pode facer unha sistematización do emprego das condicionais no encerado, do seguinte xeito.

Primeira condicional (indica maior probabilidade)
Futuro + conector simple + presente de indicativo (probabilidade alta) Futuro + conector complexo + presente de subxuntivo (probabilidade media) Futuro + de/caso de + infinitivo conxugado (probabilidade media)

Segunda condicional (indica menor probabilidade)
Pospretérito + conector simple/complexo + imperfecto de subxuntivo (probabilidade baixa)

B. Pídalles aos seus alumnos que volvan á lista das condicións da epígrafe A e que se fixen nas formas verbais subliñadas. Como xa lles dixo anteriormente que eran formas do infinitivo conxugado, aproveite para comentarlles que, malia non ter un emprego obrigatorio, se trata dunha forma verbal moi característica da lingua galega.

A continuación, dígalles que, en parellas, deben discutir por que e cando se emprega o infinitivo conxugado. Se son moitos alumnos na clase, pódeos separar en grupos de tres. Convídeos a consultaren a epígrafe “O infinitivo conxugado”, na páxina 26 e logo faga unha posta en común, apuntando os casos de emprego recomendado

no encerado. Deseguida, anímeos a construíren, entre os dous, unha frase para cada un dos casos. Déalles uns minutos e dígalles que cada parella vai ler as súas frases en orde aleatoria e os demais compañeiros deberán dicir por que se xustifica o emprego do infinitivo flexionado e en cal dos casos que acaban de ver encaixan. Esclareza as dúbidas que poidan xurdir e asegúrese de que todas as frases que construíron queden claras e correctas para todos os alumnos.

C. Agora, explíquelles que van volver traballar coas estruturas que expresan condicións. Dígalles que, individualmente, deben engadir en cada frase o conector condicional máis axeitado e, logo, contrastalo co que puxo o seu compañeiro. Indíquelles que poden consultar a epígrafe “Poñer condicións para negociar”, na páxina 26, e coméntelles que, nalgúns casos, valen varias alternativas. A continuación, faga unha posta en común.

Solución

–*Fariamos gardas de noite* ***se/en caso de que/sempre que/a condición de que/con tal de que/sempre e cando*** *nos pagasen un suplemento.*
–*Faremos gardas de noite* ***de/caso de*** *nos pagaren un suplemento.*
–*Faremos gardas de noite* ***(só) se*** *nos pagan un suplemento.*
–*Faremos gardas de noite* ***(só) no caso de que/sempre que/a condición de que/sempre e cando/con tal de que*** *nos paguen un suplemento.*
–*Non faremos gardas de noite* ***a non ser que*** *nos pagasen un suplemento.*
–*Asistiremos ao congreso* ***(só) no caso de que/sempre que/a condición de que/sempre e cando/con tal de que*** *nos cubran todos os gastos.*
–*Asistiriamos ao congreso* ***se/en caso de que/sempre que/a condición de que/con tal de que/sempre e cando*** *nos cubrisen todos os gastos.*
–*Non asistiremos ao congreso* ***no caso de que*** *non nos cubran todos os gastos.*
–*Asistiremos ao congreso* ***de/caso de*** *nos cubriren todos os gastos.*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 108, exercicio 1.
Páxina 109, exercicio 4.

practicar e comunicar

7. DEFENDER OPINIÓNS

Reaccionar e opinar ante varias afirmacións.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Pode realizar esta actividade co material que lle proporcionamos na ***ficha 6***. Son tarxetas que se poden fotocopiar, recortar e repartir entre os grupos que se formen de tres ou catro alumnos.

ANTES DE COMEZAR

Dígalles aos seus alumnos que van ler unha serie de opinións relacionadas con diferentes temas. Pídalles que, antes de ler os textos, observen as fotografías e formulen hipóteses sobre os temas que se van tratar. A continuación, pode sacar os temas novos que aparecen nas tarxetas. Anímeos a que pensen nun que os motive e que escriban, nunha tarxeta en branco, unha afirmación contundente respecto del, por exemplo: **todas as xornadas laborais deberían ser de seis horas como máximo; deberían prohibir a telelixo, como os programas que se fan baseados na vida privada das persoas; deberíase prohibir o uso do coche nas cidades** etc.

PROCEDEMENTOS

Explíquelles aos estudantes que van traballar en grupos de tres ou catro. Por quendas, cada alumno do grupo vai expresar unha das opinións que aparecen nas tarxetas e os demais teñen que reaccionar mostrando acordo ou desacordo. Dígalles que hai dúas condicións: non vale repetir o mesmo tipo de resposta e, ademais, teñen que engadir unha argumentación. Poña un exemplo ou remítaos ao que aparece na actividade. Cando terminen coas tarxetas que lles deu vostede, poden facer o mesmo coa tarxeta que escribiu cada un deles.

8. SÓ SE ANDAS AO XEITO

Deixarlles obxectos aos compañeiros poñendo condicións.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Pódelles comentar aos estudantes que as condicións neste tipo de contexto tamén poden introducirse con **pero**, **mais** ou **porén**, sen que sexa necesaria a presenza de partículas ou conectores condicionais. Poña o seguinte exemplo:

–*Déixasme a túa chaqueta azul para o xoves? É que vou a unha cea da empresa e non teño nada moi elegante*

–*Vale, pero lévaa a lavandaría antes de devolverma, si? (= coa condición de que ma leves á lavandaría antes de devolverma)*

–*Si, claro; non hai ningún problema.*

PROCEDEMENTOS

Propóñalles aos seus alumnos que escollan dúas cousas ás que lles teñan un aprecio especial. Pode poñer un exemplo seu, se o considera pertinente. Cando xa as teñan, vostede pode apuntalas no encerado ou eles mesmos poden facer un debuxo de cada obxecto nun papel e colocalo nun lugar visible da clase. A continuación, cada estudante debe escoller un obxecto e pedirllo ao seu propietario. Este vaillo deixar, pero

debe poñerlle condicións (poden ser condicións fáciles ou difíciles de cumprir). Animeos a xustificaren as súas peticións, empregando a expresión **é que**, por exemplo.

9. FEÍSMO

Ler un texto sobre o "feísmo urbano", reflexionar sobre este concepto e falar dos posibles lugares nos que pode ocorrer. Propoñer accións para frealo e elaborar un decálogo contra el.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Feísmo é un termo informal e impreciso empregado para definir o conxunto de edificacións que degradan dalgún xeito o seu contorno. Xurdiu inicialmente para caracterizar algúns aspectos do urbanismo e da arquitectura presentes nalgunhas obras construídas en Galicia, tanto no medio urbano como no rural. Na actualidade atópanse mostras deste fenómeno en todo o mundo.

PROCEDEMENTOS
A. Centre a atención dos seus alumnos no título da actividade e pregúntelles que entenden por feísmo. Se entre as respostas non mencionan o que se indica en "Observacións previas", acláreo, de xeito que todos entendan a mesma definición. Deseguida, pregúntelles se poden dar algún exemplo concreto do feísmo. É posible que non poidan identificar un edificio ou construción polo seu nome, pero probablemente poderán caracterizalo dalgún xeito e explicar por que pode ser considerado feísmo. Ao mellor pode axudarlles comentándolles algunhas das súas manifestacións como, por exemplo, **mestura desordenada de estilos arquitectónicos e de materiais de construción, ausencia de acabados exteriores, edificacións sen rematar ou cuxa construción se prolonga durante moitos anos** etc. Logo, fágalles a última pregunta da epígrafe e asegúrese de que entre as respostas saia información parecida a: **aínda que se trata dun fenómeno orixinalmente galego, na actualidade atópanse mostras de feísmo en todo o mundo**.

B. Dígalles aos seus alumnos que se fixen no título do texto e pregúntelles como se relaciona coa fotografía.

Logo, pídalles que lean o texto individualmente e concédalles algúns minutos. Despois, sepáreos en parellas e dígalles que deben comentar os aspectos máis relevantes do texto. A continuación, faga unha posta en común.

C. Continuando coas mesmas parellas, dígalles que deben suxerir catro medidas para evitar que o feísmo se expanda. Para iso, poderá dicirlles que pensen primeiramente nas posibles causas deste fenómeno, como poden ser **a alta taxa de dispersión demográfica, a flexibilidade nas leis urbanísticas, os ciclos migratorios, a falta de interese pola arquitectura tradicional** etc., para, a partir delas, elaboraren as súas suxestións. Indíquelles que tamén poden atopar algunha información adicional nos textos da actividade 2, na páxina 23. Déalles algúns minutos e, logo, cada parella deberá presentarlles as súas medidas aos demais compañeiros.

D. Indíquelles que, entre todos, van seleccionar as dez mellores ideas das medidas que formularon co fin de redactar un decálogo contra o feísmo. Suxira que o fagan empregando a mesma estrutura gramatical: imperativo, infinitivo ou que + presente de subxuntivo. Pode escribir vostede a primeira norma no encerado, pondo, por exemplo, **Que as leis urbanísticas sexan máis precisas!** ou **Que se prohiba a construción de edificios de vivendas na zona rural!** Aproveite para animalos a escribiren no encerado e pídalles que polo menos un representante de cada parella escriba unha norma. Logo, escolleranse as dez mellores normas e, entre todos, deberán poñerlle un título ao seu decálogo.

10. VILARIZ: UNHA VILA DE CULTURA E TRADICIÓN

Ler un texto informativo sobre unha vila ficticia. Escoitar unha nova e tomar notas da información máis relevante.

ANTES DE COMEZAR
Móstrelles aos seus alumnos a foto e explíquelles que se trata de Vilariz, unha vila ficticia galega. Dígalles que intenten facer unha descrición da vila, a partir da foto disposta na actividade. Logo, remítaos ao texto e aclárelles que todos os datos son imaxinarios.

PROCEDEMENTOS
A. Anime os estudantes a leren o texto e a comentaren se Vilariz lles recorda algunha outra vila que coñecen. Logo, pídalles que comparen a vila ficticia co lugar no que viven e pregúntelles que cousas teñen en común. Axúdelles indicando aspectos como o tipo de construcións, a comodidade e os servizos que imaxinan que poida ofrecer, a situación xeográfica, a natureza etc.

B. Agora explíquelles que van escoitar unha nova da radio local sobre unha proposta de construción dun complexo hostaleiro na vila. Infórmeos de que terán que contestar unha serie de preguntas.

Solución
Que? *Unha asemblea veciñal.*
Cando? *O vindeiro mércores, ás 21 h.*
Quen? *Todos os veciños.*
Cales son os grupos máis enfrontados? *Os grupos enfrontados son:*

A) A empresa construtora que está a favor da construción, xa que considera que é un bo xeito de activar un turismo de nivel medio alto na zona, que, pola súa vez, abrirá moitos postos de traballo e deixará moitos ingresos na vila.

B) A Asociación Amigos do Castelo que está en contra, porque cre que a construción vai danar o patrimonio histórico, en beneficio da construtora e dos propietarios das instalacións deportivas e do hotel.

Deixe que escoiten a audición unha vez e que comparen as súas respostas coas dun compañeiro. Deseguida, repítaa antes de poñer en común os resultados.

11. A ASEMBLEA

Realizar unha asemblea popular e levantar unha acta.

ANTES DE COMEZAR
Informe os seus estudantes de cal é o obxectivo desta actividade: realizar unha asemblea e escribir unha acta. Para isto, asegúrese de que saben o que significa **acta**, recordándolles a que viron na actividade 3 e mostrándolles o modelo que se lle facilita na páxina seguinte e que logo deberán completar. Dígalles que na epígrafe **orde do día** debe figurar unha descrición do funcionamento do debate sobre o tema, unha descrición dos acordos aos que se chegou e o resultado da votación.

PROCEDEMENTOS
A. Para comezar preséntelles a lista das diferentes persoas que viven na vila e que asistiron á asemblea. Móstrelles o debuxo da asemblea e da persoa que a dirixe. Remítaos ao papel que esta persoa ten nas mans e explíquelles que se trata dun folleto informativo, repartido ao comezo da asemblea, que os estudantes poden ler no recadro. Nese recadro resúmese a historia do espazo que sería destruído para permitir a construción do complexo hostaleiro, en caso de que o decidan na asemblea.

Dígalles que teñen que traballar en parellas estas cuestións: **Quen cren que se posicionará a favor e quen en contra? Quen dubidará? Por que?** Lémbrelles que deben ter en conta o folleto e a profesión de cada personaxe. Logo, faga unha posta en común para recoller os resultados.

B. Agora, pídalle a cada estudante que escolla un dos personaxes, ata que todos queden asignados. Se na súa clase hai menos estudantes ca personaxes, pídalles que cada un elixa o mesmo número dos que están a favor e dos que están en contra. Se hai máis estudantes ca personaxes, poden repetir as características dalgún personaxe, cambiándolle o nome. Cando se decidan, pídalles que se agrupen os que están a favor, os que están en contra e os indecisos. Cada grupo preparará argumentos para defender a súa postura.

C. A continuación, indíquelles que van realizar a asemblea. Para iso, pode dispoñer as cadeiras en círculo. Dígalles que deberán votar estas preguntas: **Construirase un novo complexo hostaleiro en Vilariz? En caso de aceptalo, que recomendacións faredes?**

D. Finalmente, pídalles que, en grupos, escriban a acta da asemblea, para logo redactar unha conxuntamente empregando os fragmentos que máis lles guste de cada unha delas. Entréguelles unha fotocopia do modelo de acta que lle facilitamos na ***ficha 7***, para que a completen. Para rematar, cada grupo le a súa acta e entre todos deben elaborar unha que teña fragmentos de todas elas e coa que estean todos de acordo. Logo poden asinala e colgala na aula.

cultura

12. PATRIMONIO HISTÓRICO

Ler un texto informativo sobre a situación da zona antiga de diversas vilas galegas. Opinar respecto das características que debe ter unha zona histórica e suxerir accións que melloren o estado da zona vella dunha das vilas presentadas.

ANTES DE COMEZAR
Pídalles aos seus alumnos que comenten entre todos cales son os dous tipos de zonas nas que xeralmente se divide unha vila ou unha cidade. Se non sae como resposta “zona nova e zona vella”, contésteo vostede mesmo. Pídalles que se fixen no título da actividade e pregúntelles que asociacións poden facer entre patrimonio histórico e zona vella. Dígalles que a zona vella, tamén denominada zona antiga ou zona histórica, é o núcleo dunha poboación formado polo conxunto de edificios e rúas máis antigas. Caracterízase principalmente por ter o trazado das rúas irregular e en moitas delas atópanse restos romanos e edificios medievais. A continuación, dígalles que observen as fotos das diversas vilas e pregúntelles cal é a que lles parece máis atractiva e por que.

PROCEDEMENTOS
A. Primeiramente, dígalles aos seus alumnos que van ler individualmente a información referente a cada unha das vilas. Déalles uns minutos e, logo, agrúpeos en tríos, para que comenten se coñecen algunha das vilas presentadas e o estado da súa zona histórica. Se non coñecen ningunha, poden elixir unha que lles gustaría coñecer e describir a súa zona histórica a partir da foto que teñen.

B. A continuación, pídalles que, seguindo co mesmo grupo, escriban as catro características máis importantes que consideran que debe ter unha zona histórica ideal. Logo, cada grupo vai falar das características que apuntou e, entre todos, pódelles propoñer que escriban no encerado unha listaxe cos aspectos máis votados.

C. Agora, dígalles que a partir de todo o que levan traballado sobre o tema, cada grupo debe escoller unha das vilas do texto e propor algunha idea para mellorar a situación da súa zona histórica. Cando remataren, un voceiro de cada grupo deberá lerlles a súa proposta aos demais compañeiros. Se o considera pertinente, poden facer unha especie de concurso no que todos voten para elixir a mellor proposta.

13. O MISTERIO DAS GRANDES CONSTRUCIÓNS

Ler un fragmento de *Trece badaladas*, de Suso de Toro, e buscar os trazos que identifican a Catedral de Santiago de Compostela. Ler o argumento da mesma novela e intentar descubrir en que parte del se encaixa o fragmento que leron anteriormente.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Se dispón dun exemplar do libro que aquí se presenta, léveo á clase para mostrárllelo aos seus alumnos. Asemade, sería interesante que levase fotos ou postais da Catedral de Santiago para que as puidesen manexar e intentar descubrir visualmente os elementos que se describen no fragmento.

ANTES DE COMEZAR
Pode mostrarlles aos seus alumnos a portada do libro que aparece e preguntarlles se saben quen é Suso de Toro e se coñecen algún traballo del. O obxectivo é que se indique algunha información sobre o escritor. Se non son quen de dicir nada, infórmeos de que se trata dun coñecido escritor galego e resúmalles a información biográfica que aparece na parte superior dereita. Pregúntelles tamén que relacións se poden facer entre o título da actividade e o libro de Suso de Toro. Se é necesario, complete as súas respostas coas palabras iniciais da epígrafe A, engadindo que a expresión *trece badaladas* se emprega tamén como referencia a unha lenda relacionada con antigos mitos pagáns e sacrificios humanos.

PROCEDEMENTOS
A. Pregúntelles aos seus alumnos se adoitan visitar as igrexas ou catedrais das cidades que coñecen cando viaxan e por que motivos o fan. Se lle parece conveniente, pode dicirlles que hai xente que as visita porque alguén llo recomenda, outros porque son moi relixiosos, e algúns por curiosidade ou interese turístico, por tratarse de construcións monumentais ou de moita sona. Deixe que falen un pouco e, logo, pregúntelles se poden lembrar as sensacións que tiveron durante unha visita a unha catedral. Recórdelles que non ten por que ser un lugar famoso ou moi coñecido, senón que simplemente importan os sentimentos que lles espertou esa experiencia. Dígalles que o pensen individualmente e decidan a mellor maneira de explicarlles aos compañeiros esas sensacións. A continuación, pídalles que o comenten en grupos de tres ou en parellas, para ver se comparten cos compañeiros sensacións semellantes, aínda que ocorresen en lugares distintos.

B. Pregúntelles que lles suxire *Trece badaladas* polo título e pola imaxe da portada. Despois, dígalles que van ler un fragmento da novela e deberán facelo individualmente. Asemade, intentarán identificar os elementos da Catedral de Santiago que se mencionan no texto. Logo, coa mesma parella ou grupo, deixe que comenten as súas respostas e contrasten os elementos atopados. Para rematar, pode facer unha posta en común na clase.

C. Para rematar, dígalles que van ler o argumento da novela e decidir en que parte del se encontra o fragmento que acaban de ler. Realizarán a lectura individualmente e logo discutirano cos compañeiros do grupo. Ao final, faga unha posta en común e conclúa preguntándolles se a novela lles parece interesante e se lles gustaría lela.

E DESPOIS
Propóñalles aos seus alumnos que vexan o filme inspirado no libro, dirixido por Xavier Villaverde, en 2002. Foi gañador do Premio Mestre Mateo nas categorías de mellor longametraxe e mellor actor.



UNIDADE 3

Valorarase a experiencia

Móstrelles a foto da páxina 33 aos seus alumnos e pregúntelles onde cren que está a persoa e que está a facer. Acepte todas as respostas xustificadas, aínda que probablemente algúns xa farán referencia ao ámbito laboral (está buscando nun xornal os anuncios de traballo). Mostre interese pola experiencia dos seus alumnos neste tipo de situación.

Despois de recoller as súas suxestións, remítaos ao título da unidade e pregúntelles que significa e onde se pode atopar esta expresión (nun anuncio de traballo).

Finalmente, preséntelles os obxectivos da unidade e a tarefa final: establecer as condicións dunha convocatoria.

comprender

1. ARTE CONTEMPORÁNEA

Ler un texto sobre a inauguración dun museo. Escoitar unha conversa entre dúas persoas sobre a nova e expresar a propia opinión sobre os temas que abordan.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Se lle parece conveniente, pode levar á clase un mapa da cidade de Vigo, para que os seus alumnos sitúen onde se encontra o MARCO.

ANTES DE COMEZAR
Móstrelles aos seus alumnos o texto que van ler e a foto do MARCO. Pregúntelles se lles gusta o edificio e se coñecen algún outro museo que sexa especialmente orixinal na súa construción (como o CGAC, por exemplo).

Así mesmo, pode preguntarlles se lles gusta a arte, se adoitan visitar museos ou que tipo de museo de arte lles gusta máis.

PROCEDEMENTOS
A. Indíquelles que o texto é unha noticia que fala da inauguración do museo. Se lle parece conveniente, pódelles facer as seguintes preguntas para que busquen no texto certas informacións:

1. **Que peculiaridades presenta o edificio?**
2. **Cales son as accións máis destacables do seu proxecto cara á sociedade?**
3. **Que son *Cardinales*?**

Déalles uns minutos para que lean e, logo, realice unha posta en común.

Solución
1. *É unha obra de arte en si mesmo. Foi construído arredor de 1880, e xa foi sede dos antigos xulgados e do cárcere municipal. Coa súa remodelación, pódese ver dende un único punto toda a súa estrutura interior.*

2. *Fomentar e divulgar a arte contemporánea; establecer liñas de investigación e recuperación de movementos históricos; crear unha dinámica e unha programación que invite os cidadáns a iren ao museo como algo habitual, ao que se engade unha política de prezos reducidos e algúns programas específicos de pedagoxía museística.*

3. *Unha das mostras que abren o museo.*

B. A continuación, explíquelles aos estudantes que van escoitar os comentarios sobre a nova de dúas persoas que viven en Vigo. Indíquelles que deben marcar no mesmo texto os aspectos dos que falan e, por outra banda, a opinión que teñen os interlocutores respecto do tema que tratan.

Póñalles o audio unha vez e, antes de repetilo, deixe que comparen as súas respostas.

Solución
Temas dos que falan:
1. *O diñeiro investido na construción do museo.*
2. *O deseño arquitectónico do edificio.*
3. *Se á xente lle gusta a arte moderna.*

Opinións
O rapaz opina que é demasiado diñeiro para un museo e que o diñeiro podería investirse noutras cousas máis útiles como transportes públicos, parques ou máis bibliotecas. O edifico parécelle feísimo e non lle gusta porque fora un cárcere. Amais, cre que a arte moderna non lle gusta á xente porque non se entende.

A rapaza pensa que o diñeiro está ben investido, posto que o museo vai atraer máis turismo á cidade e logo haberá máis diñeiro para construír as cousas que menciona o rapaz. Gústalle a mestura da arquitectura antiga coa moderna e parécelle ben que se recuperen edificios antigos na cidade. Cre que á xente si lle gusta a arte porque os museos cada vez reciben máis visitas e que os humanos precisamos da arte porque somos creativos.

C. Pídalles agora que, en grupos, opinen sobre os temas da conversa que acaban de escoitar. Indíquelles que deben argumentar as súas opinións e que poden facer referencia aos seus propios países ou localidades. Se lle parece conveniente, pode facer unha posta en común das diversas opinións.

2. UNHA EXPOSICIÓN

Ler unha entrevista a un comisario dunha exposición e resumir os diferentes temas que se tratan nela.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos se saben que significa a palabra **comisario/a**. Se as súas respostas non fan referencia ao seu uso en relación co mundo da arte, introdúzao vostede. A continuación, pregúntelles cal cren que é a función dun comisario nunha exposición. Deixe que fagan hipóteses, pero non lles dea a solución, xa que van obtela a partir da lectura.

PROCEDEMENTOS
A. Explíquelles que van ler unha entrevista realizada a Iñaki Martínez Antelo, director do MARCO e comisario dunha exposición, e que terán que definir cal é a súa función na organización da exposición.

Unha vez que rematen a lectura, pídalles que respondan a pregunta: **Cal é a función dun comisario de exposicións?** Deixe que comparen as súas respostas en parellas e comprobe se son correctas. Finalmente, pregúntelles se as súas respostas coinciden co que dixeron antes de ler a entrevista e se descubriron no texto outras funcións asociadas a esta profesión.

Solución
A función dun comisario é a de buscar os artistas axeitados para participaren nunha exposición, segundo o requirimento dos seus organizadores. Unha vez seleccionados os artistas idóneos, de acordo co criterio establecido, trata de buscar a forma de que a obra apareza coa maior coherencia para ser comprendida polo espectador. Iso realízase en colaboración co artista ou, no caso de que este xa morrese, contando coa opinión daqueles que o coñecían ben, así como a súa obra.

B. A continuación, pregúntelles aos seus alumnos se lles gusta a arte contemporánea e por que. Indíquelles que na entrevista se comentan varias cuestións máis ou menos polémicas relacionadas coa arte. Deben localizalas no texto e resumir o que se di ao respecto.

Solución
– **Os temas e as preocupacións dos que tratan da arte:** *O que está a acontecer aquí e agora; a inmediatez, tanto espacial como temporal.*
– **En que se debe centrar a arte contemporánea:** *No que acontece na creación do seu tempo e do seu contexto; en investigar e mostrar o que está a suceder.*
– **Como deben ser os museos:** *Un espazo que favorece o encontro e o intercambio. Debe, ademais, encher certos baleiros na percepción, no coñecemento ou na difusión da obra de artistas emerxentes.*
– **Os formatos e os materiais utilizados para facer obras de arte:** *Graffitis, intervencións urbanas, vídeo, escultura, instalacións plásticas e sonoras, pintura.*

explorar e reflectir

3. CANDIDATOS

Ler unha convocatoria de emprego dunha empresa galega. Identificar as formas do futuro de subxuntivo. Analizar o currículo de dous candidatos e decidir cal pasa a selección. Ler un informe, identificar e analizar a súa estrutura.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos que significa **convocatoria** e pídalles que dean algúns exemplos do contido que pode ter unha (requisitos, bases, documentación que hai que achegar…). Isto vaille servir para ver se comparten o mesmo concepto e sondar que linguaxe empregan para dar os exemplos.

A continuación, pode preguntarlles que tipos de convocatoria coñecen (de emprego, concursos etc.) e, respecto das convocatorias de emprego, de que distintas formas poden aparecer: publicadas internamente por unha empresa, só para os seus empregados; de carácter público, para cubrir postos na Administración; aparecidas en xornais ou noutros medios, abertas a todo o mundo etc.

Se o considera pertinente, pode relacionar esta actividade coa anterior e preguntarlles que condicións cren que figuran nunha convocatoria para un posto de comisario ou comisaria. Poden comentalo de forma xeral na clase. Se lle interesa explotalo máis, poderían facer unha lista dos requisitos en parellas e gardala para, despois de traballar as actividades 3 e 4, retomala e corrixila unha vez vistos estes contidos.

PROCEDEMENTOS
A. Dígalles que unha empresa galega de telecomunicacións realizou un programa para levar a cabo un intercambio cunha empresa uruguaia. Deixe que eles expliquen en que consiste un intercambio ou a que adoita referirse esta palabra no contexto do mundo laboral.

A continuación, móstrelles os puntos da convocatoria e pídalles que os lean individualmente. Despois, coméntelles que os verbos subliñados están en futuro de subxuntivo, unha forma verbal moi propia do galego. Coméntelles os contextos e situacións nos que é máis frecuente o seu emprego e explíquelles como é a súa conxugación. Deseguida, dígalles que, en parellas, deben volver fixarse nos fragmentos da convocatoria nos que aparecen esas formas e facer unha frase na cal empreguen o futuro de subxuntivo en contextos similares. Se lle parece pertinente, remítaos á epígrafe “Futuro de subxuntivo” da sección CONSULTAR, na páxina 38.

Déalles uns minutos e pídalle a cada parella que lles lea a súa frase aos demais compañeiros. Faga as correccións necesarias en cada caso, comprobando que todos os alumnos entendan con claridade os contextos e construcións que piden ou permiten o emprego do futuro de subxuntivo.

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 110, exercicios 1 e 2.

B. Asegúrese de que todos os alumnos entenden claramente o que son requisitos (condicións indispensables) e o que son características que lles poden dar preferencia aos candidatos, pero que *a priori* non son obrigatorias para que se presenten ao posto. Pídalles, ademais, que marquen no texto as frases que expresan unha condición ou unha acción obrigatoria (frases 2, 3 e 5) e que procuren nelas as palabras que indican que se trata de condicións indispensables (**deberá, unicamente, exclusivamente**).

A continuación, coméntelles que dos candidatos que se presentaron á convocatoria da epígrafe A se seleccionaron dous finalistas: Xoana Álvarez Álvarez e Antón Varela Díaz. Dígalles que deben observar os

seus perfís e, logo, decidir cal dos dous pasará máis facilmente a selección, argumentando a súa resposta. Dígalles que o poden facer individualmente e despois comparar a súa resposta coa dun compañeiro.

Déalles uns minutos para que o fagan. Sería interesante non facer unha posta en común, xa que o resultado se vai aclarar no informe da epígrafe C.

Solución
Ambos os candidatos cumpren os requisitos para o posto (idade, coñecementos/experiencia e formación). Non obstante, Xoana Álvarez Álvarez pasará máis facilmente a selección porque ten un nivel avanzado (C1) en inglés e Antón, non. Este, por outra banda, participou nun proxecto en Arxentina, pero isto non lle dá ningunha vantaxe, xa que Xoana ten coñecemento doutros idiomas, outro aspecto que tamén se valora.

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 111, exercicio 4.

C. Pregúntelles aos seus alumnos se saben que é un informe e asegúrese de que entre as respostas figure algo similar a: **exposición ou descrición que achega información detallada, datos ou valoracións sobre un tema, unha acción levada a cabo, unha entidade ou unha persoa**. Infórmeos tamén de que os informes poden ser orais ou escritos e abranguen unha ampla variedade temática (de viaxes, de orzamentos, de recomendación, científico, estatístico, administrativo, laboral, político, médico, demográfico…).

A continuación, dígalles que van ler un informe no cal se dá o resultado da selección dos candidatos para o posto da convocatoria e se detalla o seu proceso. Déalles uns minutos para que fagan a lectura individualmente. Logo, propóñalles que comenten se están de acordo co resultado da selección e cos argumentos presentados no informe.

D. Agora, dígalles que lean outra vez o texto e que, en parellas, identifiquen as partes nas que se mencionan os puntos da convocatoria. Déalles uns minutos e logo faga unha posta en común.

E. Coméntelles aos seus alumnos que o informe non ten un formato fixo ou ríxido, senón que pode variar segundo a finalidade do que se quere informar e o destinatario ao que vai dirixido en cada caso. Así, os informes poden ser dende textos máis simples, con un ou máis títulos, ata textos complexos, ou moi complexos, que inclúen diagramas, gráficos, táboas de contido, imaxes, apéndices, notas ao pé, referencias ou ligazóns. Dígalles que, en parellas, deben intentar separar as partes do informe que acaban de ler, para logo comprobaren se este se corresponde co esquema presentado.

Déalles uns minutos antes de facer unha posta en común.

Solución
O informe presenta a estrutura do esquema que se ofrece. Á parte dos contidos iniciais de remitente e asunto, ao comezo, e de lugar, data e sinatura, ao final, pódese dividir en tres macropartes:

A. *Introdución (1.º parágrafo)*

B. *Desenvolvemento (do 2.º ao 5.º parágrafo)*
   1.º argumento: 2.º e 3.º parágrafos
   2.º argumento: 4.º parágrafo
   3.º argumento: 5.º parágrafo

C. *Conclusión (6.º parágrafo)*

F. Para rematar, pídalles aos seus alumnos que volvan ao informe e verifiquen como se introducen os elementos que fan referencia á experiencia laboral, á formación e á idade dos candidatos. Dígalles que, en parellas, deben subliñar as expresións ou estruturas que serven para enlazar as diferentes partes do texto e, logo, propoñer polo menos unha alternativa que os poida substituír. O obxectivo é comprobar que recoñezan os elementos de cohesión empregados e que sexan capaces de alternalos con outros que teñan o mesmo significado.

Déalles uns minutos e faga unha posta en común. Se lle parece conveniente, remítaos á epígrafe “Introducir unha información nova”, da sección CONSULTAR, na páxina 39.

Solución
No que á *experiencia laboral* ***se refire****…*
… ***no tocante á*** *formación académica…*
O outro motivo aducido*, a idade…*

As estruturas en grosa poden alternarse entre elas nos tres casos. Ademais, pódense substituír por en relación con, con relación a, en canto a, con respecto a, respecto a, respecto de…

4. DIFERENTES FORMAS DE DICIR O MESMO

Diferenciar os fragmentos dun anuncio dos dunha conversa entre amigos. Escoitar a conversa e reflexionar sobre algunhas diferenzas entre o rexistro escrito e o oral.

ANTES DE COMEZAR
Remita os seus alumnos ao anuncio que aparece na páxina 37 (explíquelles que se trata dun fragmento). Pregúntelles que é un animador de tempo libre, cal é a súa función, se alguén xa o foi e que requisitos cren que se necesitan para poder exercer esa profesión. Pregúntelles tamén polo tipo de traballo e os períodos nos que se adoita levar a cabo con máis frecuencia.

As respostas deberían facer referencia á organización e realización de actividades lúdicas para divertir as persoas no seu tempo libre, principalmente en viaxes, festas, campamentos de nenos e de adultos etc. Xeralmente, este tipo de actividades están máis relacionados coas vacacións, polo que adoitan ser traballos de temporada de verán. Os requisitos poden ser: saber idiomas, ter un carácter aberto e sociable, ser dinámico e ter coñecementos para o desenvolvemento de diferentes actividades.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que o rapaz e a rapaza da fotografía están comentando o anuncio. Explíquelles que van ler cinco pares de frases e que cada par se refire á mesma información, pero unha delas é o fragmento dun anuncio e a outra é parte do que lle conta a rapaza ao seu amigo.

En primeiro lugar, teñen que ler os cinco pares de frases e comprobar se o que se require para as prazas de animador de tempo libre coincide co que eles anticiparan. Deixe que o lean individualmente e faga unha posta en común.

En segundo lugar, teñen que decidir que frases corresponden a cada tipo de discurso: ao anuncio ou á conversa entre a parella de amigos. Poden realizar a actividade individualmente para, logo, compararen e discutiren a súa decisión cun compañeiro (non importa que non se poñan de acordo, xa que despois o poderán comprobar).

B. A continuación, dígalles que van escoitar a conversa entre os dous amigos para comprobaren eles mesmos se as súas respostas eran correctas. Deixe que a escoiten unha vez e comparen os resultados entre eles.

Solución

1. anuncio
2. conversa
3. conversa
4. anuncio
5. anuncio
6. conversa
7. conversa
8.anuncio
9. anuncio
10. conversa

Se lle parece conveniente, poden escoitar de novo a conversa para determinar se algún dos rapaces vai presentarse á convocatoria (vanse presentar os dous).

C. Unha vez corrixida a actividade anterior, pídalles que se fixen nas expresións destacadas na epígrafe A e pregúntelles que diferenzas atopan entre elas. Dígalles que o discutan en parellas e, por último, realice unha posta en común.

Solución

Anuncio	Conversa
*Fórmulas relativas cultas (**aquelas persoas que**)*	*Construcións de relativo simples (**os que**)*
*Léxico culto (**será requisito indispensable, considerar méritos**)*	*Léxico neutro (**só poden presentarse**)*
*Emprego da voz pasiva (**serán seleccionados, serán admitidos, serán considerados**)*	*Emprego da 2.ª persoa do singular (**tes que**) e da 3.ª do plural (**danche, admitirán**) no canto de construcións impersoais*

E DESPOIS

Propóñalles aos seus alumnos o seguinte par de frases que poderían aparecer nunha convocatoria para unha bolsa e pídalles que as adapten a un rexistro máis coloquial. Se o considera oportuno, pode facilitarlles dicionarios para que resolvan as súas dúbidas de vocabulario.

> A bolsa vai dirixida a todas as persoas que estean en posesión dunha licenciatura en Filoloxía.
>
> Serán tidos en conta todos os méritos que os candidatos desexaren facer constar.

Acepte as diferentes versións dos seus alumnos sempre que manteñan o sentido orixinal das frases.

Solución (suxestión)

A bolsa é para os que estudaron Filoloxía.
Van ter en conta os méritos que queiras presentar.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 111, exercicio 3.
Páxina 112, exercicios 6 e 7.

practicar e comunicar

5. INTERCAMBIOS

Establecer os criterios para seleccionar as persoas que participarán nun programa de intercambio de idiomas.

ANTES DE COMEZAR
Lémbrelles aos seus alumnos a epígrafe A da actividade 3, na que se facía referencia a un intercambio laboral entre empresas e pregúntelles se poden dar exemplos doutros tipos de intercambios. Admita todas as súas suxestións, sempre e cando estean xustificadas, ata que mencionen o intercambio de idiomas.

Pregúntelles se algunha vez fixeron un intercambio deste tipo, se lles gustou, se lles resultou positivo e por que. Pídalles que comenten as diferenzas entre facer un intercambio e asistir a clases de galego.

PROCEDEMENTOS
A. A continuación, pídalles que imaxinen que van realizar un intercambio con falantes doutros idiomas. Explíquelles que a entidade que organiza estes intercambios é unha axencia que está en contacto con diferentes escolas de idiomas e que tenta adaptar as características das persoas ás necesidades ou esixencias dos estudantes.

Anime os seus alumnos a decidiren cales deben ser esas características. Forme grupos pequenos e pídalles que teñan en conta aspectos como a personalidade, o tipo de experiencias, as súas capacidades, as tarefas que deberán cumprir etc. Poden engadir outros que consideren importantes, aínda que non figuren na actividade (idade, sexo, estudos, afeccións…). Fágalles saber que poden ser moi estritos nas súas esixencias.

B. Indíquelles que deben redactar a súa solicitude para poder enviarlla á axencia, que a vai poñer na súa páxina web. Móstrelles os tipos de expresións que poden empregar para que o rexistro final sexa formal.

E DESPOIS
Se saíron diferentes listas, propóñalles que lean as dos compañeiros e decidan se lles gusta máis o tipo de persoas que escolleu o outro grupo. Se o local onde vostede imparte clases ten un blogue, poderían dispoñer nel as condicións que estableceron.

6. ORGANIZAR UNHA EXPOSICIÓN

Ler as bases dunha convocatoria e escribir unha mensaxe electrónica e comentar os aspectos máis importantes da convocatoria.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos se algunha vez participaron ou se coñecen alguén que se presentou a un concurso ou a unha convocatoria dalgún premio. Se algún deles contesta afirmativamente, pregúntelle a cal, como foi e cales eran as bases da convocatoria. Se ninguén contesta afirmativamente, dígalles que intenten adiviñar cales son os ítems que compoñen as bases deste tipo de convocatorias. É importante que nas respostas saia o maior número posible de ítems, polo que, se for preciso, completéos vostede ata que figuren polo menos os que aparecen na convocatoria da actividade (**requisitos, condicións, documentación, xurado, funcións ou obrigas do gañador, honorarios, prazo, lugar**…).

PROCEDEMENTOS
Dígalles que van ler as bases da convocatoria dun premio e, deseguida, deben escribirlle unha mensaxe electrónica a un amigo ou amiga a quen lle poida interesar participar nela. Na mensaxe deben facer referencia aos principais aspectos das bases.

Pódelles propoñer que fagan a tarefa individualmente e logo que contrasten o seu texto cos de dous ou tres compañeiros. Cada un debe xustificar a elección dun ou doutro aspecto e, entre todos os do grupo, deben establecer cales son os aspectos máis relevantes. Se lle parece conveniente, pode fixar previamente un número de ítems (cinco ou seis, por exemplo).

Para rematar, realice unha posta en común para comprobar cales foron os aspectos máis votados. Se lle parece adecuado, pode recoller os textos dos alumnos para facer unha corrección da súa produción escrita.

7. ASUNTO: PRIMEIRA EXPOSICIÓN DO MUSAAC

Elaborar un informe a partir de notas.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos se algunha vez escribiron un informe ou se xa viron outros á parte do da actividade 3 desta unidade. Se alguén contesta afirmativamente, pregúntelle que formato e que estrutura tiña, se era similar ou moi distinto ao da actividade 3. Lémbrelles que este documento admite estruturas e formatos variados, segundo o que se necesite informar. Adiántelles que, en grupos, van escribir un informe da primeira exposición dun museo.

PROCEDEMENTOS
Preséntelles a actividade aos seus alumnos e dígalles que van traballar en grupos de tres ou catro, segundo lle pareza conveniente. Unha suxestión para que se aproveite mellor o tempo é que, antes de separalos en grupos, se faga entre todos a distribución das notas, agrupándoas en temas que logo servirán para enumerar os ítems ou parágrafos da argumentación. Unha posibilidade sería a seguinte:

Notas de contextualización:
Lugar e data…
Título: "Vieiros…

Notas que introducen elementos ou circunstancias positivas:
Interesante acto inaugural…
Finalización das obras…

Notas que introducen elementos ou circunstancias negativas:
Lixeiramente cara…
Estrutura da exposición…
As fins de semana…
Orzamento mal distribuído…

Notas que introducen elementos ou circunstancias neutras ou dubidosas:
Elenco de artistas…
Contido interesante, actual…

A continuación, sepáreos en grupos e dígalles que cada un pode desenvolver unha parte do informe. Dígalles que este pode ter un formato e unha estrutura moi similares aos do que aparece na actividade 3, pero que tamén poden suxerir outras alternativas sempre que haxa coherencia e cohesión no texto que presenten.

Recórdelles que o asunto do informe debe ser o título desta actividade e que tamén deberán engadirlle un parágrafo de conclusión, no cal poden achegar as súas observacións e valoracións. Unha suxestión de estrutura podería ser:

Remitente

Asunto

1. **Introdución e motivación (notas de contextualización)**
2. **Organización da información**

   1.º argumento: elementos positivos

   2.º argumento: elementos negativos

   3.º argumento: elementos neutros ou dubidosos

3. **Conclusión (observacións/valoracións/peche)**

Recórdelles, ademais, que poden buscar no modelo de informe da páxina 36, así como na sección CONSULTAR, nas páxinas 38 e 39, os distintos recursos que lles poden axudar a desenvolver mellor o texto. Así mesmo, poderá facilitarlles algún dicionario se lle parece conveniente.

Unha vez que todos os membros do grupo rematen a súa parte, dígalles que deben xuntalas formando un só texto e, logo, proceder a unha corrección para evitar a repetición ou o emprego inadecuado de vocabulario ou dos conectores que enlazan os parágrafos.

Cando teñan unha versión definitiva, recolla os informes de todos os grupos e léveos para facer unha corrección máis a fondo. Na clase seguinte podería facer os comentarios xerais, resaltando as características positivas que atope nos textos dos alumnos en canto aos criterios de cohesión, coherencia, adecuación, gramática e ortografía. Asemade, leve a cabo unha corrección dos posibles erros que tamén poida atopar.

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 112, exercicio 8.

8. UN CONCURSO PARA A CLASE

Deseñar as bases dunha convocatoria. Decidir a cal se poden presentar.

ANTES DE COMEZAR
Recórdelles aos seus alumnos que van realizar a tarefa final, que consiste en pensar as condicións para admitir candidatos a unha convocatoria. Móstrelles as imaxes das diferentes convocatorias da páxina e chámelles a atención sobre o feito de que non corresponden soamente a concursos. Pídalles que as lean durante uns minutos e, logo, discutan cun compañeiro que é o que propón cada unha delas.

PROCEDEMENTOS
A. Anúncielles que van traballar en grupos, pero que, primeiro, deben escoller individualmente a proposta que prefiren. Logo, poden agruparse segundo as súas eleccións. Tamén pode formar vostede os grupos e pedirlles que negocien que proposta van desenvolver, para asegurarse de que non quede ningún traballando individualmente e de que os grupos formados se compoñen do mesmo número de estudantes.

Dígalles que teñen que deseñar as bases (oito condicións como máximo) da convocatoria que escollesen. Teñen que pensar nas condicións que deberán cumprir os candidatos, os méritos que terán que achegar ou as tarefas que deberán realizar. Tamén deben pensar nos criterios nos que se baseará a selección das obras e dos candidatos admitidos ao concurso ou ao posto.

B. Cando todos os grupos teñan rematados os seus textos, pídalles que os penduren na aula.

C. A continuación, explíquelles aos seus alumnos que deben ler todas as convocatorias e decidir a cal delas lles gustaría presentarse, tendo en conta as condicións establecidas polos seus compañeiros.

Cando remataren a lectura, pídalles que comenten cos compañeiros a convocatoria que escolleron e por que cren que se poden presentar.

cultura

9. DESCRIBIR A ARTE

Observar un cadro de Luís Seoane e describilo por escrito. Ler a recensión dunha exposición, extraer as súas principais ideas e resumirlla a un compañeiro. Facer a recensión do contido dunha exposición ou dunha obra de arte.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
A obra pictórica de Luís Seoane, de tendencia expresionista e abstracta, reflicte o afán do autor por recuperar paisaxes, símbolos e personaxes galegos e trasladalos a todas as partes do mundo. O cadro que figura na primeira epígrafe desta actividade denomínase *Mar bravo* e foi realizado en 1964.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos cal é o tipo de obra de arte que máis lles gusta. Entre as varias respostas poden xurdir cadros ou lenzos, gravados, esculturas, tapices… Pregúntelles se lembran algunha obra en particular e, se hai respostas afirmativas, anímeos a describilas. Déalles a palabra aos que queiran facer as súas descricións e anime os demais alumnos a escoitalos.

PROCEDEMENTOS
A. A continuación, pídalles que se fixen na imaxe da epígrafe A. Dígalles que se trata dun cadro do pintor galego Luís Seoane e aproveite para comentarlles os principais datos da súa biografía. Deseguida, pregúntelles se lles gusta o cadro da actividade e/ou se lles recorda algunha outra obra. Distribúalles cuartillas de papel, para que todos sexan iguais, e pídalles que a describan o cadro da actividade nun pequeno texto e que tamén escriban o que cren que representa.

Logo duns minutos, pídalle a cada alumno que lea a súa descrición en voz alta e apunte no encerado os trazos máis presentes nas súas caracterizacións. Ao final, dígalles o nome do cadro e entre todos poden comentar as descricións que máis se aproximaron á súa denominación. De todos os xeitos, teña en conta e intente deixárllelo claro aos seus alumnos, que o importante nesta tarefa non é que acerten o grao de coincidencia co título, senón o proceso que os levou a intentar describir un cadro e a capacidade de expresar as súas sensacións.

B. Deseguida, pregúntelles se saben que é unha recensión e asegúrese de que, tras as posibles respostas e suxestións, todos entendan que se trata **dun texto escrito no que se presenta unha obra facendo unha descrición detallada e tamén unha análise crítica**. A continuación, agrúpeos en parellas e preséntelles a recensión dunha exposición de Luís Seoane.

Explíquelles que un membro da parella vai ler os primeiros catro parágrafos do texto e o outro, os tres restantes. Logo, cada un vai tomar nota das principais ideas da parte que leu. Déixelles uns minutos para que o fagan.

C. Agora, déalles uns minutos máis e dígalles que cada un debe, oralmente, facerlle un resumo do texto lido ao seu compañeiro.

D. Para rematar, pregúntelles se algunha vez foron a unha exposición e pídalles que fagan unha recensión do seu contido. Se hai respostas negativas ou se non se lembran, dígalles que poden facela de calquera obra de arte que lles guste. Logo, coa mesma parella, deben intercambiar o seu texto e marcar as principais ideas reflectidas no texto do compañeiro. Se o considera conveniente, pode invitalos a comentaren eses aspectos entre todos na clase.

10. PREMIOS LITERARIOS

Analizar as portadas de tres novelas gañadoras dun premio literario e relacionalas coas súas respectivas recensións. Elaborar a recensión dun libro ou dun filme.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
O Premio Xerais de Novela é un premio literario que lle concede a editorial Edicións Xerais de Galicia, dende 1984, a unha novela escrita en galego. A entrega é anual e adoita ser na semana de festividades de san Xoán.

Se dispón de exemplares dos libros que aquí se presentan, léveos á clase para mostrárllelos aos seus alumnos.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos que criterios adoitan á hora de escoller un libro para ler: se se decantan por un autor que lles gusta, se seguen as recomendacións de amigos, coñecidos ou profesores, por exemplo, ou se tamén teñen en conta o feito de que a obra recibise algún premio. Comprobe se coñecen algunha obra premiada e coméntelles que en Galicia hai unha longa relación de premios literarios, nas máis variadas categorías: novela, teatro, relato, ensaio, investigación… Despois de escoitar as posibles e diversas respostas, coméntelles a posibilidade de obter algunha información sobre o contido dun libro a través da lectura dunha recensión.

PROCEDEMENTOS
A. A continuación, pregúntelles se algunha vez se presentaron a un premio literario, con traballos escolares, concursos de prosa, poesía ou outros do estilo. Se só hai respostas negativas, pregúntelles se coñecen a alguén que se presentase: un amigo, familiar, coñecido… Se alguén contesta afirmativamente, mostre interese preguntándolle detalles de como, cando e onde foi, cal foi a obra coa que se presentou etc.

Preséntelles as tres novelas gañadoras do Premio Xerais de Novela que aparecen na actividade e pregúntelles se xa leron algunha delas ou calquera outra novela que fose premiada. Así mesmo, pregúntelles se coñecen outros premios literarios que hai en Galicia. Déalles uns minutos para que o discutan en parellas e logo faga unha posta en común para ver cantos premios literarios galegos coñecen.

B. Volvendo ás recensións, coméntelles que son unha boa maneira de coñecer previamente o argumento dun libro que se quere ler. Dígalles que abaixo están as recensións que a editorial fixo das tres novelas da epígrafe A. Propóñalles que, individualmente, as lean e relacionen cada unha co correspondente libro. Déalles uns minutos e, cando rematen, pídalles que comparen a súa resposta coa dun compañeiro. Deseguida, faga unha posta en común na clase.

C. Dígalles que agora deben pensar nunha novela ou nun filme que lles gustou e facer unha recensión.



UNIDADE 4

A vida é puro teatro

Pídalles aos seus alumnos que observen a fotografía da portadiña e pregúntelles: **Quen son estas persoas? En que lugar están? Que están facendo neste momento? Gústavos o teatro?**

A continuación, pídalles que escriban, en dous ou tres minutos, todo o léxico que coñezan relacionado co teatro. Anímeos a escribiren non só o vocabulario relativo ás profesións do mundo da escena (actor, director…), senón tamén os elementos físicos (escenario, pano…) e todo o que asocien con ese mundo. Logo, faga unha posta en común.

Para rematar, preséntelles os contidos da unidade e a tarefa final: escribir unha escena teatral.

comprender

1. A FIESTRA BALDEIRA

Ler dous fragmentos dunha obra teatral e tentar deducir en que consiste un cadro que se menciona neles. Facer unha lectura dramatizada dun dos fragmentos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
O adxectivo **baldeira** gráfase correctamente en galego como aparece no título da actividade, é dicir, con **b**. Non obstante, na imaxe do libro figura con v porque así se fixo na versión orixinal. En canto á palabra **ediciós**, que tamén aparece na portada do libro, trátase dunha variante dialectal, admitida oralmente, pero na escrita a forma estándar e recomendada pola normativa é **edicións**.

A expresión **fiestra baldeira** indica que o que se visualiza dende unha ventá non é máis ca un oco que non se enche con imaxes.

ANTES DE COMEZAR
Se ten un exemplar do libro que se presenta na actividade, léveo á clase para que o poidan ver os estudantes. Indíquelles que é unha obra de Rafael Dieste e, se lle parece conveniente, coméntelles brevemente os trazos que considere máis relevantes da súa información biográfica da páxina 47. Pregúntelles se coñecen o significado da palabra *fiestra* e asegúrese de que todos teñan claro que se trata dun sinónimo de *ventá*. A continuación, remítaos ao título da actividade e pregúntelles **que credes que significa *fiestra baldeira*?** Acepte as varias contestacións que poidan xurdir e, en caso de que non o acerten, responda vostede, comprobando que todos o entendan claramente.

PROCEDEMENTOS
A. Distribúa os seus alumnos en grupos de tres. A continuación, dígalles que lean individualmente o fragmento do resumo e da escena do segundo lance da peza *A fiestra valdeira* e que fagan hipóteses sobre o contido do cadro e o motivo polo que non lles gusta a algúns dos protagonistas. Déalles uns minutos e, logo, pídalles que comenten as súas hipóteses coas dos dous compañeiros.

Por outra banda, coméntelles que na obra poden atopar algunhas palabras cuxa grafía non se corresponda coa establecida na actualidade pola normativa da lingua galega e dispóñase a aclarar o significado do vocabulario e/ou das expresións que descoñezan. Se lle parece conveniente, faga unha posta en común na que todos comenten as súas hipóteses e comproben se coinciden coas dalgún compañeiro.

B. Invite os seus alumnos a leren o segundo fragmento da peza de teatro para descubriren en que consiste o cadro. Logo da lectura, pregúntelles se a resposta coincide con algunha das predicións que fixeran antes. Faga unha posta en común e asegúrese de que todos o entenderon e son capaces de describir o contido do cadro do mesmo xeito.

Solución
No cadro vese unha ventá e, a través desta, unha serie de elementos relacionados co mar: a ribeira, as lanchas, o peirao… A dona Balbina non lle gusta o cadro porque mostra que don Miguel fora mariñeiro e, en consecuencia, pobre.

C. Para rematar, propóñalles aos seus alumnos que, en parellas, fagan unha lectura dramatizada do fragmento da epígrafe B. Se dispón de tempo, deixe que todas as parellas "representen" a súa lectura e que, entre todos, escollan os mellores "actores" da aula.

explorar e reflectir

2. FRAGMENTOS

Ler os fragmentos de catro obras de teatro e reflexionar sobre a maneira de describir as accións a partir das didascalias. Clasificar palabras segundo a categoría gramatical á que pertencen. Observar o emprego dalgúns verbos con ou sen pronomes.

ANTES DE COMEZAR
Se ata o momento non se falou delas, pregúntelles aos seus alumnos se saben que son as didascalias dunha obra de teatro. Se non o saben, explíquelles que se trata das notas que o dramaturgo inclúe, a maioría das veces entre parénteses ou en letras itálicas, para explicar todo o relativo á acción ou ao movemento das personaxes, a decoración da escena etc. Pídalles que as identifiquen no primeiro fragmento desta actividade e corríxao na clase para asegurarse de que todos o teñen claro.

PROCEDEMENTOS
A. Invíteos a leren os títulos nas portadas das obras e a faceren suposicións sobre os temas dos que trata cada unha. Acepte todas as suxestións e apúnteas no encerado. Despois, pídalles que lean os fragmentos e que comproben se as súas predicións coinciden coa información extraída dos textos.

Unha vez rematen esta primeira lectura, aclare calquera dúbida que teñan e chámelles a atención sobre o feito de que se trata de textos orixinais, polo que se poden atopar variantes de vocabulario ou de estrutura que non corresponden á versión estándar da lingua galega na actualidade.

Agora, anímeos a leren os fragmentos unha segunda vez, pero fixándose nas didascalias, e a completaren o cadro. Recórdelles que nelas se achega información

non só sobre o que fan as personaxes en cada momento, senón tamén de como o fan: a súa actitude ou o seu estado de ánimo. Dígalles que o deben facer individualmente, pero ao remataren poderán comparar as súas respostas coas dun compañeiro. Logo, faga unha posta en común na clase.

Solución
- *despacio*
- *como por turno; adiantándose do mesto grupo pra decila e voltando presto a anónimo*
- *apoiando as mans na varanda*
- *subitamente*
- *sempre con voz monótona, sen subila xamais*
- *moi medoñenta*
- *rápido, sen apenas escoitar o seu interlocutor*
- *brusco, a punto de perder os papeis*
- *á presa.*

B. Pídalles agora que, co mesmo compañeiro, clasifiquen as palabras anteriores segundo a súa categoría gramatical.

Solución
Adverbio/Locución adverbial: *despacio, como por turno, subitamente, moi medoñenta, sempre con voz monótona, sen apenas escoitar o seu interlocutor.*
Adxectivo: *rápido, brusco.*
Xerundio: *adiantándose…, voltando…, apoiando as mans na varanda.*
Preposición + nome: *a punto de perder os papeis, á presa*.
Preposición + infinitivo: *sen subila xamais*.

Explíquelles que todas elas son formas de describir accións e remítaos á epígrafe “Describir accións” da sección CONSULTAR, na páxina 50, onde se recollen e se amplían estes recursos.

Para rematar, escriba no encerado as frases **Iolanda queda hipnotizada** e **Iolanda está hipnotizada** e invite os seus alumnos a explicaren a diferenza entre ambas. Anímeos a faceren hipóteses e, se o considera necesario, contextualice os exemplos para axudarlles a veren a diferenza. Ao final, explíquelles que **queda hipnotizada** introduce un aspecto de cambio de estado (antes non o estaba). Remítaos á epígrafe “Dous usos de quedar” da sección CONSULTAR, na páxina 51.

E DESPOIS
Propóñalles aos seus alumnos que, en grupos de tres, representen esas accións, seguindo as indicacións das didascalias. Indíquelles que, nalgúns casos, terán que imaxinar un obxecto (un teléfono, un teclado…). Logo, pídalles aos diferentes grupos que representen unha acción sen dicir cal é. Os demais grupos intentarán adiviñar de cal se trata.

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 113, exercicio 1.
Páxina 114, exercicio 4.

3. CON “SE”, SEN “SE” OU CON “LLE”?

Reflexionar sobre como o emprego do pronome reflexivo *se* e do pronome de complemento indirecto *lle* pode modificar o significado dun verbo. Construír varias oracións cun mesmo verbo utilizando estes pronomes.

PROCEDEMENTOS
A. Pídalles aos seus alumnos que se fixen nos tres primeiros debuxos e completen, en parellas, as frases que aparecen ao lado de cada un. Anime algunhas parellas a leren as súas frases e pregúntelle ao resto da clase que cambios poden observar no significado dun verbo cando este se utiliza con **se**, sen **se** e con **lle**, respectivamente.
Faga unha posta en común coas conclusións dos seus alumnos e axúdelles, se for necesario, coa seguinte explicación:

– Algúns verbos poden levar o pronome **se**; trátase de verbos reflexivos e a acción que expresan recae sobre o mesmo suxeito que a realiza, como no exemplo **Susa agóchase** (= a si mesma).

– O mesmo verbo (**agochar**) sen o pronome se esixe a presenza dun complemento directo, como no exemplo **Susa agocha o seu oso de peluche;** ou ben dun complemento directo e dun complemento indirecto, como en **Susa agóchalle as chaves á súa nai**, representado neste caso polo pronome **lle**.

Unha maneira gráfica de representar isto podería ser:

Susa	agóchase.		
Suxeito			
Susa	agocha	o seu oso de peluche.	
Suxeito		complemento directo	
Susa	agóchalle	as chaves	á súa nai.
Suxeito	complemento indirecto	complemento directo	complemento indirecto

Pídalles aos alumnos que completen o resto das frases seguindo o modelo e faga despois unha posta en común na clase.

Solución
2 *Susa agocha o seu osiño de peluche debaixo da cama.*
3 *Susa agóchalle as chaves á súa nai.*
4 *Susa érguese ás 8 h.*
5 *Susa ergue os brazos.*
6 *Susa érguelle o vestido a Beatriz.*
7 *Susa tírase á piscina.*
8 *Susa tira a Luís á piscina.*
9 *Susa tíralle o balón a Luís.*

B. Propóñalles aos seus alumnos que repitan a actividade individualmente cos verbos **peitearse** e

taparse e que contrasten despois as súas frases coas dun compañeiro. Logo faga unha corrección entre todos.

Solución (suxestión)
Susa peitéase polas mañás.
Susa peitea a súa irmá.
Susa peitéalle a melena (á súa irmá).
Susa tápase coa manta porque ten frío.
Susa tapa os ollos.
Susa tápalle a boca á súa irmá.

4. NO ESCENARIO

Aprender ou repasar recursos para expresar posturas corporais, mudanzas ou continuidade na acción e nos estados de ánimo.

ANTES DE COMEZAR
Explíquelles aos seus alumnos que van coñecer distintas formas de describir posturas ou posicións. Para iso, distribúalles fotocopias do cadro que atopará na ***ficha 8*** e pídalles que relacionen os debuxos coas expresións correspondentes.

Logo, pídalles que pensen nos verbos que se poden empregar para indicar a transición cara a un dos estados que aparecen. Ofrézalles algúns exemplos: *sentar(se) – estar sentado; agacharse – estar agachado; erguerse/levantarse/poñerse de pé – estar de pé*. Pídalles que completen os espazos baleiros cos verbos correspondentes.

Solución
Estar sentado – sentar(se)
Estar agachado – agacharse
Estar deitado – deitarse
Estar tombado – tombarse
Estar de pé – levantarse/erguerse/poñerse de pé
Estar de xeonllos – axeonllarse/poñerse de xeonllos
Estar en crequenas – encrequenarse/poñerse en crequenas

Remita os seus alumnos ás epígrafes "Postura corporal" e "Mudanza de postura" da sección CONSULTAR, nas páxinas 50 e 51, e repase con eles as estruturas e os exemplos. Faga fincapé no emprego dos verbos reflexivos que expresan movemento.

Aproveite para explicarlles os diferentes usos do verbo **pór/poñer** que aparecen na epígrafe "Usos de pór/poñer(se)", na páxina 51 desta mesma sección, facendo especial fincapé no emprego deste verbo para expresar mudanzas relacionadas coa saúde, co estado de ánimo ou co aspecto físico.

PROCEDEMENTOS
Explíquelles aos seus alumnos que nestas imaxes se ven dous momentos dunha obra teatral e que, entre un e outro, transcorreron só algúns segundos, pero uns segundos cruciais para o desenvolvemento da trama argumental. Pídalles que describan o máis detalladamente posible o que cambiou e o que continúa igual, e que escriban frases empregando os recursos que aparecen na notiña amarela. Póñalles un exemplo a partir da mostra de lingua. Ao finalizaren, faga unha posta en común na clase e corrixa a actividade.

Solución (suxestión)
- *Na primeira escena o home está de pé; na segunda púxose de xeonllos.*
- *Na primeira escena a muller está sentada; na segunda ergueuse e achegouse ao home.*
- *Na primeira escena a muller leva lentes; na segunda quitounas.*
- *Na primeira escena a muller está lendo un libro; na segunda escena xa deixou de lelo.*
- *Na primeira escena o home leva o chapeu nas mans; na segunda lévao na cabeza.*
- *Na primeira escena a muller non chora; na segunda botouse a chorar.*
- *Na primeira escena o gato está durmindo; na segunda o gato segue durmindo.*

Se o considera conveniente, pode pedirlles que convertan as frases nun texto, empregando os marcadores discursivos que foron aprendendo ao longo das unidades anteriores. Neste caso, pode aproveitar para remitir os seus alumnos á epígrafe "Marcadores modais e temporais" da sección CONSULTAR, na páxina 51.

Escriba no encerado as frases nas que os seus alumnos utilizaron as expresións **deixou de lelo**, **botouse a chorar** e **segue durmindo**. Recórdelles que se trata de perífrases verbais, é dicir, estruturas formadas por máis dunha forma verbal para expresar unha soa acción e que se usan para introducir matices de significado. Remítaos á epígrafe "Perífrases verbais" da sección CONSULTAR, na páxina 50, e repáseas con eles, asegurándose de que teñen claro o significado de cada unha delas. Así mesmo, indíquelles que vexan na páxina 51 da mesma sección a epígrafe "Usos de botar".

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 113, exercicio 2.
Páxina 114, exercicios 3, 4 e 5.

practicar
e comunicar

5. E TI? QUE FAS?

Expresar costumes e hábitos cotiáns. Recoñecer e empregar marcadores temporais para introducir unha acción que se realiza de forma inesperada ou brusca e para accións que suceden ao mesmo tempo.

ANTES DE COMEZAR
Explíquelles aos seus alumnos que nesta actividade van coñecer os hábitos do rapaz da imaxe, Antonio. Pídalles que miren o debuxo e pregúntelles: **Que momento do día é? Que é o primeiro que fai Antonio ao erguerse? Os que levades lentes, facedes o mesmo? Que é o primeiro que facedes ao levantarvos?**

PROCEDEMENTOS
Explíquelles que as frases describen algúns dos costumes de Antonio e pídalles que as lean individualmente e marquen aquelas nas que coinciden con Antonio. No caso de que non coincidan en ningunha, pídalles que escriban esquematicamente un dos seus hábitos ao lado da frase.
Agora, pídalles aos seus alumnos que volvan ler as frases e que subliñen as estruturas que serven para expresar dúas accións que suceden ao mesmo tempo. Faga unha posta en común e sistematice no encerado:

ao + infinitivo
mentres tanto
verbo en xerundio
mentres

Por último, invíteos a escribiren as conclusións ás que chegaron no paso anterior, en relación cos hábitos comúns e os peculiares, empregando estes recursos. Remate cunha posta en común entre todos.

6. COMO O INTERPRETAS?

Interpretar unha mesma frase en tres contextos diferentes. Reflexionar sobre o uso da entoación para conferirlle significado a unha mensaxe.

ANTES DE COMEZAR
Explíquelles aos seus alumnos que un factor imprescindible no teatro é a lectura dramatizada do texto e a súa interpretación por parte dos actores, e que, dentro desta interpretación, a entoación que se lle dá a un texto é fundamental para outorgarlle significado.

Dígalles que, co libro pechado, van escoitar unha mesma frase con diferentes entoacións. Mentres escoiten, deben estar atentos ás diferenzas entre as interpretacións para pensaren nun contexto no que a frase se podería expresar de cada xeito.
A continuación, interprete a primeira frase da actividade (Abres a ventá?) como lle suxire o libro, como se estivese irritado, sorprendido e asustado, sucesivamente. Introduza nas súas interpretacións modulacións de voz, cambios de ton, xestos e todo aquilo que considere que pode axudar os seus alumnos.

Anímeos, logo, a comentaren, en grupos de tres, os contextos que imaxinaron e a reflexionaren sobre os elementos que lles foron útiles para definilos. Faga unha posta en común na clase e invíteos a compararen os seus contextos cos que ofrece a actividade.

PROCEDEMENTOS
A. A continuación, explíquelles aos seus alumnos que agora son eles os que deben interpretar algunhas mensaxes. Pídalles que, en parellas, lean o resto da actividade. Déixelles tempo suficiente para leren todas as frases e aclare as súas posibles dúbidas de vocabulario. Despois, explíquelles que, por quendas, un membro da parella vai interpretar unha das frases que están en grosa, escollendo un dos contextos e actitudes que suxire o libro. O seu compañeiro terá que adiviñar cal das opcións está interpretando.

B. Explíquelles que agora van escoitar as frases nunha gravación e pídalles que marquen o contexto que lle corresponde a cada unha. Faga unha primeira audición e deixe que comenten as súas respostas en parellas. Pode poñer outra vez a gravación no caso de que haxa discrepancias entre as parellas. Deixe unha pausa longa despois de cada frase para darlles aos alumnos a oportunidade de intercambiar pareceres.

Por último, remítaos á epígrafe “Estados de ánimo” da sección CONSULTAR, na páxina 50.

Solución
1. a, 2. a, 3. c, 4. b

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 115, exercicio 6.
Páxina 116, exercicio 8.

7. DIDASCALIAS

Escribir as didascalias para un fragmento dunha obra de teatro e representalo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Limpeza de sangue é a historia, bastante realista, de dous enfermos que coinciden na sala de hemodiálise dun hospital e acaban converténdose en amigos. Presenta unha ampla variedade de escenarios e o seu drama oscila entre a intriga policial, a reflexión filosófica e a crítica á sociedade actual en canto aos seus aspectos ideolóxicos, políticos e económicos.

Teña en conta que levar a cabo esta actividade pode requirir aproximadamente unha hora.

ANTES DE COMEZAR
Se o considera pertinente, pode remitir os seus alumnos á actividade A da páxina 48 e facer con eles unha breve análise das principais características do texto dramático (que pode definirse como un diálogo no que se insiren descricións de elementos extralingüísticos, as didascalias).

Preséntelles a Rubén Ruibal como un representante do teatro galego contemporáneo (pode fotocopiar a breve biografía que lle proporcionamos na ***ficha 9***) e explíquelles que os tres fragmentos da actividade

pertencen a diferentes escenas dunha das súas obras teatrais, *Limpeza de sangue*. Convide os seus alumnos a faceren hipóteses sobre o argumento da obra e a comentárenas entre eles. Faga despois unha posta en común na clase.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que nos seguintes textos faltan as didascalias, polo que non é posible coñecer con precisión a actitude, o estado de ánimo das personaxes ou os seus movementos polo escenario. Cun alumno que se ofreza como voluntario, faga unha lectura expresiva das catro primeiras intervencións do diálogo da escena 1 e invite os demais alumnos a imaxinaren cal é a actitude das personaxes e a relación que as une. Escriba as súas respostas no encerado.

A continuación, anímeos a converteren as respostas apuntadas en didascalias para esas intervencións e engádaas ao escrito no encerado.

Cando estea seguro de que os seus alumnos comprenderon o mecanismo, divida a clase en grupos de tres, asígnelle un texto (unha escena) a cada grupo e concédalles vinte minutos para que escriban as didascalias. Recórdelles que poden facer uso de todos os recursos aprendidos ata o momento na unidade. Mentres realizan a actividade, pasee entre os grupos para asesoralos e esclarecer posibles dúbidas.

Transcorrido ese tempo, infórmeos do seguinte paso: a representación da escena. Explíquelles que en cada grupo deberá haber dous actores e un director, o cal debe darlles as instrucións aos primeiros sobre a posta en escena. Concédalles de dez a quince minutos para ensaiaren.

Para a representación poden optar por unha destas modalidades: unha lectura expresiva do texto, na que os actores permanecen sentados e prescinden case por completo de expresión corporal; ou unha lectura dramatizada, como se estivesen no escenario, que incorpora expresión corporal e movemento ao longo do escenario imaxinario. En ambos os casos lles pode dar a escoller entre ler o texto ou aprendelo de memoria. Se algún grupo escolle esta última opción, concédalle tempo ata a próxima clase para memorizar os diálogos.

B. Despois da presentación de cada grupo, pídalles aos alumnos que tomen notas sobre os aspectos positivos e os negativos que observaron nas representacións e que os comenten cos seus compañeiros de grupo. Para rematar, promova unha reflexión baseada nas notas que tomaron e suxíralles que escollan a mellor representación e que xustifiquen a súa elección.

É importante salientar que o obxectivo da votación non é a competición, senón a reflexión conxunta das características que garanten o éxito dun texto ben escrito e dunha lectura dramatizada.

E DESPOIS

Pode suxerirlles aos seus alumnos que fagan a lectura da obra completa de *Limpeza de sangue*.

8. OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE

Ler a sinopse e dous actos dunha obra teatral e escribir unha escena.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Segundo o tamaño do seu grupo, é posible que esta actividade teña que desenvolverse en dúas sesións.

Os vellos non deben de namorarse é unha das pezas máis populares e representativas do teatro galego e recolle unha das mellores mostras da capacidade artística de Castelao. Dotada de sumo valor expresivo, a obra componse de tres lances, encadrados entre un prólogo e un epílogo, e en cada un repite o mesmo drama: a historia dun vello que se namora dunha moza. O autor, que tamén a denomina como "farsa" comezou a escribila en Pontevedra, en 1931, pero só logrou rematala en 1939, na cidade de Nova York. El mesmo dirixiu a súa primeira representación en 1941, no teatro Mayo de Bos Aires, onde estaba exiliado. Dende entón non deixou de representarse.

No seguinte testemuño Castelao deixa evidencia de cal era o contexto histórico e sociopolítico de Galicia cando escribiu esta peza:

"Esta farsa foi maxinada para regalía do pobo galego, cando en Galiza abrollaban os máis ardidos anceios de rexurdimento. Comenceina en Pontevedra, no ano de 1931, e dinlle cima en Nova York no ano de 1939. Moito tempo decorreu para unha obra tan pequena e tan doada de facer; pero faltoume sosego para rematala. Os trafegos que me impuxo a causa política non me deron lecer para outras angueiras, e as conseguintes loitas que axiña sobreviñeron nin tan siquera me permitían tecer ilusións. De por parte xurdeu a guerra civil, cuios dramas e traxedias auténticas non consintían asistir a dramas e traxedias imaxinadas, e menos a pasatempos que soio se conciben en época de paz. Tivo que ser agora, na triste folga que me impón o desterro, cando dispuxera de tempo para comprir o meu vello e íntimo compromiso."

Se dispón dun exemplar da obra, léveo á clase para mostrárllelo aos seus alumnos.

ANTES DE COMEZAR

Recórdelles aos seus alumnos a tarefa final da unidade: escribir unha escena para unha obra de teatro. Explíquelles que van ler un fragmento dunha obra escrita por un autor galego na segunda metade da década de 1930. Pregúntelles que saben sobre como era a vida na Galicia de entón e aproveite para introducir algunha información sobre o contexto sociopolítico da obra.

A continuación, pídalles que miren a fotografía e lean o título da obra de teatro. Anímeos a describiren a imaxe e a poñérena en relación co título da obra a partir de preguntas como: **Que significa? Con que pode estar relacionada? Como credes que son as personaxes? Cal pode ser o argumento da obra?** Acepte as respostas que poidan xurdir e dígalles que xa o van comprobar na lectura dos textos.

PROCEDEMENTOS
Preséntelles a actividade aos seus alumnos e dígalles que, individualmente, lean os textos compostos pola sinopse, a presentación do lance e as escenas da obra. Cando rematen a lectura, pídalles que comproben se as súas hipóteses sobre o argumento da obra eran acertadas e que comenten as súas conclusións cun compañeiro. Faga unha posta en común na clase e engada a información que considere necesaria.

A continuación, explíquelles que, en grupos de tres, deben imaxinar unha escena que se localiza entre as dúas presentadas (I e VII) e escribila. Chame a súa atención sobre a nota da dereita, na que se inclúen algúns momentos da obra e dígalles que, se o quixeren, poden escoller algún deses momentos como base para a escena que elaborarán ou inventar outra libremente. Recórdelles que na súa escena deberán escribir tamén as didascalias e, para iso, poden facer uso de todos os recursos aprendidos na unidade. Se lle parece conveniente, pode orientar máis a actividade, especificando a extensión que deben ter as escenas, indicándolles, por exemplo, un número máximo de intervencións ou un número aproximado de palabras.

Unha vez escrita a escena, anímeos a que a representen ante o resto da clase. Se o desexaren, tamén poden gravala en vídeo. Nese caso, procure que dispoñan do tempo necesario.

E DESPOIS
Pode suxerirlles aos seus alumnos a lectura da obra completa de *Os vellos non deben de namorarse*. Indíquelles, ademais, que existe a película da obra e que poden buscala se lles resulta máis doado ou agradable coñecela por ese soporte.

cultura

9. MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA

Ler parte da programación da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, escoller unha das obras e xustificar a súa escolla. Elaborar un elenco de personaxes e o resumo dunha obra para participar no concurso.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
A **Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia** naceu en 1984 e, daquela, tiña o mesmo espírito que ten hoxe: incluír na súa programación os traballos de autores vivos e espectáculos actuais, equilibrar os grandes nomes do teatro cos emerxentes, mesturar o teatro convencional co máis transgresor e apostar por espectáculos de calidade que na súa maior parte son estreas para o público galego. Durante o certame, que adoita ter lugar no mes de xullo, a vila de Ribadavia convértese nun grande escenario, no cal se representan pezas dos máis diversos países.

PROCEDEMENTOS
A. Pídalles aos alumnos que miren a foto e que a describan. Pode axudarlles con preguntas como: **Quen credes que son esas persoas? Que fan? Onde están?** Se entre as posibles respostas non figura que se trata dunha representación de teatro ou algún espectáculo de rúa, contésteo vostede. Se non mencionan a mostra de Ribadavia, mellor que deixe para identificala na seguinte epígrafe. A continuación, pregúntelles se algunha vez asistiron a algún certame dese tipo ou se se lembran dalgunha peza de teatro que visen e lles gustase moito. Anímeos a se pronunciaren, mostrando disposición en escoitar as súas experiencias e axudándolles coas posibles dúbidas de vocabulario que poidan ter.

B. Se non se fixo na epígrafe A, dígalles que a imaxe representa un momento da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e coméntelles as principais características deste certame. Despois, pídalles que lean individualmente o programa dun dos días da mostra e escollan a peza que máis lles guste. Logo, débenllo dicir a un compañeiro e xustificar a súa escolla. Pode darlles un exemplo a partir da mostra de lingua.

C. A continuación, pregúntelles aos seus alumnos se coñecen algunha das compañías teatrais que aparecen no programa ou outra galega que non figure na programación. Se, polo xeral, non achegan información suficiente sobre ningunha das compañías, pode suxerirlles que busquen por Internet e fagan unha presentación na seguinte clase.

D. Agora, dígalles que, en grupos de tres, van idear unha obra de teatro para participaren nun concurso. A obra gañadora será representada na seguinte edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e os seus creadores serán galardoados cunha significativa remuneración económica. Primeiro teñen que decidir as personaxes e elaborar o elenco e, logo, deben escribir o resumo da obra. Dígalles, ademais, que poden ter como modelo os resumos que aparecen na actividade.

Cando remataren, escolla tres voluntarios que van compoñer o xurado. Dígalles que cada grupo vai elixir un "voceiro" que deberá lerlle o seu resumo ao resto da clase. O xurado deberá apuntar os aspectos positivos e os negativos de cada resumo, tendo en conta os criterios

de cohesión e coherencia no desenvolvemento da obra e, sobre todo, a adaptabilidade desta a un contexto como o do referido certame. Ao final, cada membro do xurado deberá asignarlle unha nota de 0 a 10 a cada un dos resumos e a obra que teña maior puntuación será a ganadora.

10. REGUEIFANDO

Ler un texto sobre a regueifa e intentar improvisar unha ou escribila.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

A regueifa é unha composición formada por versos que se cantan a varias voces e representa unha disputa dialéctica improvisada entre dúas ou máis persoas. É como unha cantiga popular que non ten unha duración determinada, senón que pode alongarse mentres os regueifeiros non dean por rematado o tema ou o razoamento da disputa.

Estas composicións poden tratar os máis diversos temas, pero sempre están dotadas dunha boa carga de humor, o que fai que esta arte popular sexa moi divertida para todos os públicos. O costume de "regueifar" é tradicional en varias zonas de Galicia e tamén se poden oír noutros lugares como, por exemplo, Portugal, Brasil, Colombia, Arxentina e Uruguai. Se no lugar onde imparte as clases vostede non dispón de acceso a Internet, grave previamente un exemplo de regueifa para levalo á clase e poñérllelo aos seus alumnos.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus alumnos se saben o que é a regueifa. Se non xorden respostas afirmativas, dígalles que é un tipo de arte popular e anímeos a adiviñaren con que está relacionado, pero non lles dea a resposta porque a van ter no texto. Tente que fagan hipóteses sobre o que pode ser e apúnteas no encerado. Dígalles que miren a fotografía e que fagan hipóteses tamén sobre quen son as persoas que aparecen e o que están facendo.

A continuación, pídalles que lean o texto individualmente e que marquen nel todas as expresións que fan referencia á definición de regueifa. Concédalles algúns minutos para que o fagan.

Cando remataren a lectura, pregúntelles se as súas hipóteses eran acertadas ou non. Logo, agrúpeos en parellas e dígalles que, entre os dous, deben xuntar as informacións que marcaron ao longo do texto e redactar unha definición axustada e clara para a regueifa. Déalles uns minutos para que o fagan e pídalles que lean as súas definicións. Teña en conta que, en principio, todas as respostas poden ser válidas, aínda que algunha máis ou menos completa ca outra. Se o considera oportuno, coméntelles algúns dos datos que se achegan en "Observacións previas", co fin de completar as súas definicións ou darlles máis información ao respecto.

B. Agora que están seguros do que é unha regueifa, pregúntelles aos seus alumnos se algunha vez viron ou oíron algunha, onde e en que contexto. Se alguén quere mencionar algún exemplo, dispóñase a escoitalo. Se no lugar onde se imparten as clases teñen acceso a Internet, anímeos a buscaren algún exemplo de regueifa. Se non, póñalles a que levou gravada.

A continuación, dígalles que, en grupos de tres, van improvisar unha regueifa entre todos. Se mostran timidez ou vergoña, anímeos dicíndolles que se trata dun xogo e non dunha competición, e que ninguén ten que ter vocacións de cantante para participar. Indíquelles que pode ser unha maneira de divertise na aula ao paso que se fai unha boa práctica lingüística.

Explíquelles que a regueifa se fará en tres voltas, é dicir, haberá tres quendas para que todos os alumnos participen. En cada quenda, a "disputa" tocaralle a un dos membros do grupo, que debe cantar un verso rebatendo o discurso do verso do regueifeiro anterior. Vostede pode determinar o grupo que comeza mediante algún tipo de sorteo, por exemplo. Dígalles que os cantores da última quenda deben acompañar máis atentamente a regueifa para remataren ben o tema nos últimos versos.

Aínda que na proposta da actividade se suxire que poden escribir a regueifa, propóñallelo aos seus alumnos só como un último recurso. Teña en conta que, ao escribir, pérdese a orixinalidade do que é "regueifar". Ademais, se se fai entre toda a clase é máis complexo, xa que para que o segundo grupo escriba o seu verso, ten que ver antes o que escribiu o primeiro grupo, e así sucesivamente, o que vai facer máis lento o desenvolvemento da actividade.



UNIDADE 5

Dixeches que o farías

Remita os seus alumnos á fotografía da portadiña e pregúntelles: **Quen credes que é esta persoa? Que está facendo?** A continuación, engada a pregunta: **Credes que o fai de boa gana?** Logo, explíquelles o significado da expresión que lle dá título á unidade.

Anímeos a pensaren nos motivos que puideron levar esta persoa a facer esta actividade ou cumprir un compromiso como este. Dirixa a conversa cara á posibilidade de que estea cumprindo un acordo previo, unha aposta ou unha promesa e aproveite para introducir expresións como **Prometérao, dixo/dixera que o faría…**

A continuación, preséntelles os obxectivos da unidade e a tarefa final: reclamar por algo co que non estamos de acordo por incumprir as expectativas.

comprender

1. TELEGA

Ler a presentación e a declaración de intencións dunha nova canle de televisión e opinar sobre a súa programación.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Aproveite esta actividade para dar a coñecer a cultura televisiva das canles que coñeza en lingua galega: no día da clase, traia xornais, revistas ou páxinas web impresas nas que figure a programación de distintas canles.

PROCEDEMENTOS
A. Pregúntelles aos seus alumnos se ven a televisión e que canles adoitan ver. Asegúrese de que comprenden a acepción da palabra canle referida á televisión. Pídalles que formen grupos de tres persoas e que conversen sobre as preguntas formuladas na actividade. Faga logo unha breve posta en común na clase escribindo no encerado os tipos de programas que nomean os seus alumnos.

Repártalle agora a cada grupo (ou a grupos máis grandes) os xornais, revistas ou páxinas web impresas e pídalles que observen a programación de televisión para ese día. Convídeos a observala e a escolleren os programas que lles parezan interesantes. Faga despois unha posta en común e pídalle a cada un que xustifique a súa elección.

B. Explíquelles aos seus alumnos que TeleGA é unha nova canle de televisión e que no texto que aparece a continuación, extraído da súa páxina web, se presentan e describen os tipos de programas que propoñen. Refira as preguntas do enunciado e pídalles que lean o texto para respondelas.

Cando rematen a lectura, concédalles tempo para comentar as súas conclusións en parellas ou en pequenos grupos. Logo, mentres fai unha posta en común, vaia subliñando na lista de programas do encerado aqueles que aparecen na presentación de TeleGA e engadindo aqueles que aínda non estean na lista, se os hai.

2. PROGRAMACIÓN SEMANAL

Ler a programación dunha canle de televisión e decidir se responde ás intencións que se declararon na súa presentación. Elaborar a publicidade dunha canle ficticia.

ANTES DE COMEZAR
Explíquelles aos seus alumnos que nesta actividade van analizar a programación de TeleGA. Móstrelles a listaxe de programas que se encontra no encerado e pídalles que, en parellas, fagan unha lectura selectiva da programación para saber se os programas prometidos pola canle na súa presentación figuran efectivamente na súa grella actual. Para iso, anímeos a faceren suposicións acerca do contido dos programas a partir do seu título e da súa descrición.

Leve á clase para ese día fotocopias de anuncios de emisoras de radio ou de televisión extraídos de xornais, revistas ou páxinas web. Se non consegue modelos orixinais, pode fotocopiar os ficticios que lle proporcionamos na ***ficha 10***.

PROCEDEMENTOS
A. Agora pídalles aos seus alumnos que, a partir dos resultados da súa primeira lectura, decidan se o tipo de programación responde ou non ás intencións declaradas na presentación de TeleGA. Deixe que volvan ler o texto da epígrafe A e que o comenten en parellas. Logo, propóñalles comentalo nunha posta en común. Para rematar, dígalles que se fixen outra vez na programación e pregúntelles que lle engadirían e que suprimirían para convertela na súa programación ideal.

Concédalles uns minutos para que o falen en grupos e, se o considera pertinente, pode ofrecerlles fotocopias da táboa que atopará na ***ficha 11*** ou debuxala no encerado.

B. Pregúntelles aos seus alumnos se lembran algún anuncio ou publicidade na prensa escrita dunha canle de televisión ou dalgunha emisora de radio. Se hai respostas afirmativas, pídalles que describan a publicidade. Se non, pase directamente a preguntarlles: **Como credes que debe ser a publicidade para soporte escrito dunha canle de televisión? Que elementos poden ou deben constar no anuncio?** Escoite as súas respostas e escriba no encerado todos as ideas que suxiran. É bastante probable que entre elas figuren, por exemplo, un slogan, unha imaxe rechamante do nome da canle ou relacionada con el, algunha frase apegadiza, un breve texto que resuma as principais intencións da súa programación, algunha palabra inventada etc. Asegúrese de que se mencionan polo menos todos estes aspectos e, de non ser así, complete vostede a listaxe.

Deseguida, repártalles as fotocopias dos anuncios que levou e pídalles que os analicen e comenten, en grupos ou parellas, se no seu contido figuran os aspectos listados no encerado. Centre a súa atención sobre o carácter apelativo que adoita ter a linguaxe publicitaria e explíquelles que se debe á intención do emisor de achegarse ao receptor e de influír no seu comportamento. Logo, faga unha posta en común na clase.

A continuación, dígalles que, cos mesmos compañeiros, van crear a publicidade de TeleGA que se publicará na páxina dun xornal. Dígalles que poden basearse nos exemplos que teñen ou creala noutro estilo, tendo en

conta que deben coidar que aparezan algunhas das características que acaban de analizar. Concédalles tempo para que a fagan e pídalle a cada grupo que lles presente a súa publicidade aos demais compañeiros.

E DESPOIS

Se traballa con estranxeiros, promova unha conversa sobre a televisión nos seus países de orixe con preguntas como: **A programación é moi distinta á dunha canle galega? Que tipos de programas predominan? Tedes unha franxa horaria semellante? Cal é o voso programa favorito?**

Se se atopa fóra de Galicia e os seus alumnos mostran curiosidade ou interese en coñecer algún tipo de programa en lingua galega, indíquelles as páxinas web das canles que coñeza para que poidan buscar e ver as emisións sempre que o desexaren.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 117, exercicio 1.

explorar e reflectir

3. OS TELEPECTADORES RECLAMAN

Ler unha carta de reclamación. Observar frases que expresan relacións temporais e identificar o momento ao que se refiren. Reflexionar sobre as diferenzas entre dúas versións dunha mesma carta emitida a diferentes destinatarios. Analizar o emprego e a función de conectores discursivos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

O Defensor do Espectador é, nunha canle de televisión, a persoa responsable do exercicio da autocrítica interna. A súa función consiste en recibir as queixas, dúbidas, reclamacións e suxestións dos espectadores e logo transmitirllas á dirección deste medio a través dun informe. Deste xeito, a dirección sabe da opinión da audiencia e decide os cambios que se deben facer na súa programación para mantela ou mellorala.

ANTES DE COMEZAR

Remita os seus alumnos ás conclusións ás que chegaron na actividade anterior acerca da programación de TeleGA. Se as conclusións foron que a programación non responde ás intencións orixinais, explíquelles que esta é tamén a opinión dun espectador que, enfadado, escribiu unha carta de reclamación ao departamento do Defensor do Espectador. Se as conclusións son que si responde ás intencións en gran medida, explíquelles que hai un espectador que non comparte a mesma opinión e, un ano despois do nacemento de TeleGA, decidiu expresar o seu malestar nunha carta ao devandito departamento.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que lean a carta e sinalen os aspectos que máis lle molestan ao seu autor. Cando remataren, anímeos a contrastar os seus resultados cos dun compañeiro e faga despois unha posta en común na clase.

Solución

Os contidos non son galegos, senón unha copia dos programas das demais televisións.
A programación non é innovadora.
Os vídeos caseiros son aburridos.
O ton dos presentadores do telexornal é desenfadado e pedante.
O humor dos magazines e dos concursos é de trazo groso.
O contido machista dalgúns programas.

B. Dígalles aos seus alumnos que volvan ao texto e que se fixen nas frases subliñadas. Explíquelles que son oracións que, nun período complexo, sitúan no tempo a acción da oración principal e pídalles que identifiquen as que se refiren ao presente, ao pasado e ao futuro. Concédalles uns minutos para que o fagan, individualmente, e cando rematen leve a cabo unha posta en común.

Solución

Presente*: … cando preparan a grella de TeleGA?*
… mentres os rapaces merendan…
Pasado*: … cando vostedes dixeron e se publicitaron como unha canle galega…*
Futuro*: … cando cumpriren de veras todo o que prometeron…*

A continuación, pídalles que observen o período completo no cal se insire cada unha destas oracións e que identifiquen a forma verbal da oración que a acompaña en cada caso (a oración principal). Se lle parece necesario, debuxe no encerado unha táboa coma a da ***ficha 12*** e complétea coa axuda dos alumnos.

Logo, pídalles que volvan mirar detidamente as combinacións de tempos verbais entre a oración principal e a temporal na táboa do encerado e que, en parellas, pensen noutros exemplos de oracións nas cales se aluda a referencias temporais. Indíquelles que, á parte dos conectores que viron no texto, a referencia temporal tamén se pode introducir con **en canto, tan pronto como, ao, ata (que)**… e déalles un ou dous exemplos.

Dígalles que deben discutir as posibles formas de combinar os tempos verbais e facer polo menos dúas frases. Logo, propóñalles unha posta en común para asegurarse de que todas as súas frases sexan correctas. Se ao final non saen todas as combinacións posibles, exemplifíqueas vostede e, logo, remita os seus

alumnos á epígrafe “Correlación das formas verbais nas construcións temporais” da sección CONSULTAR, na páxina 62.

Se o considera necesario, pode realizar a seguinte actividade de sistematización e reforzo. Facilítelles aos seus alumnos unha fotocopia da folla de traballo que lle ofrecemos na ***ficha 13*** e pídalles que, por unha banda, clasifiquen as frases segundo se refiran ao pasado, ao presente ou ao futuro e, por outra, completen as columnas restantes. En canto rematen, faga unha corrección entre todos.

C. Coméntelles aos seus alumnos que a mesma espectadora decidiu enviarlle ao director de TeleGA a mensaxe anterior. Pídalles que, sen leren o segundo texto, observen os dous documentos e digan que diferenzas pode haber entre eles. É bastante probable que fagan referencia, polo menos, ao formato e á extensión. Dígalles que, individualmente, lean o texto e que o comparen co da mensaxe da epígrafe A. Cando vexa que teñen a actividade rematada, pídalles que discutan as súas respostas cun compañeiro. Concédalles uns minutos e faga, deseguida, unha posta en común.

Solución
Teña en conta que, en principio, se trata dunha actividade bastante aberta, polo que non hai unha clave concreta de resposta. De todos os xeitos, facilítanse a continuación algunhas suxestións.
O formato*: o primeiro texto é unha mensaxe electrónica e o segundo, unha carta formal. Isto implica diferenzas entre os dous documentos en canto á distribución do contido en parágrafos e ao tipo de marxe empregada.*
O rexistro*: no primeiro texto, malia predominar un rexistro formal, a función da linguaxe é máis apelativa e directa. Os temas ou argumentos son enunciados case sen transición entre eles, aínda que dentro dunha orde, ilustrando perfectamente a protesta e a reivindicación que representan. Na carta, os argumentos da remitente vanse introducindo máis pausadamente, cunha presenza maior de conectores e un vocabulario máis culto ou rebuscado. Ademais presenta un grao de formalidade maior no xeito de comezar e de rematar a carta. Aínda que tamén represente unha reclamación, o ton menos desenfadado e a orientación que a remitente lle deu a este segundo documento fan que o seu discurso invite á reflexión e non se limite unicamente a reivindicar e a protestar.*

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 118, exercicio 2.A. e 2.D.

D. Pídalles aos seus alumnos que se fixen nos organizadores discursivos que van en grosa no texto da epígrafe C e pregúntelles se saben para que se empregan. Animeos a que fagan hipóteses e acepte todas as que sexan válidas, apuntándoas no encerado. Ao final, faga unha síntese na cal quede claro que **os organizadores discursivos serven para expresar relacións de diferentes significados entre as unidades ou para enlazar as ideas nun texto. Son moi necesarios na comunicación, xa que se utilizan para orientar e/ou estruturar as ideas da persoa que fala ou escribe.**

A continuación, dígalles que estes organizadores desempeñan varias funcións. Móstrelles as que van nas táboas que figuran nesta actividade e dígalles que, individualmente, deben colocar cada un dos elementos destacados na carta na columna máis axeitada, segundo a súa función. Déalles uns minutos e logo dígalles que comparen a súa clasificación coa dun compañeiro. Para rematar, corríxao nunha posta en común.

Solución
Ordenar**:** *antes que nada, asemade, por último, dito isto*
Expresar causa: *xa que, posto que*
Concluír: *en conclusión*
Expresar consecuencia: *por conseguinte*
Matizar: *de feito*
Expresar contraste: *aínda que, malia que*
Exemplificar: *como exemplo*

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 118, exercicio 2.B. e 2.C.

4. LINGUAXE PUBLICITARIA

Relacionar slogans de anuncios publicitarios cos seus respectivos produtos, identificar as técnicas de persuasión que utilizan e elaborar un slogan alternativo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Na publicidade comercial, que é a que se presenta na actividade, a linguaxe publicitaria ten dous grandes obxectivos: presentar un produto e intentar vendelo, introducindo varias connotacións positivas que fagan a súa adquisición máis desexable. Para iso utilízase a persuasión, que se caracteriza pola intención do emisor de producir un efecto no receptor: inducilo ao consumo dun determinado produto ou marca.
Para ser orixinal e innovadora, a linguaxe publicitaria emprega un amplo abano de recursos lingüísticos, o que a aproxima ás veces á linguaxe literaria. Algúns dos trazos lingüísticos máis frecuentes atopados nas mensaxes publicitarias son: **emprego da segunda persoa do singular ou da primeira do plural, interrogacións retóricas, formas imperativas, metáforas, comparacións, dobres sentidos, hipérboles, paradoxas, aliteracións, rimas, serie de adxectivos, tecnicismos, estranxeirismos, neoloxismos, expresións coloquiais ou populares e frases nominais** (sen verbos).

O slogan, ou frase publicitaria, é un enunciado breve e moi expresivo que emprega o anunciante para definir ou identificar o seu produto. Serve para reforzar a mensaxe, creando un lema suxestivo e apegadizo que o receptor poida recordar con facilidade e relacionalo inmediatamente co produto.

ANTES DE COMEZAR
Chame a atención dos seus alumnos sobre o título da actividade e pregúntelles se poden definir ou identificar a linguaxe publicitaria e os elementos ou as características que a compoñen. Anímeos a que fagan hipóteses e apunte no encerado todas as suxestións válidas. Se ao final non se mencionan as características que se indican en "Observacións previas", resuma vostede a información e asegúrese de que todos teñan unha definición clara e correcta do concepto.

Se lle parece conveniente, escriba no encerado as características máis frecuentes da linguaxe publicitaria (que van en grosa na sección anterior).

A continuación, escriba, por outra banda, os slogans que aparecen na epígrafe A e pregúntelles aos seus alumnos cales desas características poden identificar neles. Logo, asegúrese de que non teñen o libro aberto e pregúntelles con que produtos ou campañas publicitarias cren que están relacionados os slogans. Acepte todas as suxestións, pero non lles dea a clave, posto que se aclarará no desenvolvemento do seguinte paso.

PROCEDEMENTOS
A. Pídalles aos seus alumnos que abran o libro na páxina 61 e que se fixen nos slogans do cadro amarelo. Lémbrelles que son os mesmos que acaban de ver no encerado e que no cadro branco de máis abaixo están as campañas ás que fan referencia. Dígalles que, individualmente, deben relacionar cada slogan cunha das campañas ou produtos. Nese momento, tamén poderán comprobar se as súas suxestións no encerado eran acertadas. Cando rematen, pídalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro e, deseguida, faga unha posta en común.

Solución
Obtén un pura sangue: *coche de alta gama*
Cos pés no chan: *plan de pensións*
Todos iguais, todos diferentes: *integración de persoas con discapacidades*
Nas mellores mans: *unha marca de xoias.*

B. A continuación, dígalles que, en parellas, discutan o significado que pode ter cada unha das frases e a técnica de persuasión que empregou o emisor en cada caso. Recórdelles o concepto de persuasión e poña un exemplo se for necesario. Déalles uns minutos para que o fagan e, logo, corríxao entre todos.

Despois, propóñalles aos seus alumnos que, en grupos de tres ou catro, elaboren un slogan alternativo para cada un dos vistos en A, pero sen deixar de ter en conta os produtos ou campañas cos que se relacionan. Concédalles tempo para que o fagan e cando remataren pídalles que lles presenten os seus slogans aos demais compañeiros. Se o considera interesante, poderán logo, entre todos, votar e elixir o mellor slogan para cada caso.

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 119, exercicio 3.

5. É UN FUXEFUXE

Aprender e reflexionar sobre algúns mecanismos para a formación de adxectivos cualificativos. Identificar formas de expresar a involuntariedade.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos que palabras empregarían para cualificar unha persoa que nunca cumpre o que promete e ás veces incluso o esquece. Acepte as respostas que lle dean, sempre que sexan pertinentes, e recórdelles que se trata de adxectivos cualificativos. Apúnteos no encerado e, se ao final non xorden exemplos como **mentireiro, esquecedizo** ou **distraído**, póñaos vostede mesmo.

PROCEDEMENTOS
A. Dígalles aos seus alumnos que en cada unha das seguintes frases se fala dunha terceira persoa e se empregan adxectivos para cualificala. Pídalles que identifiquen e subliñen o adxectivo en cada caso. Cando rematen, faga unha corrección entre todos e asegúrese de que entenden o significado dos adxectivos identificados. Logo, escríbaos no encerado, en distintas columnas: *cara lavada, teimoso, insociable*.

A continuación, dígalles que, en parellas, discutan como se formou cada un dos devanditos adxectivos. Pregúntelles, por exemplo, con que outras palabras os poden relacionar e que cambios ou diferenzas presentan en relación con elas. Déalles uns minutos e, logo, faga unha posta en común, deixando claro no encerado os tres procesos de formación de palabras implicados. Aproveite este momento e inclúa na columna máis axeitada os adxectivos que achegaron na epígrafe "Antes de comezar".

Solución
cara lavada – *composición;* teimoso – *sufixación;* insociable – *prefixación*

B. Dirixa agora a atención dos seus alumnos á lista de adxectivos e explíquelles que todos (*agás festeiro*) se poden empregar para expresar un xuízo negativo sobre unha persoa. Asegúrese de que todos coñecen o seu significado e aclare o que faga falla. A continuación, dígalles que, individualmente, deben observar cada palabra da lista e descubrir con que outra palabra se relacionan. Logo, deben distribuílas en distintos grupos, de acordo co proceso de formación de palabras que comparten (prefixación, sufixación ou composición). Cando remataren, dígalles que comparen os seus grupos de palabras cos dun compañeiro e, logo duns minutos, faga unha corrección entre todos. Marque ou subliñe os afixos no encerado e asegúrese de que todos sexan capaces de recoñecelos. Así mesmo, móstrelles por separado os termos que forman as palabras compostas.

Solución

Formadas por prefixación
***des**considerado/a* ***in**xusto/a* ***des**organizado/a* ***im**paciente* ***ir**responsable* ***des**axeitado/a*
Formadas por sufixación
*abu**són/ona*** *mentir**eiro/a*** *fachend**oso/a*** *alt**ivo/a*** *fest**eiro/a***
Formadas por composición
malfalado/a *comecartos* *falabarato* *fuxefuxe*

Pídalles agora aos seus alumnos que, coa mesma parella, intenten ampliar a lista engadíndolle polo menos un exemplo máis a cada columna. Se lle parece pertinente, remítaos á epígrafe “Formación de cualificativos” da sección CONSULTAR, na páxina 62, para que poidan esclarecer calquera dúbida ou buscar máis exemplos. Antes de pasar á seguinte epígrafe, dispóñase a coñecer todas as palabras que sumaron á lista, facendo as correccións necesarias.

C. Dígalles aos seus alumnos que as seguintes frases se completan cun adxectivo cualificativo. Pídalles que, individualmente, escollan na lista da epígrafe anterior o adxectivo máis axeitado para completalas en cada caso. Advírtaos de que, nalgunhas delas, pode ser válido máis dun adxectivo. Concédalles uns minutos e, en canto rematen, faga unha posta en común.

Solución
1. abusona/inxusta; 2. fuxefuxe; 3. desconsiderado(a)/impaciente; 4. mentireira; 5. festeiro; 6. desorganizado/irresponsable

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 119, exercicio 4 e 5.

D. Aproveite para chamar a atención dos seus alumnos sobre as dúas formas de expresar a involuntariedade da acción. Pídalles que as localicen na frase 6 da epígrafe anterior e que, cun compañeiro, comenten en que consisten e intenten poñer outros exemplos. Se percibe que teñen dificultades para identificalas, axúdelles para que logo leven a cabo o resto da actividade. Déalles uns minutos para que o fagan e, logo, propoña unha corrección entre todos. Para rematar, escoite os exemplos que suxeriron, asegurándose de que todos estean correctos.

Solución
A primeira das formas consiste no emprego dunha oración pronominal na que o obxecto se converte en suxeito da acción verbal e a persoa, acompañada do pronome de obxecto indirecto, se presenta como receptora involuntaria desa acción.
… ***lle desaparecen os papeis importantes***
A segunda forma consiste no emprego do verbo co pronome se para presentar o proceso ou o resultado dunha acción sen aludir á intervención de ningunha persoa.
… ***a súa axenda pérdese** a miúdo.*

practicar e comunicar

6. AUDIOVISUAL GALEGO

Ler un texto, escoitar a entrevista que lle deu orixe e engadirlle máis informacións. Identificar verbos que introducen discursos nun texto e buscarlles sinónimos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
O Clúster Audiovisual Galego é unha coalición de 49 compañías que configuran a industria audiovisual galega, as máis innovadoras do sector en canto ao proceso de produción e distribución de produtos audiovisuais e de novas tecnoloxías. Son 49 empresas decididas a aumentar os seus negocios a través da mutua cooperación para o desenvolvemento de proxectos empresariais que convertan a Galicia nunha importante referencia da industria audiovisual.

ANTES DE COMEZAR
Remita os seus alumnos ao título da actividade e preguntelles que significa. Se non contestan, anímeos a faceren hipóteses sobre o tipo de cousas co que pode estar relacionado. Acepte as alternativas que indiquen, pero asegúrese de que entendan que se trata dun **conxunto ou arquivo das producións artísticas que combinan son e imaxe realizadas ou dobradas en lingua galega e sempre relacionadas co contorno galego**. Explíquelles, ademais, que esas producións abranguen unha ampla variedade de traballos: longametraxes, curtametraxes, documentais, reportaxes, filmes de animación ou bandas deseñadas, entrevistas, docuseries, teleseries etc. O audiovisual galego non só recompila todas as producións, senón que tamén arquiva a súa ficha técnica e varios datos ou comentarios publicados sobre elas. Así mesmo, rexistra información relacionada cos profesionais implicados neses traballos, divulga e informa as novidades nese ámbito.

PROCEDEMENTOS
A. Preséntelles a actividade aos seus alumnos e móstrelles a foto de Antón Reixa que aparece no texto. É bastante probable que algúns deles o coñezan e pode

aproveitar para preguntarlles se viron algún dos seus traballos, se saben se na actualidade participa nalgún programa de televisión etc. Se non saben, extraia os datos máis relevantes da súa biografía que se ofrece na mesma páxina e coméntellelos.

A continuación, pídalles que lean o texto individualmente. Concédalles o tempo necesario para que o fagan e asegúrese de que non teñen ningunha dúbida de vocabulario e/ou estrutura. Deseguida, explíquelles que van escoitar a entrevista na que o xornalista se baseou para escribir o texto. Deben intentar recoller, polo menos, tres informacións que non figuran nel. Poña a audición unha vez e pídalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro. Se nota que teñen dificultades en completar a tarefa, volva poñer a audición para que o fagan. Para rematar, faga unha posta en común, aclarando os resultados.

Solución (suxestión)

1. *As longametraxes, os telefilmes e os documentais supoñen unha programación a medio prazo para as cadeas, xa que antes da emisión en televisión teñen que respectar o tempo de estrea en sala e o de distribución en DVD.*
2. *A dotación dos 5% dos ingresos das televisións para a produción cultural é unha obriga legal e non ten nada que ver cos orzamentos ordinarios de explotación da tele.*
3. *O decálogo de prioridades presentado á Xunta tamén falaba dunha segunda canle.*
4. *A falta de orzamentos anterior á dotación xa comezaba a afectar a actividade do sector audiovisual.*

B. Indíquelles que algúns verbos que aparecen no texto introducen o discurso de Reixa ou explican o sentido das súas declaracións. Pídalles que volvan ao texto da epígrafe A, identifiquen eses verbos e, logo, propoñan un sinónimo para cada un deles. Cando rematen, dígalles que poden comparar os sinónimos que suxeriron cos que propuxo un compañeiro. Concédalles un par de minutos e faga unha corrección entre todos, asegurándose de que todos os sinónimos que propuxeron son válidos e axeitados para os respectivos contextos.

Solución

Verbos	*Sinónimos (suxestións)*
expresou	*declarou*
afirmou	*asegurou*
lembrou	*recordou*
insistiu	*fixo fincapé*
concluíu	*rematou, finalizou*

E DESPOIS

Se os seus alumnos mostraron interese pola información que lles facilitou sobre o audiovisual galego e os tipos de producións mencionadas, indíquelles que poden procurar nun buscador de Internet a páxina web do audiovisual.

7. PUBLICIDADE ENGANOSA

Ler unha serie de anuncios e comentar as expectativas que xeran. Inventar, a partir dun anuncio, un motivo para sentirse enganado.

ANTES DE COMEZAR

Léalles aos seus alumnos o título da actividade e pregúntelles: **Sabedes que é a publicidade enganosa? Algunha vez vos enganaron coa publicidade?**

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que algunhas persoas toman as mensaxes publicitarias moi **ao pé da letra**. Escriba esta expresión no encerado, explíquellela se for necesario, e ofreza algúns sinónimos como **literalmente** ou **de maneira estrita**, **tal e como se expresa**. Pídalles que lean os anuncios que hai a continuación e que valoren se poderían consideralos publicidade enganosa. Pregúntelles que falsas expectativas poderían xerar en cada caso. Deixe que o comenten en parellas ou pequenos grupos e faga despois unha posta en común.

B. Agora, pídalles aos seus alumnos que, en parellas, escollan un anuncio. Un deles deberá pensar nun motivo polo cal se podería sentir enganado e o seu compañeiro deberá poñerse na situación da empresa ou do produto do que se fai a publicidade. Logo, animeos a representaren os seus diálogos.

8. A GRAN FINAL

Ler un texto sobre un concurso de televisión e decidir se lles gustaría participar nel. Facerlles unha serie de recomendacións a dous concursantes que participan nun concurso de televisión cuxo obxectivo é cambiar de vida.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade e a seguinte forman un só bloque, polo que lle recomendamos realizalas na mesma sesión.

ANTES DE COMEZAR

Propicie entre os seus alumnos unha breve charla sobre o xénero televisivo coñecido como *reality show*. Para isto, pregúntelles: **Sabedes o que son os *reality shows*? Hai algún famoso no voso país? Védelo ou xa vistes algún? Que opinión tendes sobre este tipo de programas?**

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que no texto aparece unha descrición dun programa deste estilo: *Quen cumpre, gaña*. Pídalles que lean o texto con atención e subliñen as informacións máis relevantes para decidir se quererían participar nun concurso dese tipo. Se o

considera conveniente, pode ofrecerlles as seguintes preguntas como guía para a lectura.

En que consiste o concurso?
Cantos participantes hai?
Como se decide o gañador?
Cal é o premio?

B. Indíquelles aos seus alumnos que os concursantes do programa son Lois e Sonia. Pídalles que lean os seus perfís e que, en grupos de catro persoas, elaboren unha lista de cinco medidas que podería tomar cada un para mellorar a súa vida. Concédalles uns minutos e propoña logo unha posta en común. En principio, todas as respostas son válidas, sempre que non sexan incoherentes co perfil dos concursantes.

9. QUEN CUMPRE, GAÑA

Simular a final dun concurso de televisión na que todos votan para elixir o gañador. Escribir unha carta de reclamación.

PROCEDEMENTOS
A. Dígalles aos seus alumnos que a continuación van ver unha serie de propostas que fixeron os psicólogos e os amigos dos concursantes Lois e Sonia. Infórmeos de que as propostas están mesturadas e, cos mesmos compañeiros da actividade anterior, teñen que asignarlle cada unha delas ao concursante que mellor lle acaia. Anímeos a compararen as propostas da actividade coas das listas que fixeran previamente para ver se coinciden con algunhas recomendacións. Ao final faga unha posta en común para asegurarse de que todos entenderon ben a actividade.

Solución
Sonia*: 2, 5, 7, 8.*
Lois*: 1, 3, 4, 6, 9, 10, 11.*

B. Explíquelles aos seus alumnos que van escoitar unhas testemuñas que falan sobre os concursantes e deben valorar ata que punto cumpriu cada un o que lle fora proposto. Facilítelles as táboas da ***ficha 14*** e pídalles que a vaian completando mentres escoitan.

De non conseguiren completar o cadro cunha soa audición, póñallela outra vez para que o fagan. Cando rematen, faga unha corrección entre todos.

Solución
Sonia
Cumpriu: *coidar os peixes, ir á clase de solfexo e música, preparar pratos saudables.*
Non cumpriu: *ler os libros (ben).*
Lois
Cumpriu: *frecuentar un grupo de excursionismo (aínda que non se relacionase con ninguén), usar roupas doutras cores, asistir ao curso de baile, falar con algunhas persoas.*
Non cumpriu: *aceptar plans imprevistos, saltar horarios fixos, sorrir.*

Propóñalles aos seus alumnos que discutan no mesmo grupo cal dos concursantes cumpriu mellor as propostas que lle fixeron. Concédalles uns minutos e, logo, dígalles que van facer unha votación individual para elixir o gañador do concurso. Pode escoller entre dúas alternativas para facelo: con voto oral (aberto): escriba no encerado os nomes dos concursantes; pregúntelle directamente a cada estudante a quen lle dá o seu voto e anóteo no lugar correspondente. Así mesmo, pode optar polo voto escrito (secreto): distribúalles aos alumnos un papeliño e dígalles que deben escribir nel o nome do concursante que consideren gañador. Recóllaos e vaia apuntando no encerado os votos para cada concursante.

C. A continuación, dígalles aos estudantes que imaxinen que a escolla do gañador a fixese un suposto tribunal. Pídalles que, individualmente, se coloquen no lugar do concursante que perdeu e que non está de acordo co resultado. Así, cadaquén debe escribir unha carta de reclamación dirixida ao xurado, na que expón o seu desacordo e argumenta o seu razoamento.

Indíquelles que, se o necesitan, tamén poden volver á actividade 3 e á sección CONSULTAR desta unidade para obteren axuda en canto a formato, estrutura e recursos lingüísticos empregados nese tipo de carta. Logo, concédalles uns vinte minutos para que o fagan. Cando remataren, recolla as súas cartas para facer a corrección e devólvallelas na clase seguinte.

cultura

10. TELENOSTALXIA

Ler un texto sobre a historia da Televisión de Galicia e comentalo. Comparar a programación de dúas grellas da TVG en dúas datas distintas e detectar os cambios nos gustos dos telespectadores.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Vivir aquí é un programa divulgativo que está baseado en feitos reais e se emite coa participación da cidadanía, que pode deixar unha mensaxe nun contestador da TVG ou enviar á súa páxina web as fotos e/ou vídeos que queira. Seguíase emitindo no momento da grella indicada na actividade para o ano 2008, aínda que non figure nela, probablemente polo feito de que non coincidía co día de emisión. A continuación, achégase unha breve información sobre o tipo dalgúns programas.

Mira de axuste (para axustar as cores do televisor. Non se trata dun programa.)
Bos días (informativo: telexornal)
Venres show (programa musical)
O tragaluz (magazine cultural)
Remate (peche programación)
Natureza (divulgativo: reportaxes relacionadas co contorno natural galego)
Pillados (programa de cámara oculta)
Alalá (divulgativo: folk ou música tradicional galega)
Hai debate (informativo: debates sobre temas da actualidade)
A sentinela (relixioso: espazo dedicado á relixión católica)

ANTES DE COMEZAR
Pídalles aos seus alumnos que manteñan os seus libros pechados e pregúntelles que entenden por **telenostalxia**. Se nota que teñen dificultades en contestar, pregúntelles cal é o significado da palabra **nostalxia** por separado. É bastante probable que algúns deles sexan capaces de respondelo. Se non o fan, aclároo vostede e volva preguntarlles polo significado do título da actividade. Agora si, é practicamente seguro que saberán explicar que é o sentimento de nostalxia relacionado coa televisión, é dicir, o feito de botar de menos algún(s) programa(s) que había no pasado nalgunha grella televisiva e que no presente xa non se emite(n). No caso de que non o digan, fágao vostede, asegurándose de que todos o entendan perfectamente. A continuación, pregúntelles se asocian algún momento ou período da súa vida a algún programa de televisión.

PROCEDEMENTOS
A. Pregúntelles se ven moito a Televisión de Galicia. Aproveite para remitilos á grella televisiva que viron na actividade 2 (na sección COMPRENDER) e pregúntelles que tipo(s) de programas adoitan ver na devandita canle. Tome nota do que vaian mencionando no encerado. Deseguida, pregúntelles se lembran con nostalxia algún programa que xa non se emite. Se os seus alumnos son estranxeiros e non coñecen a TVG, explíquelles que se trata dunha televisión autonómica de Galicia, a primeira canle que emitiu en lingua galega, e animeos a falaren da programación que botan de menos nunha canle que coñezan do seu lugar de orixe. De todos os xeitos, aproveite a oportunidade para indicarlles que na páxina web da TVG poden ver todos os programas que forman parte da súa grella. A continuación, pregúntelles que saben da historia da TVG. Pódelles axudar con preguntas do tipo: **Cando estreou?** ou **Que programas emitía?** etc. Apunte no encerado o que digan para logo contrastalo coa información do texto.

B. Agora pídalles que abran o libro na páxina 67 e que, individualmente, lean o texto e subliñen toda a información que lles pareza curiosa ou relevante. Cando rematen a lectura, dispóñaos nun gran círculo (se o número de alumnos e o espazo llo permitiren) e invíteos a comentaren os aspectos que máis lle chamaron a atención (o que subliñaron durante a lectura). Aproveite ese momento para contrastar a información do encerado que proporcionaron na epígrafe A coa que se atopa no texto e, no caso de que haxa algunha equivocación, corríxaa.

C. Dígalles que a continuación dispoñen de dúas grellas da TVG, correspondentes a dous momentos diferentes, entre os cales hai un intervalo de 20 anos. Pídalles que, en grupos de tres, se fixen nos tipos de programas dominantes en cada unha para diferencialas e así constataren os cambios que cren que ocorreron nos gustos dos telespectadores galegos. Se teñen dúbidas sobre o tipo dalgún dos programas da grella, axúdelles a aclaralas. Para rematar, faga unha posta común na que todos poidan comentar as mudanzas que observaron.

11. XORNALISMO E LITERATURA

Ler un texto e discutir sobre os problemas que se tratan nel. Decidir cal é a mensaxe do texto e argumentar a súa opinión.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos que cren que hai de común entre o traballo dun xornalista e o dun escritor. Acepte como respostas as informacións que acheguen, sempre que sexan coherentes. Logo, pregúntelles se coñecen algún escritor galego que tamén colabora ou colaborou coa prensa escrita. Se non mencionan ningún e o considera pertinente, coméntelles algúns dos seguintes exemplos: Manuel Curros Enríquez (1851 - 1908), Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao (1886 - 1850), Álvaro Cunqueiro Mora (1911 - 1981), Celso Emilio Ferreiro (1912 - 1979), Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938). Ao final, mencione a Carlos Casares, destacando os datos máis relevantes da biografía que se ofrece na actividade.

PROCEDEMENTOS
A. Dígalles aos seus alumnos que a continuación van ler un artigo de Carlos Casares. Pídalles, primeiramente, que se fixen na imaxe e no título do texto do lado e que fagan hipóteses sobre que problema ou cuestión social se pode atopar nel. Acepte as respostas que lle digan e apúnteas no encerado. Logo, pídalles que lean o artigo, individualmente. Cando remataren a lectura, dígalles que formen parellas ou grupos de tres e comenten cos compañeiros os problemas actuais que se atopan (directa ou indirectamente) no texto. Así mesmo, infórmeos de que cada un debe dicir cal é a principal mensaxe que transmite o texto e argumentar ante os compañeiros do grupo a súa opinión. Despois, faga unha posta en común para que todos manifesten o seu punto de vista.

B. Pregúntelles aos seus alumnos como era o primeiro televisor que lembran. Se lle parece pertinente, comece

vostede falando do seu (pode inventalo) e anímeos a que o sigan facendo por quendas. Pregúntelles tamén polas innovacións no ámbito audiovisual que máis lles chaman a atención, e dígalles que non se limiten á información do artigo de Casares que acaban de ler, senón que tamén teñan en conta todas as novidades introducidas no devandito ámbito ata o momento no que están realizando esta actividade. Se o desexa, pode completar a tarefa, pedíndolles que comenten tamén o que ven de positivo e de negativo neses novos recursos. Para rematar, propóñalles unha posta en común.



UNIDADE 6

Lugares con encanto

Remita os seus alumnos ao título da unidade e pídalles que describan un lugar con encanto (se é necesario, explíquelles o significado de **ter encanto**). Apunte no encerado as súas respostas e centre a súa atención na fotografía (trátase do porto de Fisterra). Anímeos a que conversen cun compañeiro sobre as seguintes cuestións: **Credes que este lugar ten encanto? Por que? Podes sinalar un lugar que teña encanto para ti?** Deixe que falen uns minutos e, logo, faga unha posta en común.

Para rematar, presente os obxectivos da unidade e a tarefa final: escribir un texto poético sobre a cidade onde estudan galego.

comprender

1. DOUS LUGARES PARA DESCUBRIR

Ler dous textos sobre diferentes lugares, identificar neles determinados elementos e poñerlle un título a cada un. Describir un lugar. Suxerir títulos para un texto descritivo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Pode procurar máis fotografías das Illas Cíes e do Parque Natural das Fragas do Eume e mostrarllas á clase despois de que os alumnos realicen a lectura dos textos da epígrafe A.

ANTES DE COMEZAR
Pídalles aos seus alumnos que se fixen unicamente nas fotografías que aparecen e pregúntelles se saben que lugares representan e en que parte da xeografía galega se atopan. Así mesmo, pídalles que comenten as semellanzas e diferenzas que se poden observar entre os dous lugares.

PROCEDEMENTOS
A. Explíquelles que nos dous textos figuran elementos que indican situación, propiedades, partes, principais características e compoñentes de ambos os enclaves. Pídalles que fagan unha lectura individual do primeiro texto e que apunten estes datos no seu caderno. Concédalles uns minutos e, cando rematen, faga unha posta en común na clase.

B. Dígalles aos seus alumnos que se fixen na estrutura dos textos e que comproben o que lles falta. É bastante probable que non tarden en decatarse polo título, debido ao recadro que figura no seu lugar. Pídalles que, individualmente, lle poñan un título a cada un dos textos. Cando remataren, faga unha corrección entre todos, sistematizándoa en dúas partes: na primeira, cada alumno vai dicir o título para o texto das Illas Cíes, razoando a súa proposta; na segunda, farán o mesmo para o texto das Fragas do Eume. Ao final, poden opinar sobre os títulos que lles pareceron máis fundamentados ou creativos.

C. Pídalles aos seus alumnos que formen grupos de tres e explíquelles que cada un deles vai preparar individualmente unha breve descrición dun lugar que coñeza. Logo, os seus compañeiros de grupo deberán adiviñar de que lugar se trata. Remítaos á mostra de lingua e, se o considera necesario, ofrézalles outro exemplo. Dígalles que, se aos compañeiros lles resulta difícil adiviñar o lugar, poden facilitarlles algunhas pistas que non entraron na descrición, como se é unha aldea, unha vila ou unha cidade; en que provincia se atopa; que atractivos turísticos ten etc. Déalles tempo suficiente para que todos os membros do grupo participen.

D. Explíquelles aos seus alumnos que deben pensar no seu lugar de orixe e nun título que podería encabezar un texto descritivo sobre el. Pídalles que o escriban e o comenten cos seus compañeiros de grupo. Se lle parece oportuno, pode comezar vostede, escollendo un título para a súa terra natal ou para o lugar no que está impartindo clases de galego.

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 120, exercicio 1.

explorar e reflectir

2. VILAS PINTORESCAS

Ler dous textos sobre dúas vilas galegas e seleccionar nunha lista adxectivos que se asocian a cada unha. Reflexionar sobre o emprego de partículas relativas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
O significado do adxectivo pintoresco que se aplica neste contexto emprégase para describir algo que chama a atención por ser orixinal ou por saír do común, que presenta una imaxe bela, agradable e única, moi axeitada para ser pintada.

Traia á clase fotografías ou postais de varios lugares da xeografía galega: O Cebreiro, Os Ancares, Noia, Muros, Corcubión, Muxía, Lorbé, San Andrés de Teixido, Pontedeume, Camariñas, Santa Tegra…

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos: **Sabedes que é un lugar pintoresco? Coñecedes algún?** Se entre as súas Se entre as súas respostas non dan unha definición que se axuste ao significado empregado neste contexto, explíquellelo vostede. A continuación, móstrelles as fotografías e pídalles que, en grupos de tres ou catro, intenten recoñecer os lugares e respondan se son pintorescos ou non. En caso de que contesten afirmativamente, pídalles que a xustifiquen. Déalles uns minutos e, logo, propóñalles unha posta en común para establecer unha serie de características que deben ter os lugares pintorescos.

Dirixa agora a atención dos seus alumnos á lista de adxectivos e expresións da páxina 72 e pídalles que os clasifiquen en tres grupos: os positivos, os negativos e os neutros. Anímeos a contrastaren a súa clasificación coa dun compañeiro e faga despois unha posta en común. Resolva as posibles dúbidas de vocabulario que xurdan e teña en conta que se poderán facer distintas clasificacións, dependendo do punto de vista de cada alumno. Pode atopar unha posible clasificación na ***ficha 15***.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que os textos que aparecen a continuación describen dúas vilas pintorescas galegas: Combarro (na provincia de Pontevedra) e Mondoñedo (en Lugo). Pídalles que lean os textos e lle asignen a cada unha delas os adxectivos que lles parezan máis axeitados. Acepte todas as respostas, sempre que sexan coherentes ou se xustifiquen.

Solución (suxestión)

Combarro: *orixinal, limpa, gastronómica, antiga, histórica, chea de vida, unha xoia, un encanto, ben conservada, un gozo para os sentidos, atractiva, donosa, animada.*
Mondoñedo: *literaria, monumental, histórica, antiga, gastronómica, ben conservada.*

B. A continuación, dirixa a atención dos seus alumnos á primeira frase do texto sobre Combarro; en concreto á expresión **en cuxa postal,** e pregúntelles se saben a que palabra se refire **cuxa**. Anímeos a leren outra vez os dous textos, fixándose nas expresións destacadas en grosa e a detectaren a que palabras se refiren.

Solución

en cuxa: Combarro
á que: a vila
dos cales: os máis de 30 hórreos de pedra
nas cales: as casas mariñeiras
onde: os bares e restaurantes de Combarro
para quen: o turista
na cal: a vila
cuxa: a súa catedral
sobre a que: a Fonte Vella
quen: Carlos Filgueira García
onde: un gran mercado medieval
entre os cales: varios monumentos

Como unha práctica para a sistematización, pode pedirlles que fagan un par de frases nas que empreguen estas estruturas de relativo. Remítaos á epígrafe "Partículas relativas" da sección CONSULTAR, nas páxinas 74 e 75. Faga fincapé no uso do pronome **que** para referirse tanto a persoas como a obxectos e lugares, e no emprego de **quen** só con persoas no singular, excepto co verbo ser (Resumo gramatical, páxina 139).

Cando remataren, pídalles que comparen as súas frases coas dun compañeiro. Para terminar, faga unha posta en común na que todos lean as súas frases, e asegúrese de que todas as estruturas que presentaron están correctas.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 120, exercicio 2.
Páxina 121, exercicio 3.B.

3. A PARTE DO TODO

Observar a diferenza de significado entre as oracións de relativo especificativas e as explicativas.

ANTES DE COMEZAR

Móstrelles aos seus alumnos as imaxes que aparecen na ***ficha 16*** e as frases que as acompañan. Se teñen dificultades para atopar a diferenza entre elas, pode preguntarlles en cal das dúas frases se podería suprimir a oración de relativo **que están enriba da mesa** sen que se producise un cambio de significado. Dígalles, ou confirme, que se podería eliminar na primeira, xa que, se se suprimise na segunda, pensariamos que os tres ramos de flores son para Carme.

PROCEDEMENTOS

A. A continuación, pídalles aos seus alumnos que observen as oracións da actividade e que indiquen como interpretan cada unha delas, sinalando a diferenza. Logo, dígalles que, con un ou dous compañeiros, deben comparar as súas interpretacións. Ao final, faga unha posta en común e asegúrese de que todos entenderon a diferenza.

Solución

a. Pode haber máis dunha igrexa na vila.
b. Só hai unha igrexa na vila.
a. Todos os homes levaban traxe e ningún foi admitido na festa.
b. Os outros homes, que non levaban traxe, foron admitidos na festa.
a. Todos os traballadores recibirán o aumento de salario.
b. Só algúns dos traballadores recibirán o aumento de salario.

Logo da posta en común, aproveite para explicarlles que as oracións relativas **especificativas** achegan unha información necesaria para distinguir o antecedente ao que se refire entre un grupo de elementos. Por outra banda, as **explicativas** achegan simplemente unha información adicional que se podería suprimir. A continuación, remítaos ao título da actividade e aclárellelo: as oracións especificativas refírense a unha parte do todo e as explicativas, ao todo. Por último, remítaos á epígrafe "Oracións de relativo" da sección CONSULTAR, na páxina 74.

4. QUEDEI ALUCINADA

Ler as expectativas e impresións de varias persoas sobre unha cidade e contrastalas coas propias. Analizar algunhas correlacións verbais e propoñer alternativas para substituílas. Aprender recursos para falar de ideas previas e expectativas.

PROCEDEMENTOS

A. Remita os seus alumnos ao título da actividade e pregúntelles se coñecen o significado da expresión. En caso negativo, aclároo. Se o considera conveniente, pode remitilos nese momento á sección "Falar de sentimentos" da sección CONSULTAR, na páxina 75. Explíquelles entón que se trata do comentario que fai unha persoa que estivo en Lisboa. Anímeos a faceren hipóteses sobre as razóns que puideron levala a dicir isto con respecto a esa cidade. Aclárelles aos seus alumnos

que non é necesario que estivesen alí, dado que seguramente xa oíron falar moitas veces dela.

Deseguida, dígalles aos seus alumnos que van ler os testemuños que diversas persoas colgaron nunha páxina web sobre viaxes. Todos fan referencia á cidade de Lisboa. Pídalles que os lean e que, en grupos de tres ou catro, expoñan o que máis os sorprende, estraña, decepciona etc. desas opinións. Pode ofrecerlles un exemplo respecto do primeiro comentario:

Eu pensaba que ía atopar moito tráfico e moito ruído, pero pareceume unha cidade bastante tranquila.

- *Ah, pois eu cría tamén que Lisboa era moi ruidosa e que tiña un tráfico horrendo. De feito, un amigo meu que viviu alí dixérame que sempre hai atascos e que, ademais, todo o mundo se move en coche alí.*

Faga despois unha posta en común na clase.
A continuación, dirixa a atención dos seus alumnos ás expresións que aparecen en cores no texto e explíquelles que se trata de recursos para expresar expectativas que se tiñan previamente. Pídalles que as clasifiquen en dous grupos: aquelas nas que o falante recorda un momento anterior á visita e aquelas nas que o falante se sitúa durante ou despois desta.

Solución
Antes da visita
Eu pensaba que ía…
Eu esperaba que ía…
Eu tiña a idea de que era…
Eu lera…
Eu esperaba atopar…
Eu oíra que en Lisboa había…
Eu esperaba atopar…

Durante ou despois da visita
Sorprendeume ver que non había…
Sorprendeume que houbese…
Sorprendeume que fose…
Defraudoume moito a comida…
Estrañoume que o transporte funcionase…
Non esperaba que houbese tantos…
Quedei alucinada…

Fágaos ver que, no caso das expresións clasificadas como **Antes da visita**, o verbo introdutorio aparece ou ben en copretérito ou ben en antepretérito, mentres que, no caso das expresións clasificadas como **Durante ou despois da visita,** o verbo introdutorio aparece en pretérito ou na forma negativa do copretérito.

B. Dígalles agora que se fixen nas formas verbais que se combinan nas frases. Anímeos a deduciren, a partir dos exemplos, unha regra de emprego das formas verbais ao falar de ideas previas ou expectativas. Pídalles que, cun compañeiro, discutan se hai outras alternativas de correlacións en cada caso. Remítaos á epígrafe “Falar de ideas previas ou expectativas” da sección CONSULTAR, na páxina 75, para que vexan novos exemplos e corroboren as súas hipóteses. Déalles uns minutos para que o fagan e logo propóñalles unha corrección entre todos.

Solución
*Eu **pensaba** que **ía**… / Eu **pensaba** que **iría**…*
*Eu **esperaba** que **ía**… / Eu **esperaba** que **iría**…*
*Eu **tiña** a idea de que **era**… / Eu **tiña** a idea de que **sería**..*
*Eu **esperaba atopar**…*
*Eu **oíra** que en Lisboa **había**… / Eu **esperaba** que **atoparía**..*
*Eu **esperaba atopar**…*
***Sorprendeume ver** que **non había**…*
***Sorprendeume** que **houbese**…*
***Sorprendeume** que **fose**…*
***Estrañoume** que o transporte **funcionase**…*
*Non **esperaba** que **houbese** tantos… / Non **esperaba** (**atopar**)*

C. Pídalles agora que pensen nalgunha cidade que visitaron e da que se lembren ben e que pensen nas expectativas que tiñan antes de visitala e logo nas súas impresións posteriores á visita. Anímeos a que se fixen na mostra de lingua que se ofrece na actividade e concédalles un minuto para que, individualmente, ordenen as súas lembranzas, apuntando as notas que queiran. Logo, anímeos a compartiren as súas experiencias con outros compañeiros (en grupos de tres ou catro).

5. PARTICIPIOS

Coñecer e utilizar os participios na función de adxectivo nalgunhas construcións pasivas. Familiarizarse coa voz pasiva.

ANTES DE COMEZAR
Escriba no encerado os seguintes verbos en infinitivo: **construír, bañar, publicar, situar, bautizar, celebrar**. Pregúntelles aos seus alumnos se saben os participios destes infinitivos e escríbaos ao lado, segundo lles vaian saíndo. Explíquelles que os participios poden funcionar como adxectivos e que, nese caso, concordan en xénero e número co substantivo ao que se refiren. Forme os femininos e os plurais dos participios anteriores e escríbaos.

PROCEDEMENTOS
A. Pídalles aos seus alumnos que, individualmente, lean as construcións do cadro verde. Cando remataren, pregúntelles **que teñen en común, por que e para que se empregan**. Considerando que fixeron o que se propón na epígrafe anterior, é bastante probable que non teñan moitas dificultades para contestaren a primeira pregunta, pero talvez para as dúas últimas si. Ao mellor, sería conveniente darlles un exemplo dunha frase completa, no encerado, como a seguinte:

O MARCO, inaugurado hai poucos anos na cidade de Vigo, atrae moitos visitantes.

Pregúntelles cal é o fragmento que se asemella aos das construcións do cadro verde. Cando o identifiquen, sublíñeo e fágalles preguntas como: **Que función credes que ten no enunciado? A que palabra se refire a forma de participio?**

Dígalles que poden discutilo en parellas e tomar notas das súas conclusións. Déalles uns minutos e logo faga unha posta en común.

Solución
Teñen en común: *son oracións de participio; todas comezan cun participio; o elemento ao que se refire o participio non figura na construción*;
Por que e para que se empregan: *porque non interesa quen practicou a acción en cada caso; para engadirlle á información algún dato adicional sobre o substantivo ao que se refire.*

B. Dígalles aos seus alumnos que as frases que están a continuación conteñen información referente a diferentes cidades galegas. Pídalles que, en parellas, escollan o fragmento máis axeitado do cadro verde para completar cada unha. Concédalles o tempo suficiente para facelo e, logo, faga unha corrección entre todos.

Solución
a. construído na boca da ría en 1577
b. bañada polo río Miño
c. publicado por primeira vez o 3 de novembro de 1853
d. situado á beira da praia homónima
e. bautizada polos romanos como "a cidade de ouro"
f. celebradas entre o segundo sábado e o terceiro domingo de agosto
g. construídos no alongamento da cidade a mediados do século XX

Se o considera conveniente, pode levar á clase fotografías das cidades que se mencionan e animar os seus alumnos a relacionalas coas informacións correspondentes.

Remítaos á epígrafe "Participios" da sección CONSULTAR, na páxina 75, e explíquelles que a pasiva é un recurso para transformar un dos complementos dun verbo no seu suxeito gramatical. Faga fincapé en que estas construcións son moi empregadas por motivos de cohesión do discurso, cando xa se contextualizou o elemento que se converte en suxeito, para non romper co que precede ou, simplemente, porque non interesa falar do suxeito do verbo. Explíquelles os dous tipos de voz pasiva que existen:

1. **Pasiva de proceso:**
   Fálase do proceso que sofre o suxeito e emprégase cunha maior frecuencia en textos xornalísticos, relatos de historia etc. Fórmase co verbo **ser** + participio pasado, que concorda co suxeito en xénero e número. Menciónelles, a título de exemplo, as frases **O castelo de San Felipe (foi) construído na mesma boca da ría en 1577** e **O xornal *Faro de Vigo* (foi) publicado por primeira vez o 3 de novembro de 1853.**

2. **Pasiva de resultado**
   O emprego deste tipo de pasivas está moi estendido. Nel o que interesa non é o proceso en si, senón o seu resultado. Fórmase co verbo **estar** + participio pasado, que concorda co suxeito en xénero e número. Pódelles poñer como exemplo a frase **O Orzán (está) situado á beira da praia homónima.**

C. Agora, pídalles aos seus alumnos que pensen en lugares que coñezan da súa localidade ou doutras e que elaboren frases como as da epígrafe B, utilizando formas de participio en función de adxectivo. Remate cunha posta en común na clase.

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 121, exercicio 4.

practicar e comunicar

6. A TÚA ESTRELA DAS VIAXES

Facerlle preguntas a un compañeiro para descubrir informacións relativas á súa vida persoal.

ANTES DE COMEZAR
Déalle a cada un dos seus alumnos unha cuartilla de papel.

PROCEDEMENTOS
Asegúrese de que os seus alumnos teñen o libro pechado e debuxe unha estrela no encerado. Logo, escriba nunha das súas puntas o ano no que vostede rematou os seus estudos (pode ser real ou ficticio) e anime os seus alumnos a comprobaren a que se refire a data, de xeito que se estableza un diálogo similar ao seguinte:

● **1998 foi o ano no que...**
○ **Foi o ano no que casaches?**
● **Non.**
■ **Que fuches a Montevideo?**
● **Tampouco; alí fun no 1996.**
❒ **Mmm. Xa sei. É o ano no que remataches a carreira?**
● **Exacto!**

Se lle parece necesario, repita este proceso con un ou dous datos máis para asegurarse de que todos entenderon a dinámica da actividade.

A continuación, explíquelles que van traballar en parellas e que cada un debe completar a súa estrela con información persoal referente a viaxes. Para isto, dígalles que, antes de

nada, deben formar as parellas e decidir quen vai ser o alumno A e quen vai ser o B. Logo, pídalles que abran o libro e que utilicen a cuartilla de papel para cubrir a información que non lles corresponde.

Indíquelles que primeiro completen individualmente a estrela, de acordo coas instrucións que aparecen na actividade, e que despois lle fagan preguntas ao seu compañeiro para descubrir a que se refiren os seus datos. Anímeos a empregaren as estruturas de relativos nas preguntas e a conversaren libremente sobre todo aquilo que lles chame a atención. Vaia paseando polos grupos para resolver posibles dúbidas.

7. QUEIXAS E PROTESTAS

Escoitar o testemuño dunha viaxeira sobre un problema que tivo nunha viaxe e opinar, poñéndose na súa situación. Ler informacións relacionadas cos dereitos e compensacións no servizo de transporte aéreo e comentalas cun compañeiro.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos que problemas pode ter un pasaxeiro nunha viaxe e se algunha vez tiveron eles algún. Se hai respostas afirmativas, pregúntelles se os problemas que tiveron foron nun aeroporto, nunha estación de tren ou de autobuses, ou mesmo coa axencia de viaxes. É bastante probable que polo menos algún deles teña algunha experiencia que contar, pero, se non é así, fágao vostede e cóntelles un caso (real ou ficticio) que non coincida co da viaxeira da epígrafe A. Sobre os problemas que poden ter os pasaxeiros, pode mencionar como exemplos: atrasos, *overbooking*, mala atención do persoal de cabina, mala calidade das comidas servidas durante o voo, condución imprudente ou temeraria, disparidade entre as características do paquete ofrecido pola axencia e as que se atoparon no destino…

PROCEDEMENTOS
A. Dígalles aos seus alumnos que van escoitar o testemuño dunha viaxeira, no cal fala dun problema que tivo nun aeroporto. Pídalles que tomen nota da información que lles pareza máis relevante ou que lles chame máis a atención. Poña a audición unha vez e, ao finalizar, comprobe se puideron recoller todos os datos. De non ser así, volva poñela unha vez máis

A continuación, dígalles que, en parellas, deben comentarlle ao compañeiro os aspectos que máis lles chamaron a atención e, logo, cada un debe dicir o que faría se estivese no lugar da viaxeira. Déalles uns minutos para que o fagan e, cando rematen, propóñalles unha posta en común, para ver en que coincide a opinión da maioría.

B. Explíquelles agora que no texto que teñen a continuación hai unha serie de informacións importantes para as persoas que viaxan. Pídalles que, primeiramente, fagan unha lectura individual e subliñen os datos que os sorprendan ou que descoñecían.

Cando rematen, pídalles que, coa mesma parella que traballaron na epígrafe anterior, comenten os datos que subliñaron e todos os dereitos mencionados no texto, centrando a súa atención na mostra de lingua que ofrece a actividade. Logo duns minutos, faga outra vez unha posta en común na clase.

Se lle parece conveniente, pode ampliar o debate facéndolles preguntas como: **Credes que son xustas as compensacións? Suxerides outros tipos? Cales? Por que? En que casos?**

8. FELICIDADE ALTERNATIVA

Ler un texto sobre os criterios que determinan a calidade de vida das persoas e expresar a súa opinión ao respecto. Elaborar un cuestionario para unha enquisa e valorar os resultados.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
O obxectivo desta actividade é realizar unha enquisa para determinar a calidade de vida dos habitantes dunha cidade, como, por exemplo, na que teñen lugar as clases de galego. Se se imparten en Galicia, os seus alumnos poden facerlles o cuestionario a persoas nativas. Se, polo contrario, o curso ten lugar fóra da comunidade galega, os estudantes poden levar a cabo unha actividade de mediación: prepararán as preguntas en galego, faránllelas aos habitantes na súa lingua materna e traballarán cos resultados para presentarllos despois en galego ao resto da clase. Outra alternativa que pode ser viable nun lugar de lingua nativa non galega é a posibilidade de lles facer a enquisa a outros estudantes de galego, sempre que teñan un nivel que lles asegure a competencia lingüística necesaria para comprender e contestar correctamente as preguntas.

ANTES DE COMEZAR
Segundo o que postulan as diversas relixións e escolas filosóficas, entre os factores que lle proporcionan felicidade a unha persoa están a paz interior, a liberdade de querer e a seguridade de estar no lugar correcto do universo. Polo xeral, a felicidade asóciase a emocións ou a sentimentos como a alegría ou a ledicia, o gozo, o amor e a satisfacción.

Procure (en Internet, por exemplo) fotografías relacionadas coas devanditas sensacións e proxécteas ou repártaas entre os seus alumnos, de xeito que todos poidan velas perfectamente. Logo, pídalles que, en pequenos grupos, describan cada imaxe e fagan unha listaxe das súas características máis significativas. É moi posible que acheguen respostas como: estar ben coa familia e cos amigos, gozar da natureza ou do aire libre, estar tranquilo etc. Iso vai preparar o terreo para a lectura do texto.

PROCEDEMENTOS
A. Explíquelles aos seus alumnos que unha serie de organizacións elaborou un estudo para determinar

o grao de felicidade dos habitantes de diferentes países. Anímeos a faceren hipóteses sobre os posibles candidatos, é dicir, os países participantes.

Logo, explíquelles que no texto se presentan as conclusións do estudo e os criterios que, segundo os seus autores, se deben seguir para ser máis feliz. Pídalles que o lean e que, en pequenos grupos, discutan se están ou non de acordo con eses criterios. A continuación, pídalles aos seus alumnos que, tendo en conta as ideas do texto, reflexionen uns minutos sobre o grao de felicidade do seu país ou comunidade e fomente unha conversa en pequenos grupos. Se na súa clase hai alumnos de diferentes culturas, procure que en cada grupo haxa estudantes de diferentes nacionalidades.

B. É probable que algúns dos seus alumnos non estivesen de acordo con todos os criterios da epígrafe A. Recórdelles este feito e explíquelles que agora teñen a oportunidade de elaborar os seus propios criterios. Pídalles que, nos mesmos grupos de traballo, determinen polo menos cinco criterios sobre os que elaborar un cuestionario sobre a calidade de vida ou a satisfacción dos habitantes dunha cidade.

Remítaos á mostra de lingua e déalles uns dez minutos para que se poñan de acordo en relación cos criterios que van empregar. Deseguida, pode mostrarlles os modelos de cuestionario que lle facilitamos na ***ficha 17***, para que escollan un. Se o prefiren, tamén.

Concédalles tempo suficiente para que elaboren o cuestionario en grupos e pasee pola clase para axudarlles cando o solicitaren.

Se está nun lugar onde se fala galego, propóñalles aos seus alumnos que lles pregunten aos coñecidos ou á xente da rúa e, logo, que fagan unha valoración final das súas respostas. Explíquelles que cantas máis persoas entrevisten, maior será a fiabilidade da enquisa. Se os seus alumnos non se atopan nun contexto de inmersión, anímeos a elaboraren un cuestionario en galego, a facerlles as preguntas na súa lingua nativa ás persoas que coñezan e, ao final, a traballaren cos resultados na clase e a prepararen a súa presentación outra vez en galego. Por outra banda, se no centro no que teñen as clases hai outros grupos de estudantes de galego, tamén se pode contar coa posibilidade de que os seus alumnos lles fagan a enquisa a eses estudantes, coas preguntas orixinais en lingua galega.

9. NO VERÁN

Falar dos cambios que se producen nunha cidade/vila ao longo do ano. Escoitar un testemuño de como eran as vacacións nunha vila, contrastar a información coa súa experiencia e identificar o que cambiou.

PROCEDEMENTOS

A. Remita os seus alumnos ao título da actividade e pregúntelles como o relacionan coas fotografías, é dicir, que relación hai coas imaxes que aparecen e o verán. Anímeos a falaren da súa cidade ou vila e pregúntelles que cambios observan durante os períodos de vacacións (no verán, durante as festividades etc.). Pode explicarlles os cambios que se dan na súa cidade ou na que vive (adornos especiais durante algunhas festas, modificacións na paisaxe segundo as estacións, movementos e concentración da poboación etc.). Pídalles que, en grupos de tres, compartan estas informacións cos seus compañeiros.

B. Explíquelles aos seus alumnos que van escoitar unha persoa falando de como eran as vacacións nunha vila galega. Pídalles que se concentren nas descricións que fai e que anoten a información máis importante. Poña o audio unha vez e, cando rematen, dígalles que, en parellas, comenten os datos que apuntaron. Se mostran interese en escoitar unha vez máis a gravación para aclarar calquera dato, volva poñérllela. Pídalles tamén que contrasten a súa experiencia coa que escoitaron e que falen dos cambios que observaron no lugar de onde proveñen. Deixe que falen uns minutos e, para rematar, dispóñaos en círculo e promova unha conversa na que todos acheguen información do que comentaron ao respecto.

10. SABES DE QUE SITIO FALO?

Falar de sensacións ou emocións experimentadas a partir de fotografías de diferentes lugares. Escribir un texto poético sobre un lugar.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade ten como obxectivo que os seus alumnos escriban un texto descritivo sobre un dos lugares das fotografías que se ofrecen. Se non coñecen ningún deles, pode deixar que o fagan sobre o lugar que prefiran.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que miren as fotografías e que escollan unha que lles guste especialmente. Concédalles cinco minutos para que, individualmente, escriban nun papel todas as sensacións e emocións que lles esperte ese lugar. Aclare que non se trata de describir a fotografía, senón de falar do efecto que produce sobre eles. Se o considera conveniente, pode poñerlles algunha música tranquila mentres escriben.

Transcorrido o tempo proposto, pídalles aos seus alumnos que formen grupos ou parellas segundo as cidades que escolleron, e anímeos a comentaren as súas impresións coas doutros compañeiros. Se moitos deles escolleron a mesma cidade, divídaos en varios grupos. Se, pola contra, quedan alumnos soltos, anímeos a que se unan a un grupo, para explicaren a súa elección. Logo duns minutos, faga unha posta en común na clase.

Se os seus alumnos fan comparacións ou empregan metáforas, anóteas no encerado.

B. Se na epígrafe anterior xurdiron comparacións ou metáforas, remita os seus alumnos a elas. Se non, poña no encerado as dúas frases seguintes e anímeos a comentalas.
Vigo é como unha gran ventá ao Atlántico.
A Coruña é a cidade de cristal.

Logo, fágalles ver a diferenza entre as dúas figuras literarias: a primeira é unha comparación e a segunda unha metáfora (unha figura retórica na que se identifica o termo real coa súa imaxe).

Convide os seus alumnos a faceren algo similar cunha cidade das que aparecen nas fotos ou con calquera lugar que coñezan. Indíquelles que lles axudará pensar na súa vida e nas súas experiencias nese lugar, lembrar os detalles que lles chamen a atención e as persoas que viven alí etc. Outra vez pode poñer música e deixarlles uns minutos para que escriban individualmente.

Pídalles despois que, en grupos de tres, comenten as súas ideas, as comparacións e as metáforas que fixeron. Propóñalles que compoñan un poema, no cal mesturen o material dos tres e empreguen todos os recursos aprendidos nesta unidade que consideren oportunos.

E DESPOIS
Pídalles aos seus alumnos que escollan un representante do grupo para ler o poema ante toda a clase.

cultura

11. QUE FACEMOS ESTE VERÁN?

Poñerlle un título a un texto baseándose no seu contido. Comentar e opinar sobre informacións extraídas do texto.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
A foto superior ilustra a Romaría Viquinga de Catoira, declarada festa de interese internacional e unha das festividades máis espectaculares de Galicia. Celébrase dende 1968 e ten lugar o primeiro domingo de agosto de cada ano, cando os participantes, a bordo de réplicas de barcos viquingos, representan as invasións viquingas que sufriu a vila hai máis de mil anos. A segunda foto é da praia de Malpica.

ANTES DE COMEZAR
Centre a atención dos seus alumnos na foto da Romaría Viquinga e pregúntelles: **Que vos parece ese tipo de celebración? Gustaríavos participar nela? Por que?** Se algún deles xa a coñece, anímeo a darlle máis información ao resto da clase. Se non, pídalles que a describan a partir da foto e que fagan hipóteses sobre o que pode representar ou simbolizar e cando se celebra. Se ao final non acadan unha resposta satisfactoria, transmítalles a información que lle facilitamos en “Observacións previas”. Deseguida, remítaos á segunda foto e pregúntelles se adoitan ir á praia no verán e con que frecuencia. Finalmente, chame a atención deles sobre o título da actividade e dígalles que ambas as fotos reflicten actividades ou lugares moi frecuentados polos galegos nas súas vacacións de verán: as festas tradicionais e a praia.

PROCEDEMENTOS
A. A continuación, invíteos a leren o texto individualmente e a propoñeren un título que resuma o seu contido. Concédalles tempo suficiente para facelo e logo pídalles que, en parellas, comenten os títulos que escolleron para o texto, xustificándoo. Logo duns minutos, propóñalles unha posta en común, para que coñezan as varias posibilidades do texto. Aclárelles que todas as alternativas son válidas, sempre e cando se relacione, explícita ou implicitamente, co contido do documento.

B. Dígalles que, co mesmo compañeiro da epígrafe anterior, deben comentar que lles pareceu a información que leron: se hai algo que os sorprendeu, algo co que non estean de acordo, algo do que dubiden ou que boten de menos. Para rematar, faga unha posta en común na que todos poidan opinar sobre o tema. Se os seus alumnos son galegos ou están en Galicia, pregúntelles se coñecen algún dos eventos que se mencionan no texto ou outros parecidos. En caso afirmativo, pídalles que lles dean aos demais compañeiros algunhas informacións ao respecto.

Se son estranxeiros ou están fóra de Galicia, anímeos a falaren sobre como pasa as vacacións de verán a xente do seu lugar de orixe e a faceren as debidas comparacións co que coñecen de Galicia nese ámbito.

12. AURIA

Ler un fragmento dun conto e identificar nun mapa algúns lugares que se mencionan no texto. Clasificar palabras que non se axustan á normativa do galego.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Se dispón dalgún exemplar de *Os Biosbardos* e dun mapa ou dun plano de Ourense, léveos á clase para mostrárllelos aos seus alumnos.

ANTES DE COMEZAR
Se dispón do devandito libro, preséntellelo aos seus alumnos e coméntelles os datos máis relevantes da biografía de Blanco Amor, que aparece na parte inferior

da páxina. Se mostran interese, anímeos a lela con máis atención como actividade para a casa.

Os **biosbardos** son seres imaxinarios non ben precisados e esta palabra emprégase, principalmente, nas expresións **andar aos biosbardos** ou **estar nos biosbardos**, co significado de estar moi distraído, fóra da realidades ou nas nubes.

PROCEDEMENTOS

A. A continuación, preséntelles a actividade e centre a súa atención no título do libro, asegurándose de que coñecen o significado da palabra **biosbardos**. De todos os xeitos, aclare que non ten que estar directamente relacionado co conto cuxos fragmentos van ler. A continuación, pídalles que lean o texto, individualmente. Cando remataren, aclare as posibles dúbidas de vocabulario e anímeos a redactaren, en parellas, un suposto final para o conto. Déalles tempo suficiente para que o fagan e logo, nun gran círculo, un representante de cada parella debe ler ou contar o final que inventou. Aínda que vostede coñeza o conto, non lles diga o seu final e, se mostran interese en descubrilo, anímeos a lelo.

B. Explíquelles que Auria vén da etimoloxía de Ourense (Auriense - relacionado co ouro) e é o nome que Blanco Amor adoita darlle a este lugar nos seus textos literarios. Pregúntelles se coñecen Ourense e, se hai respostas afirmativas, anímeos a contaren cales dos lugares mencionados no fragmento do conto poderían identificar. Se ninguén coñece esta cidade, coméntelles vostede os aspectos ou lugares que lle parezan relevantes ou que merezan ser sinalados. Se dispón dun mapa ou plano de Ourense, facilítelles fotocopias para que intenten identificar os lugares mencionados no texto.

C. Centre a atención dos seus alumnos nas palabras subliñadas no texto e explíquelles que, coma noutros casos que xa viron ao longo do libro, non se corresponden coa normativa vixente. Distribúaos en grupos de tres e pídalles que, antes de substituílas pola grafía máis adecuada, as clasifiquen na táboa segundo o tipo de alteración que se produce respecto á normativa. Déalles uns minutos para que o fagan e logo faga unha corrección entre todos. De todos os xeitos, teña en conta, e intente deixárllelo claro aos seus alumnos, que non se trata de comprobar coñecementos específicos sobre estes criterios.

Solución

Léxicos: *dempóis (despois), mapoulas (papoulas), gazos (azuis/azulados), aloeado (aboubado/asombrado), seriosas (serias), sortiron (saíron), degraos (chanzos), sin (se), carretera (estrada), deprocatéime (decateime), perto (preto), abraiamento (abraio), enlevo (atracción/feitizo), voltéi (volvín), desapartar (separar, apartar), loira (loura), i (e), asimade (asemade), maores (maiores), gis (xiz), arreparaban (reparaban), arreparar (reparar), esboirar (estoupar/estourar), eirexa (igrexa), iauga (auga), asinaláballe (sinalábaIle), narís (nariz), xiquera (sequera).*
Gramaticais: *chao (chan), con uns (cuns), ía a perder (ía perder), maus (mans).*
Ortográficos: *cibdade (cidade), pro (pero), pra (para), reparéi (reparei), qué (que), véla (vela), dalle (dálle), importóu (importou), quén (quen), deixéinas (deixeinas).*


D. Agora, dígalles aos seus alumnos que van escoitar os comentarios de dúas persoas sobre as ideas que teñen de Auria a partir da lectura dalgunhas das obras de Blanco Amor. Pídalles que se fixen en como cada unha das persoas imaxina a cidade e en como a describe. Póñalles o audio unha vez e, se presentan dificultades ou o solicitan, volva poñelo unha vez máis.

Solución

A Élida non lle gustou moito a obra que leu (Xente ao lonxe). *Auria pareceulle unha cidade con moitos prexuízos e dominada pola igrexa, onde os rituais relixiosos controlan a vida das persoas. Tamén lle pareceu moi maniqueísta e sen diversidade. Non lle gustaría vivir en Auria porque ten un clima social abafante.*
Xaime leu case todas as obras de Blanco Amor e Auria parécelle todo un espazo literario. Cre que o escritor describe moi ben o contexto social da súa época: os baixos fondos, os conflitos sociais, o inicio do movemento obreiro, o poder da igrexa, a dificultade de manter o anonimato ou a clandestinidade. Considera que en Auria se reflicten problemas que aínda se atopan na sociedade actual, como a hipocrisía e as desigualdades sociais.

E DESPOIS

Propóñalles que se dispoñan nun gran círculo e promova un debate no que poden argumentar a favor ou en contra da opinión dos locutores da última actividade, en relación cos problemas sociais abordados. Anímeos, ademais, a compararen os principais problemas que observan na sociedade na cal se atopan cos que se mencionan no audio.



UNIDADE 7

Antes de que sexa tarde

Móstrelles aos seus alumnos a imaxe da portadiña e pregúntelles que cren que simboliza. As posibles respostas estarán relacionadas co coidado e a preservación das praias: prohíbeselles o paso ás persoas porque o mar está contaminado e pode ser nocivo ou, ao revés, porque é a única forma de evitar que siga a contaminación e se perdan os espazos naturais. A partir destas respostas, pode fomentar unha conversa sobre temas como a contaminación do mar e das praias ou a contaminación en xeral.

A continuación, pregúntelles con que palabras relacionan a contaminación. Se o considera conveniente, remítaos á unidade 1, na que tamén se traballou este tema. Tome nota dos termos que suxiran e mencione o concepto de medio se os seus alumnos aínda non o fixeron.

Por último, preséntelles os obxectivos da unidade e a tarefa final: crear unha campaña de concienciación social.

comprender

1. INNOVACIÓN E CRECEMENTO SUSTENTABLE

Comentar os problemas que poñen en perigo o medio. Ler un texto informativo sobre o crecemento sustentable e sintetizar o seu contido.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
A información disposta no texto que se proporciona foi extraída no ano 2008 da páxina web http://www.conselleriaiei.org/ga/web/ na que aparecen, cada certo tempo, outras novidades relacionadas co crecemento sustentable. Pode aproveitar este feito para presentarlles aos seus alumnos novos materiais relacionados co tema desta actividade.

Crecemento sustentable é a compatibilidade ou o equilibrio entre o desenvolvemento da economía e a calidade ambiental, é dicir, a posibilidade de que o subsistema económico medre sen degradar o medio.

ANTES DE COMEZAR
Centre a atención dos seus alumnos no título da actividade e pregúntelles que entenden por el. Anímeos a separaren os dous conceptos, por unha banda "innovación" e, por outra, "crecemento sustentable", e pregúntelles como os definen e se cren que os dous poden estar relacionados. Se non son quen de explicar en que consiste o crecemento sustentable, fágao vostede e asegúrese de que todos o entenderon.

PROCEDEMENTOS
A. A continuación, preséntelles a actividade proposta na epígrafe A e pregúntelles cales son os problemas ambientais que consideran máis graves ou importantes. Ensínelles a mostra de lingua e anímeos a faceren frases parecidas. Poden comentalo inicialmente en parellas e, logo, pódelles propoñer unha posta en común na que todos dean a súa opinión ao respecto. É moi probable que os temas abordados sexan similares a: a emisión de gases contaminantes, a polución sonora e visual, a presenza de empresas ou de fábricas nos complexos residenciais…

B. Dígalles aos seus alumnos que van ler un texto informativo, pero antes deben ler a entrada que se ofrece e determinar cal é o seu ámbito de actuación. Pídalles que a lean individualmente e logo a comenten cun compañeiro. Cando remataren, faga unha corrección entre todos.

Solución
Contaminación acústica

C. Pídalles que, primeiramente, fagan unha lectura individual do texto completo. A continuación, pídalles que formen parellas nas que cada un deberá resumir o contido dun dos parágrafos. Se lle parece conveniente, pode guiar máis a actividade, repartindo os parágrafos entre os seus alumnos, para asegurarse de que todos os parágrafos sexan traballados. Déixelles uns minutos e, cando remataren, pídalles que un representante de cada parella lles presente a síntese do fragmento que leu aos demais colegas.

D. Dígalles que as frases dos recadros de cor cinza son afirmacións polémicas sobre distintos aspectos relacionados co texto da epígrafe anterior. Seguindo coas mesmas parellas, pídalles que escollan unha desas frases para discutir e argumentar a súa opinión sobre a afirmación que recolle. Agora permítalles faceren a escolla da frase, pero comprobe que todas estean ben distribuídas en grupo. Cando remataren, pode propoñerlles que fagan un círculo e, logo de presentaren a síntese de cada frase, promova un debate no que todos participen argumentando e defendendo a súa opinión.

2. ANTES DO MÓBIL

Ler un artigo sobre os cambios que a telefonía móbil provocou na vida das persoas. Pensar noutros aspectos que mudaron coa chegada dos móbiles. Falar de inventos.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos se todos teñen teléfono móbil e se cren que é posible vivir sen un na actualidade. Escoite as súas respostas e fomente un breve debate sobre esa cuestión, para que se comenten algúns dos aspectos, tanto positivos como negativos, de ter teléfono móbil.

PROCEDEMENTOS
A. Preséntelles o artigo que trata da telefonía móbil. Anímeos a léreno individualmente e logo a comentaren cun compañeiro se están ou non de acordo coas afirmacións que se fan e se se identifican con algún dos aspectos. Pídalles que xustifiquen as súas respostas.

B. A continuación, indíquelles que, co mesmo compañeiro co que traballaron na epígrafe anterior, fagan unha listaxe que inclúa outros aspectos que cambiaron na vida das persoas a partir da aparición do teléfono móbil. Pode motivalos dicíndolles que dispoñen de tres minutos para intentar facer a listaxe máis longa. Se ve que aos seus alumnos lles custa dar cos exemplos de recursos tecnolóxicos máis recentes ou actualizados no sector da telefonía móbil, proporciónelles algún, como **avisar unha grúa no caso de avarías no coche, chamar a policía ou a ambulancia se hai un accidente, facer e enviar fotos de feitos inéditos ou inesperados** etc.

Unha vez transcorrido o tempo estipulado, pídalles que fagan un reconto dos aspectos que seleccionaron. A parella que teña máis leralles a súa lista aos demais compañeiros, que deberán estar atentos para comprobar se notan algunha omisión, para achegarlla logo ao grupo.

C. Finalmente, pídalles que, en grupos, pensen noutro invento ou avance tecnolóxico que cambiase a vida das persoas. Cando remataren, forme novos grupos para que poidan expoñer os diferentes inventos, relacionados cos seus respectivos cambios. Anímeos a preguntaren o significado do vocabulario que descoñezan ou a consultáreno nun dicionario, se dispoñen dalgún na clase.

explorar e reflectir

3. INVENTORES DE PALABRAS

Identificar algunhas palabras compostas e reflexionar sobre a súa formación. Formar palabras compostas a partir dunha lista de verbos que se ofrece. Inventar obxectos e palabras que os denominen.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para realizar esta actividade, sería conveniente que vostede levase algúns dicionarios á clase, para que os estudantes os puidesen consultar.

ANTES DE COMEZAR

Asegúrese de que todos os seus alumnos teñan o libro pechado. Dígalles que moitas palabras se forman xuntando outros termos que xa existen na lingua e explíquelles que este proceso de formación de palabras se chama **composición**. Escriba no encerado a palabra **sacarrollas** e, coa axuda dos seus alumnos, separe as dúas palabras que a compoñen, explicándolles que, unha vez separadas, cada palabra ten o seu sentido propio, independente do significado da palabra composta: por un lado, o verbo **sacar** e, por outro, o substantivo **rollas**

PROCEDEMENTOS

A. A continuación, pídalles que abran o libro na páxina 84 e preséntelles a actividade. Recapitule con eles o nome deste tipo de palabras e indíquelles que xa viran este proceso de formación na unidade 5, aínda que brevemente. Indíquelles que poden facer unha separación das palabras que compoñen cada un dos exemplos da actividade (paraugas e montacargas) e identificar a clase gramatical de cada unha delas. Despois, indíquelles que deben propoñer os exemplos que se lles ocorran. Teña en conta que, sempre que correspondan a este tipo de compostos (verbo + substantivo) e que sexan termos admitidos no galego, todas as súas suxestións son válidas.

B. Pídalles aos seus alumnos que, individualmente, utilicen os verbos do recadro da dereita para formar cantas palabras poidan, para o que lles pode conceder uns cinco minutos, por exemplo. Logo, dígalles que comparen as súas palabras coas dun compañeiro e que verifiquen as que coinciden e as que teñen diferentes. Faga que circule un ou varios dicionarios na clase mentres realizan a tarefa e anímeos a comprobaren que as palabras que forman son correctas. Déalles uns minutos para que realicen o traballo en parellas e faga despois unha posta en común, escribindo no encerado todas as palabras que formaron.

Solución (suxestión)
Montar: *montacargas*.
Parar: *parabrisas, paracaídas, parachoques, paralama, paraneves, pararraios*…
Abrir: *abrebocas, abrecartas, abrelatas*…
Limpar: *limpabotas, limpachemineas, limpauñas*…
Tirar: *tiracroios, tirafondo, tiraleite, tiraliñas, tirapé, tirarrollas, tiratacos*…
Gardar: *gardaagullas, gardabarreira, gardabois, gardabrazo, gardacabos, gardacantos, gardacostas, gardafreos, gardalama, gardamán, gardamantel, gardameta, gardamontes, gardapó, gardarríos, gardarroupa*…

C. Preséntelles a actividade desta epígrafe e faga fincapé no tipo de palabras que forman as composicións de **coche cama** e de **ferrocarril**. Fágalles ver que se trata de substantivos e que, incluso no caso da primeira, que se escribe separadamente e sen guión, as dúas palabras xuntas adquiren un sentido único que se perde cando se presentan por separado. Logo, anímeos a inventaren obxectos peculiares e innovadores e a que lles dean un nome composto formado por dous substantivos.

Centre a atención dos estudantes na mostra de lingua que se ofrece e pregúntelles para que cren que serve un "garfo-abano". Unha das posibles respostas pode ser *un garfo que serve para airear a unha persoa durante a comida*, pero teña en conta que o importante aquí non é dar cunha resposta exacta, senón que entendan a mecánica e o sentido da actividade. Indíquelles que tamén deben explicarlles aos seus compañeiros a utilidade dos seus inventos. Se lle parece conveniente, limite a actividade por tempo ou por número de inventos, para que non haxa moitos desaxustes entre as producións dos grupos. Cando remataren, propoña unha posta en común na que todos lle presenten os seus inventos ao resto da clase. Ao final, poden elixir os máis interesantes ou cribles. Se lle parece conveniente, remítaos á epígrafe "Palabras formadas por composición" da sección CONSULTAR, na páxina 86.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 123, exercicio 7.

4. UN INCENDIO

Ler unha nova sobre un incendio. Observar e reflexionar acerca dos mecanismos de formación do plural de estranxeirismos, palabras compostas e siglas.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos se saben que en Galicia cada verán os incendios representan un grave problema. Interésese polo que saben sobre o tema e pregúntelles se viviron de cerca algunha experiencia parecida. Se traballa con estudantes que non son galegos, pregúntelles se no seu lugar de orixe ocorre algo similar. Pode preguntarlles tamén cales cren que son as principais causas dos incendios (a acción dos pirómanos, a queima de restroballos, os descoidos ao facer fogueiras etc.) e cales son os seus efectos ou consecuencias (o perigo de desertización, a desaparición da fauna e da flora, os riscos para as persoas e vivendas etc). A continuación, pregúntelles se saben que medidas se poden tomar para combater este desastre e espere respostas como limpeza dos bosques, existencia de devasas, prohibición das queimas, campañas de concienciación etc.

PROCEDEMENTOS
A. Anúncielles que, individualmente, van ler unha nova sobre un incendio. Se lle parece oportuno, tras a lectura pode proporcionarlles fotocopias do cadro da ***ficha 18***, para que decidan se as afirmacións sobre o acontecemento son verdadeiras ou falsas. Logo, durante a corrección da actividade, pídalles que xustifiquen as súas respostas.

Solución
1. F,
2. F,
3. V,
4. V,
5. F

B. Pídalles aos seus alumnos que se fixen nas palabras subliñadas e pregúntelles de que tipo de palabras se trata, guiándoos de xeito que cheguen a clasificacións como: palabras compostas, siglas e estranxeirismos. Dígalles que todas elas están na forma de plural e pídalles que, individualmente, as pasen a singular. Logo duns dous ou tres minutos, pídalles que, en parellas, comparen as súas respostas e intenten establecer os mecanismos que se empregaron para facer o plural desas palabras. Se lle parece oportuno, remítaos ás epígrafes "O plural das palabras compostas" e "Outros casos especiais na flexión de número, da sección CONSULTAR, nas páxinas 86 e 87. Concédalles uns minutos e faga unha posta en común.

Solución
gardas civís *(composición de substantivo e adxectivo): faise o plural dos dous termos.*
land rover *(marca): mesma forma para singular e plural.*
pisos piloto *(composición de dous substantivos): só se fai o plural do primeiro elemento.*
oenegués *(sigla sistematizada como palabra común): engádeselle un s.*
clubs *(estranxeirismo): engádeselle un s.*
pombas torcaces *(composición de substantivo e adxectivo): faise o plural de ambos os termos.*

A continuación, pídalles aos estudantes que se fixen nas palabras do cadro e que formen, individualmente, o seu plural. Explíquelles que hai dous casos especiais que non figuran entre os que acaban de ver na actividade anterior nin tampouco na epígrafe de gramática. Cando os detectaren, poderán facer hipóteses sobre como forman o plural. Déalles uns minutos e, logo, dígalles que cada un debe de contrastar a súa resposta coa dun compañeiro. En canto rematen, faga unha corrección entre todos na que corrobore, coa axuda deles, o tipo de cada unha das palabras e se asegure de que todos fixeron ben as súas formas de plural. Para rematar, anímeos a mencionaren outros exemplos que coñezan destes tipos de palabras.

Solución
croissant *(estranxeirismo): croissants*
sofá cama *(composición de dous substantivos): sofás cama*
non-fumador *(prefixación): non-fumadores*
foi-gras *(estranxeirismo non sistematizado): foi-gras*
peme *(sigla sistematizada): pemes*
ovni *(sigla sistematizada): ovnis*
récord *(estranxeirismo sistematizado): récords*
moble bar *(composición de dous substantivos): mobles bar*
dvd *(sigla): os dvd ou dvds*
porco teixo *(composición de substantivo e adxectivo): porcos teixos*

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 123, exercicio 8.

C. Agora, pídalles aos seus alumnos que busquen no texto tres palabras que forman de maneira especial o feminino. Pode recordarlles os casos de xénero e de formacións regulares do feminino, a partir de palabras do propio texto, como mozos - mozas, rapaz - rapaza, arriscado - arriscada etc. Anímeos a que as localicen e que logo as comparen coas dun compañeiro, para comprobaren se atoparon as mesmas. Déixelles uns minutos e faga despois unha posta en común na que se aclaren os resultados.

Para rematar, anímeos a exemplificaren outros casos especiais de flexión de xénero e apunte no encerado as súas respostas correctas. Se ao final non mencionan todos os casos indicados na epígrafe "Xénero: casos especiais" na sección CONSULTAR, na páxina 87, indíquellelos vostede ou remítaos a esa epígrafe.

Solución
poetisa (poeta)
alcaldesa (alcalde)
heroína (heroe)

5. UN INFORME

Ler un fragmento dun artigo. Reflexionar sobre o uso de certas expresións para substituír ou facer referencia a algo xa mencionado.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos se saben a que se refiren as palabras **rexión andina**. Espere que falen dos países nos que se encontra a Cordilleira dos Andes e, a continuación, pregúntelles se saben que significa **indíxena**. Pode esperar respostas como **as persoas orixinarias dun lugar, é dicir, que xa habitaban alí antes das colonizacións**. Pregúntelles que saben sobre os pobos indíxenas dos Andes e, se non mencionan a **civilización inca**, fágao vostede. Escríbao no encerado e coméntelles que foi a cultura máis importante que se desenvolveu na rexión andina antes da colonización española.

Anúncielles aos estudantes que van ler o fragmento dun informe sobre o problema da auga na rexión andina. Aproveite para preguntarlles se lembran cales son as características dese tipo de textos. Se non o dan feito, recórdelles vostede algunhas delas. Centre a súa atención na palabra informe, que indica que se trata dun texto informativo e recórdelles que nel se describen ou se detallan os pasos ou procesos dun determinado asunto ou dunha acción levada a cabo, ou as circunstancias dun acontecemento ou dun incidente importante (por exemplo, a saúde mundial, o uso de Internet, un accidente…). Indíquelles tamén que o informe escrito adoita ter un carácter formal e, algunhas veces, técnico.

PROCEDEMENTOS
A. Remita os seus alumnos ao texto e pídalles que o lean individualmente. Cando remataren, dígalles que, en parellas, comenten o seu contido e discutan sobre outros lugares nos que haxa limitacións de calquera recurso natural. Pregúntelles tamén se no lugar onde viven hai, ou houbo nalgún momento, algún conflito ou restricións similares e por que motivos.

Se observa que non son capaces de desenvolver moito o tema, pode amplialo, dicíndolles que poden falar sobre lugares nos que a xente pasa carencia ou necesidades de recursos ou dereitos básicos como a alimentación, a atención sanitaria, a escolarización etc. Déixeos falar uns minutos e, logo, faga unha posta en común.

B. Pídalles agora que volvan ao texto e que se fixen nas palabras subliñadas para responderen estas preguntas:

1. **A que palabras se refiren, é dicir, a que outra palabra do texto equivalen en cada caso?**
2. **Para que credes que se empregan?**
3. **Sabedes como se denominan as diferentes palabras que teñen o mesmo significado?**

Solución
1. *Este recurso (a auga); nativos (os indíxenas); os estados (os gobernos estatais).*
2. *Empréganse para evitar a repetición da mesma palabra.*
3. *Sinónimos.*

C. A continuación, pídalles que observen as expresións grafadas en grosa. Indíquelles que están relacionadas cos substantivos que as seguen e que serven para indicar que este xa se mencionara anteriormente. Pregúntelles se coñecen algún outro recurso que sirva para facer o mesmo (**o citado/a citada/os citados/as citadas**).

E DESPOIS
Se lle parece conveniente, pódelles propoñer aos seus alumnos que escriban, na casa, un pequeno texto para poñer en práctica os recursos que acaban de ver. Déalles estas dúas alternativas: poden continuar o informe do que leron o fragmento (centrándose, por exemplo, no tema da auga ou no perigo da desaparición das comunidades indíxenas), ou ben escribir un texto novo sobre os incas para colgar na clase e dar a coñecer algúns detalles da dita civilización.

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 122, exercicios 1 e 2.
Páxina 123, exercicio 6.

6. A ESCASEZA DA PRODUCIÓN

Transformar substantivos en frases. Reflexionar sobre o emprego de certos sufixos que permiten formar substantivos a partir de certos verbos e adxectivos.

ANTES DE COMEZAR
Informe os seus alumnos de que van continuar traballando con recursos que se utilizan en textos formais. Un deles é o emprego de substantivos que resumen frases, como o do título da actividade, facendo que os textos sexan máis precisos e sintéticos.

PROCEDEMENTOS
A. En primeiro lugar, pídalles aos estudantes que, en parellas, lean as frases e que suxiran un posible contexto para cada unha. Por exemplo, a primeira podería aparecer nunha noticia sobre algún desastre natural, que pode provocar a escaseza de alimentos nunha zona concreta, coa conseguinte suba dos prezos. Vaia escoitando o que comenten as parellas

para comprobar que entenden as frases. Se lle parece pertinente, faga unha posta en común.

A continuación, pídalles que decidan cales poden ser as frases que resumen os substantivos que aparecen en grosa en cada oración. Lea con eles o exemplo e indíquelles que deben modificar ou engadir o que for necesario para reescribiren as frases, pero sen usar o substantivo destacado en cada caso. Antes de corrixir, deixe que o comparen en parellas e que terminen de completar a actividade.

Solución (suxestións)

2. A poboación crece; iso fai máis difícil recuperar as zonas naturais e reproducir a flora.
3. .O feito de que o proxecto sexa viable dependerá de que a lei sexa aprobada.
4. Elaborar normas reguladoras impedirá que se emitan gases contaminantes.
5. As ONG dan unha resposta máis rápida a algúns problemas, grazas a que son flexibles.
6. Unha resposta rápida ante o lume é esencial para evitar que se queimen grandes extensións.
7. Estes estudos, que se realizarán cos fondos europeos, axudarán a que a rexión se desenvolva.
8. O goberno xa demostrou que é incapaz de enfrontar estes novos fenómenos.
9. Investir nas áreas afectadas polas inundacións evitará que as persoas carezan doutros recursos.
10.Reciclar residuos orgánicos axuda enormemente a que o medio se conserve.

B. Agora preguntélles aos seus alumnos a partir de que palabras se forman os substantivos **suba** e **escaseza** (**subir** e **escaso**/**a**) e que tipo de palabras son (**verbo** e **adxectivo**, respectivamente). A continuación, dígalles que van seguir traballando en parellas para completaren a táboa proporcionada. Nela reflectirán a formación dalgúns substantivos de proceso/acción a partir dun verbo, e a dalgúns substantivos de calidade/propiedade, a partir de adxectivos. Concédalles tempo suficiente para facelo e logo propoña unha posta en común.

Solución

Verbo	*Substantivo*
actuar	*a actuación*
realizar	*a realización*
perder	*a perda*
decidir	*a decisión*
restrinxir	*a restrición*
descubrir	*o descubrimento*
probar	*a proba*
comprar	*a compra*
suprimir	*a supresión*
aumentar	*o aumento*
diminuír	*a diminución*
contaminar	*a contaminación*
reciclar	*a reciclaxe*
protexer	*a protección*
cambiar	*o cambio*

Adxectivo	*Substantivo*
belo/a	*a beleza*
igual	*a igualdade*
tranquilo/a	*a tranquilidade*
sociable	*a sociabilidade*
tímido/a	*a timidez*
escaso/a	*a escaseza*
sincero/a	*a sinceridade*
escuro/a	*a escuridade*
capaz	*a capacidade*
fino/a	*a finura*
longo/a	*a longura/o longo*
alto/a	*a altura*
certo/a	*a certeza*

C. Agora podería entregarlles unha fotocopia da táboa que aparece na ***ficha 19***, para que clasifiquen os substantivos anteriores segundo a súa terminación.

Unha vez realizada a actividade, pídalles aos seus alumnos que centren a súa atención no xénero dos substantivos e pregúntelles se poden extraer regras baseándose nos sufixos que se empregan. Animeos a comentáreno en parellas. É de esperar que detecten pautas regulares como as seguintes:

-ción, **-es**/**-eza**, **-ura**, **-axe** e **-idade**: substantivos de xénero feminino.
-mento: substantivos de xénero masculino.

Indíquelles aos estudantes que os substantivos **perda**, **proba**, **aumento** e **cambio** se fan por derivación regresiva, que consiste na formación dunha palabra nova a partir da redución da palabra orixinaria, cos sufixos **-a** *(probar ⇒ proba)*, **-e** *(rematar ⇒ remate)*, **-eo** *(ornear ⇒ orneo)* e **-o** *(cambiar ⇒ cambio)*.

D. Pídalles aos seus alumnos que lean, individualmente, as palabras do cadro e pregúntelles que teñen en común. É bastante probable que a maioría deles non teña ningunha dificultade para identificar os prefixos e responder que se trata de palabras formadas por prefixación, pero, de non ser así, acláreo vostede. Pode escribir no encerado, por exemplo, a palabra **contento** e pedirlles que a definan. En canto o fagan, escriba diante da palabra o prefixo **des-**, de xeito que vexan a palabra **descontento**, e pregúntelles se a poden definir. Cando se dean de conta de que é o oposto da palabra orixinal, corrobóreo, indicándolles que este prefixo pode achegarlle a unha palabra, entre outros, un matiz de significado de inversión, carencia ou negación.

A continuación, pídalles que, en parellas, discutan os matices de significado que os prefixos (marcados en grosa) lles achegan ás palabras orixinais en cada caso.

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 122, exercicio 3.

practicar e comunicar

7. RECICLA

Escribir un texto nun rexistro culto.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Para a realización desta actividade, conviría que os estudantes dispuxesen de dicionarios monolingües e de sinónimos na aula.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos se adoitan reciclar o lixo e como o fan. O obxectivo é contextualizar o tema que van tratar no texto dende unha perspectiva cotiá. Se algún deles ten coñecementos máis específicos sobre o asunto, anímeo a comentalos.

PROCEDEMENTOS
A continuación, móstrelles os datos que aparecen na actividade e propóñalles que os comenten entre todos. Cando xa estean familiarizados coa cuestión e cos datos dos que dispoñen, indíquelles que teñen que escribir, en parellas, un artigo nun rexistro culto no que formulen o problema e ofrezan solucións. Déixelles uns minutos para realizaren un remuíño de ideas e un esquema previo á redacción. Cando tiveren o esquema, dígalles que poden redactalo e anímeos a practicaren todos os recursos vistos nesta unidade.

Solución (suxestión)
Un dos problemas que máis lles preocupan aos expertos en temas do medio é o tratamento dos residuos. O dito problema non só debería concernirlles a gobernos e dirixentes, senón que debería atinxir o conxunto da sociedade. Tomando como exemplo o caso de Galicia, a poboación debería ser consciente de que, con máis de dous millóns de habitantes, se xera unha cantidade de case un millón de toneladas anuais de refugallos, dos cales o 70% non é tratado. Isto repercute negativamente no medio, xa que se produce unha emisión de gas metano á atmosfera que contribúe, en gran medida, ao efecto invernadoiro.

Existen algunhas solucións que se poderían levar a cabo e que están ao alcance de todos. En primeiro lugar, conviría saber que o 50% deses residuos provén de materia orgánica, a cal podería ser reutilizada para a recuperación de solos. En segundo lugar, contamos con outro tipo de residuos non orgánicos (papel, plástico e outros) que tamén poden danar seriamente o medio. A modo de exemplo, a corta indiscriminada de árbores para a produción de papel reduciríase se reciclásemos o dito material, posto que unha tonelada de papel reciclado equivale a 15 árbores cortadas.

En definitiva, a divulgación deste tipo de información crearía unha concienciación da importancia e da utilidade da reciclaxe. Non obstante, coñecer o problema non implica ter a solución, é necesario actuar. Tamén é certo que reciclar sen coidado non é efectivo, polo tanto hai que facelo de forma responsable en todos os ámbitos da vida, xa sexa no traballo, no fogar, nas cidades, na natureza etc. Daquela, a dita responsabilidade supón considerar o problema dos residuos e, así, xerar o mínimo posible. E todo o que non for reutilizable, reciclalo apropiadamente nos contedores correspondentes.

8. NON ESTOU DE ACORDO

Debater sobre cuestións polémicas relacionadas co medio.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Esta actividade pódese desenvolver en dúas fases. Na primeira, cada parella ou grupo de tres discute unha das frases e decide un argumento final. Na segunda fase, entre todos, cada grupo ou parella vai presentar as súas conclusións e os demais van opinar ao respecto.

Se conta con espazo suficiente e o número de alumnos o permite, dispoña os seus estudantes nun gran círculo para a realización da segunda parte desta actividade.

Faga unha fotocopia da táboa que lle facilitamos na ***ficha 20*** e recorte as frases para entregarllas separadamente a cada grupo.

PROCEDEMENTOS
Dependendo do número de alumnos que teña, divídaos en parellas ou grupos de tres. Déalle a cada grupo unha das frases e dígalles que teñen que discutir e opinar sobre a afirmación que se fai. Cada un debe defender a súa opinión, utilizando os argumentos que poidan. Cando vexa que remataron, invíteos a colocárense na aula de xeito que formen un gran círculo. Explíquelles que un dos membros de cada grupo vai ser o voceiro e deberá transmitirlles aos demais compañeiros as conclusións a que chegaron a partir da discusión.

Indíquelles que, cando remate cada voceiro, os demais compañeiros poderán dar a súa opinión, dicindo se están de acordo ou en contra das súas conclusións. Se o considera conveniente, pode limitar o tempo para cada tema ou grupo, para que haxa máis control do desenvolvemento e do peche da actividade. Dea por rematado cando estean comentados todos os temas.

9. PERIGOS E AMEAZAS

Facer unha lista de perigos para o medio. Ler as listas dos compañeiros e propoñer solucións.

PROCEDEMENTOS
A. Preséntelles aos seus alumnos os catro ámbitos propostos (os mares, as selvas tropicais, os ríos e o clima) e dígalles que, en parellas, elaboren unha listaxe

cos perigos que os ameazan. Pode propoñerlles algún exemplo, como a vertedura de residuos en ríos e mares.

B. Pregúntelles aos seus alumnos se consideran que hai algún outro ámbito no que se pode poñer en perigo o coidado do medio. Pídalles que o comenten e que o engadan aos que xa teñen na folla.

C. Unha vez confeccionadas as listaxes, pídalles ás parellas que as intercambien. Indíquelles que deben ler a que recibiron e propoñer ideas e solucións para os problemas que aparecen nela, escribíndoas no mesmo papel. Finalmente, deben devolverlles as listas cos problemas e as solucións propostas ás parellas orixinais que, pola súa vez, deberán discutir se están ou non de acordo coas ditas solucións. Se dispón do tempo necesario, pode levar a cabo unha posta en común.

10. O XOGO DO ABECEDARIO

Xogo para aprender e/ou practicar vocabulario relacionado con distintos espazos naturais.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Pode formular a actividade entre todos, de xeito que participe cada alumno individualmente, ou ben propoñerlles que a fagan en grupos de catro.

PROCEDEMENTOS
O xogo consiste en que vostede diga unha letra e os seus alumnos escriban o nome de calquera cousa que se pode atopar en cada un dos espazos propostos (o mar, as montañas, os ríos, as selvas e os montes). Cada estudante debe escribir todas as palabras que saiba. O primeiro en rematar debe comunicárllelo aos demais para que deixen de escribir. Logo, lerá as súas palabras en voz alta e os compañeiros van valorar se son válidas ou non e xustificalo. A duración do xogo pode ser curta ou longa, en función do tempo do que dispoña para realizar esta actividade, o que vai determinar se vostede pode dicir máis ou menos letras.

11. QUE FACEMOS ESTE VERÁN?

Escoitar un anuncio dunha campaña publicitaria de concienciación e facer hipóteses sobre os seus obxectivos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Se dispón de acceso a Internet na aula, pode realizar unha selección previa de vídeos de anuncios (resultaralle moi doado atopar exemplos en sitios como Youtube), para que os seus alumnos os vexan e comenten aspectos como o tipo de espectador ao que van dirixidos, que estratexias se empregan e que obxectivo teñen (mostrar a utilidade dun produto, comparalo con outros, impresionar o espectador…). Intente que aparezan exemplos de campaña de concienciación e de campaña de intriga. Se non pode acceder á rede na clase, tente levalos gravados ou utilizar diferentes tipos de anuncios recortados de revistas, xornais, carteis…

ANTES DE COMEZAR
Se non levou á clase ningún anuncio que pertenza á campaña de intriga e non se comentaron as súas características, escriba **campaña de intriga** no encerado e pregúntelles aos seus alumnos a que cren que se refire. Escoite as súas respostas e, se for necesario, aclare que é un tipo de campaña que se caracteriza por lanzar un ou varios anuncios de forma progresiva nos que non queda claro que se está anunciando, co obxectivo de intrigar, de espertar a curiosidade, ata que, por fin, se ofrece un anuncio que aclara de que se trata.

PROCEDEMENTOS
A. Coméntelles aos seus estudantes que, en ocasións, as campañas de concienciación social se formulan como campañas de intriga e indíquelles que van escoitar un anuncio dese tipo. Amais de escoitalo, deben tomar notas sobre o tema que se trata. Poña o anuncio unha vez, deixe que comparen entre eles as notas que tomaron e volva poñelo unha vez máis. Cando remataren, pídalles que discutan cun compañeiro cal cren que é o obxectivo da campaña. Realice unha posta en común na clase antes de pasar á seguinte parte desta actividade.

B. A continuación, dígalles que van escoitar o segundo anuncio, que aclara cal é o obxectivo da campaña. Teñen que escoitalo para comprobaren se as súas hipóteses eran acertadas ou non e ver que parella se acercou máis ao tema. Negocie cos seus alumnos se necesitan escoitar este anuncio unha segunda vez.

Solución
Trátase dunha campaña para fomentar a reciclaxe.

12. QUE PASARÍA SE...?

Crear cadeas de causas e consecuencias.

ANTES DE COMEZAR
Se lle parece conveniente, realice xunto cos seus alumnos un primeiro achegamento a esta actividade, preguntándolles que pasaría se subise radicalmente a temperatura do planeta. Recolla as diferentes respostas no encerado, a medida que as vaian dicindo. A continuación, anímeos a ordenalas seguindo un criterio de causa-consecuencia, por exemplo: subirá o nivel do mar (2), producirase o desxeo dos polos (1), desaparecerán illas enteiras (3).

PROCEDEMENTOS
Dígalles agora aos seus estudantes que van traballar en parellas para realizar a cadea de causas e consecuencias máis longa posible, a partir dos feitos propostos. Remítaos á mostra de lingua que se ofrece na actividade, para que vexan como poden encadear as súas frases.

Cando remataren, pode suxerirlles que fagan a cadea máis longa entre toda a clase: comeza unha parella, séguea a do lado achegando unha consecuencia nova, e así sucesivamente. Pero, atención, se algunha parella ten unha consecuencia que é anterior a outra que xa se dixo, debe interromper a cadea e xustificar a súa proposta. Así, terán que negociar a orde das diferentes consecuencias que teñen para formar unha cadea lóxica entre todos.

cultura

13. CREAR CONCIENCIA

Deseñar unha campaña de concienciación social.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Para realizar esta tarefa, sería ideal que contasen con material suplementario como cartolinas, rotuladores de diferentes cores e algún tipo de adhesivo.

PROCEDEMENTOS
A. Explíquelles aos seus alumnos que van realizar a tarefa final: crear unha campaña de concienciación social. Para iso porán en práctica todos os contidos que viron na unidade. Forme grupos de tres ou catro estudantes e móstrelles os tres temas propostos na actividade (**Unha cidade ou un barrio máis silencioso, Unha cidade máis limpa, harmoniosa e elegante e Aforrar auga e/ou enerxía**). Dígalles que poden escoller un deles ou, se o prefiren, pensar outro que lles pareza mellor. Pode anticiparlles que, ao final, realizarán unha votación para elixir a campaña máis seria, divertida e orixinal (no formato e no tema que trata). Déixelles uns minutos para que, dentro de cada grupo, negocien o tema e as diferentes solucións que se lles ocorran.

B. A continuación, dígalles que teñen que escoller o formato da campaña. Poden darlle, por exemplo, un formato de páxina web (cunha páxina de entrada e, na seguinte, varias seccións que desenvolvan os diferentes aspectos da cuestión) ou de cartel publicitario (con textos que expliquen diferentes aspectos do problema que desexan tratar).

C. Finalmente, anime a cada grupo a facer a súa presentación. Pídalles aos demais estudantes que lle dean a cada campaña unha puntuación de 0 a 10 en cada unha das seguintes categorías: **campaña seria, campaña divertida, campaña orixinal en formato, campaña orixinal e interesante no tema que formula**. O obxectivo é que non haxa un único gañador.

Se lle parece conveniente, pode facilitarlles fotocopias da táboa de puntuación da ***ficha 21***. Logo, pódense recoller e facer o reconto para saber a puntuación total de todas as campañas que se crearon.

14. AGRICULTURA RENDIBLE, AGRICULTURA SOLIDARIA

Ler un texto sobre a historia dun pazo e comentar posibles casos parecidos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Os pazos son casas señoriais, grandes e luxosas, que antigamente servían de residencias habituais ou temporais de familias nobres. Por tradición, son de pedra e teñen nas paredes os escudos heráldicos da familia propietaria. Adoitan estar situados no medio rural ou semiurbano e, polo xeral, teñen unha inmensa amplitude de terreos, nos cales se atopan vastos xardíns e grandes plantacións de variados produtos agrícolas. Na actualidade, moitas desas edificacións albergan institucións, museos ou outros servizos públicos.

O adxectivo rendible aplícase para caracterizar algo que produce máis ganancias ca gastos ou perdas ou que proporciona uns beneficios elevados en relación co capital investido. Pola súa vez, o adxectivo solidario caracteriza unha persoa ou entidade que lle presta axuda ou apoio a quen o necesita, debido a un sentimento de obriga ou de compromiso moral.

ANTES DE COMEZAR
Chame a atención dos seus alumnos sobre os dous adxectivos que aparecen no título da actividade (**rendible** e **solidaria**) e pídalles que os definan. Se non chegan a definicións semellantes ás indicadas, explíquellelas vostede. Despois, pídalles que se fixen na imaxe e pregúntelles como a relacionan co título da actividade. Centre outra vez a súa atención no título e pregúntelles como cren que pode ser unha agricultura con estas características (rendible e solidaria). Acepte as respostas que dean e dígalles que logo se comprobarán na lectura do texto.

PROCEDEMENTOS
A. Se non se dixo antes, indíquelles aos seus alumnos que a imaxe corresponde ao Pazo de Baión, cuxa historia é bastante convulsa. Pregúntelles se coñecen a localidade de Baión e, se non, coméntelles que se trata dunha parroquia situada no concello de Vilanova de Arousa, en Pontevedra. Asegúrese de que todos teñan claro que é un pazo e, cando estean de acordo coa definición, pregúntelles tamén se saben algo sobre o de Baión. Se hai respostas afirmativas, anímeos a compartiren cos compañeiros a información que coñecen. A continuación, dígalles que lean o texto individualmente e que subliñen as informacións que máis lles chamen a atención.

Cando remataren a lectura, pídalles que, en parellas ou grupos de tres, comenten os aspectos que subliñaron e que opinen sobre a historia do Pazo de Baión e sobre a función solidaria que ten este na actualidade. Logo duns minutos, faga unha posta en común.

B. Pregúntelles aos seus alumnos se coñecen algunha historia parecida á do Pazo de Baión ou outros casos nos que unha parte da produción, ou toda ela, se destine a accións sociais. Se lle parece pertinente, indique vostede un exemplo, e logo anímeos a que fagan o mesmo. Se non se lles ocorre ningún, pregúntelles se algunha vez participaron nalgunha acción solidaria ou se coñecen alguén que o fixo, en cal, de que xeito etc. O importante é que compartan cos compañeiros as informacións ou experiencias que teñan neste campo.

15. NATUREZA ÍNTIMA

Ler e escoitar catro poemas e relacionalos con distintos temas. Recitar un deles e recrear dúas estrofas. Verificar se a linguaxe se axusta á normativa e facer correccións ortográficas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Para esta actividade vai necesitar ter na clase dicionarios de sinónimos, de antónimos e monolingües, ademais de todos os recursos que lle parezan útiles para consultaren os estudantes.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos se lles gusta a poesía e que poetas de lingua galega coñecen. Despois, pídalles que realicen un remuíño de ideas dos temas que adoitan tratarse nas poesías: o amor, a morte, o sentido da vida, as emocións e os sentimentos, a natureza etc. Indíquelles que a natureza serve como fonte de inspiración para moitos poetas.

PROCEDEMENTOS
A. Móstrelles as catro poesías e explíquelles que todas están relacionados coa natureza. Pídalles que as lean, individualmente, e que intenten captar a mensaxe que transmiten. Despois, deben relacionar cada unha delas cun dos temas do recadro verde (**soidade, desamparo, paso do tempo, saudade**). Asegúrese de que coñecen o significado de todos os termos e dígalles que non teñen que facer unha lectura moi a fondo, xa que o farán máis adiante. Cando vexa que están rematando, pídalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro, antes de facer unha posta en común.

B. A continuación, indíquelles que van escoitar os poemas recitados. Unha vez rematada a audición, pregúntelles se lles gustou escoitalos e se iso lles axudou a comprendelos mellor.

Logo, convídeos a recitaren unha das poesías. Indíquelles que poden recitar a que lles guste máis diante da clase. Se o prefiren, en vez de facelo individualmente, poden recitala en grupos de tres ou catro, para o que deben decidir previamente quen vai recitar cada estrofa ou cada verso, e tamén se o van ler ou se o van recitar de memoria. Así mesmo, poden resolver se van facer algúns xestos e cales.

Déalles algúns minutos para preparalo e, logo, propóñalles que lles presenten aos demais as súas declamacións. A poder ser, dispóñaos nun semicírculo para que todos poidan ver ben a actuación de todos os participantes.

C. Dígalles agora que deben escoller dúas estrofas do poema que prefiran, ou o mesmo que recitaron en grupo, e recrealas, substituíndo algunhas palabras por sinónimos ou por expresións que expliquen o seu significado. Tamén poden utilizar outros recursos que aprenderon ao longo da unidade, como a nominalización, por exemplo.

Cando xa teñan o seu texto concluído, dígalles que presenten os seus versos diante da clase. Como xa estarán familiarizados co poema, deberán escoitar as versións dos seus compañeiros e comentarlles que lles parece o resultado. Repita o procedemento ata que participen todos os alumnos ou grupos.

D. Para rematar, pídalles que imaxinen que traballan nunha editorial que quere editar os catro poemas segundo a normativa vixente do galego. Distribúa os poemas entre os distintos grupos de tres ou catro estudantes (os mesmos cos que traballaron nas demais epígrafes desta actividade) e indíquelles que deben verificar se se axustan á norma actual. En caso de que contesten negativamente, pídalles que fagan as correccións que consideren oportunas. Por cuestión de pertinencia, non lle asigne a ningún grupo o terceiro poema, xa que presenta vocabulario e estruturas conformes á normativa actual. Concédalles uns minutos e, a continuación, propóñalles unha posta en común, na que cada grupo comente as correccións que fixo no poema que analizou. Os demais poderán dicir se están ou non de acordo e xustificalo. Vaia apuntando no encerado as súas producións, asegurándose de que son correctas.

Solución
1.º poema: *brilade ⇒ brillade; os caraveles ⇒ os caraveis; os árbores ⇒ as árbores; cas ⇒ coas; nomais ⇒ nada máis.*
2.º poema: *ei ⇒ aí; ven ⇒ vén; mazorcas ⇒ espigas; cain ⇒ caen; ⇒ tróupele ⇒ troupeleo; coor ⇒ cor; i ⇒ e; o ⇒ ao/ó ; lembranzas; sin ⇒ sen.*
4.º poema: *seiva ⇒ zume; desenguruñar ⇒ desengruñar*
En relación coa palabra *reprexados*, non se atopou ningunha referencia, polo que pode tratarse dun neoloxismo do autor. Fágallelo saber aos seus alumnos e anímeos a faceren hipóteses sobre o seu significado, tendo en conta, por suposto, o contexto e os demais termos cos que se relaciona a dita palabra no poema.



UNIDADE 8

Vivir para traballar

Escriba no encerado as frases **vivir para traballar** e **traballar para vivir** e pídalles aos seus alumnos que, en parellas, escriban unha lista coas cousas que relacionan con ambas as expresións. Deseguida, realice unha posta en común na que dirán tamén con cal delas se identifican máis.

Logo, sinale a fotografía da portadiña e pregúntelles: **Que está a facer esta muller? Onde pensades que está? Por que credes que o está facendo?** Escoite as hipóteses que fagan e pregúntelles: **Credes que vive para traballar ou traballa para vivir?**

Por último, preséntelles os contidos da unidade e a tarefa final: escribir unha páxina de presentación para a web dunha empresa.

comprender

1. O TRABALLO É SAÚDE

Elaborar unha lista das posibles causas do estrés no traballo. Ler un artigo sobre traballo e estrés. Comentar cal das profesións mencionadas no texto non exercería e xustificalo.

ANTES DE COMEZAR
Propóñalles aos seus alumnos unha revisión do vocabulario relacionado co traballo e, para iso, pídalles que realice a actividade 1 da sección MÁIS EXERCICIOS, da páxina 124. Recórdelles que poden usar o dicionario.

O exercicio non ten unha solución única, polo que convén que, durante o seu desenvolvemento, vostede préstelle atención á xustificación que fan da clasificación de cada concepto, para asegurarse de que o comprenden. Anímeos a ampliaren a lista con outras palabras, tal como se propón na parte B dese exercicio, e axúdelles se xorden dúbidas.

Despois, converta o título da actividade nunha pregunta, léaa en voz alta e escoite as respostas dos seus alumnos.

PROCEDEMENTOS
A. Interésese por saber se os estudantes tiveron algunha vez estrés no traballo ou se coñecen alguén que o sufra. Pregúntelles: **Que profesións credes que producen máis estrés?** Pídalles que, en parellas, elaboren unha lista coas posibles causas do estrés no traballo.

B. Remita os seus alumnos ao artigo que aparece sobre traballo e estrés. Pídalles que o lean, que comparen a información coa lista que elaboraron na epígrafe A e que marquen as coincidencias. Se lle parece conveniente, propóñalles que comenten os resultados entre todos nun gran círculo.

C. Agora pídalles que, en grupos de tres ou catro, comenten a que profesións das que aparecen no texto da epígrafe B non poderían dedicarse e por que. Anímeos tamén a diciren que cousas ou situacións os estresan máis no traballo ou nos estudos.

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 125, exercicios 2 e 5.

2. CONCILIACIÓN LABORAL

Elaborar unha lista de vocabulario relacionado co concepto de conciliación laboral e unha definición deste. Ler as experiencias de tres empresarias e dun empresario sobre a conciliación laboral e comentar como funciona esta en diferentes contextos.

ANTES DE COMEZAR
Se lle parece conveniente, faga fotocopias do cadro da ***ficha 22*** e entréguellelas aos seus alumnos. Dígalles que se trata dunha lista con algúns dos problemas máis habituais entre os traballadores. Pídalles que os lean e que, en parellas, comenten cales lles parecen máis difíciles de solucionar.

PROCEDEMENTOS
A. Pregúntelles aos seus alumnos: **Oístes falar da conciliación no mundo do traballo?** Se a resposta é negativa, pídalles que procuren nun dicionario o termo **conciliación** e que, en parellas, anoten todas as palabras asociadas a este concepto. Déalles uns minutos e, cando remataren, anímeos a que, entre todos, encontren a definición máis axeitada para a devandita palabra. Acepte as súas respostas, pero diríxaos cara á idea de facer compatible o traballo, a vida persoal e a vida familiar.

B. A continuación, remita os seus alumnos ao texto onde aparecen os testemuños de catro persoas que explican as súas experiencias relacionadas coa conciliación laboral. Pídalles que os lean e que destaquen a principal idea de cada un. Logo, anímeos a comentaren en parellas a súas impresións.

C. Agora, pídalles aos estudantes que, individualmente, pensen como funciona a conciliación laboral no seu contorno, é dicir, que falen das súas propias experiencias ou que pensen en casos que coñezan. Logo, anímeos a comentalo en grupos de tres ou catro. Para rematar, pode propoñerlles unha posta en común nun gran círculo, onde todos compartirán cos demais as súas informacións e experiencias sobre o tema.

E DESPOIS
Reparta fotocopias do cadro que atopará na ***ficha 23*** e pídalles que lean o texto coas medidas de conciliación laboral que propón unha empresa ficticia galega e que engadan outras que consideren necesarias. Anímeos a que, outra vez en grupos de tres ou catro, discutan as vantaxes e os inconvenientes que poden implicar as diferentes propostas.

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 126, exercicio 6.

explorar e reflectir

3. AÍNDA QUE

Observar o funcionamento dalgunhas oracións subordinadas e determinar a relación que establecen coas principais. Propoñer sinónimos para algúns conectores e e empregalos para xuntar frases, formando estruturas máis complexas.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que, individualmente, lean as frases do primeiro recadro. Cando remataren, pregúntelles que relación marca a parte en grosa no conxunto da frase. Pídalles que se fixen nos conceptos do cadro amarelo e que intenten ligalos coa relación que se presenta en cada un dos enunciados do cadro anterior. Se mostran dificultades, faga con eles a primeira frase e chame a súa atención sobre a mostra de lingua, preguntándolles se cren que está ben o que di e aclarando a resposta correcta. Pode darlles algún exemplo máis se lle parece necesario. Concédalles uns minutos para facelo e logo pídalles que comparen os seus resultados cos dun compañeiro. A continuación, faga unha posta en común na que comprobe que os seus alumnos entenderon ben todos os conceptos e que foron capaces de identificar as relacións que establecen en cada caso.

Solución

1 – b, 2 – c, 3 – d, 4 – a, 5 – e.

B. Dirixa a atención dos seus alumnos ás palabras subliñadas nas frases da epígrafe A e pregúntelles como se poden definir e que función cren que desempeñan en cada un dos enunciados. Vaia apuntando no encerado as súas respostas e, se non se fai alusión a "conectores" e "introducir as oracións subordinadas", respectivamente, dígallelo vostede. Explíquelles que, en cada unha das devanditas frases, as oracións están vinculadas e a oración introducida polo conector modifica dalgún xeito o sentido da outra, que se denomina oración principal.

A continuación, dígalles que, en parellas, deben enumerar outros conectores que poidan substituír, en cada caso, os das frases que acaban de ver na epígrafe A. Déalles uns minutos e logo pídalles que comproben as súas respostas coa explicación gramatical que aparece na epígrafe "Vínculos entre oracións" da sección CONSULTAR, na páxina 98. Deseguida, faga unha posta en común, e asegúrese de que estean correctas todas as alternativas dos seus alumnos. Cando lles fale das oracións modais, indíquelles que nalgunhas oracións tamén se emprega o xerundio como un recurso para indicar o modo e déalles como exemplo a frase **Rematarei este traballo quedando na oficina ata as dez**, ou outra que lle pareza conveniente.

Solución (suxestión)

aínda que: *malia que, a pesar de que, mesmo que.*
porque: *xa que, posto que, unha vez que, visto que, por mor de (que), a causa de (que), por culpa de (que), debido a (que), pois, que, como, dado que.*
así que: *logo, por tanto, polo tanto, por conseguinte, en consecuencia, de modo/maneira que, de aí que, que.*
para: *a que, co gallo de, a fin de (que), co propósito de (que), co obxecto de (que), con tal de (que).*
tal como: *como, así como, ben como, como se, sen que, conforme, segundo, consonte, tal cal.*

C. Explíquelles agora aos seus alumnos que no seguinte recadro as frases de cada bloque son independentes, aínda que se refiren a un mesmo tema. Pídalles que as vinculen, para formar oracións complexas, a través do emprego dun dos conectores que acaban de relacionar nas súas listaxes en B. Malia que as oracións complexas que formen deben indicar relacións similares ás que aparecen na actividade A, anímeos a non repetiren os mesmos conectores. Concédalles uns minutos e, logo, pídalles que comparen as súas oracións coas de dous compañeiros e que observen que fixeron igual e que distinto. Volva darlles uns minutos e, logo, faga unha posta en común, apuntando no encerado os varios conectores válidos en cada caso, segundo a resposta dos seus alumnos.

Solución (suxestión)

Indíquelles que, dependendo dos conectores que empreguen, poden producir enunciados funcionalmente distintos, é dicir, que a partir dun mesmo par de frases, poden formar unha oración na que ora se presente unha relación de causa, ora unha de consecuencia, por exemplo.

a) ***Como*** *agora está prohibido fumar nas dependencias da empresa, a xente fuma menos. (causa)*
Agora a xente fuma menos, ***xa que*** *está prohibido fumar nas dependencias da empresa. (causa)*
Agora está prohibido fumar nas dependencias da empresa, ***de modo que*** *a xente fuma menos. (consecuencia)*

b) ***Como*** *botei moito tempo falando co avogado; cando volvín á oficina, a reunión xa comezara. (causa)*
Botei moito tempo falando co avogado; ***en consecuencia****, cando volvín á oficina, a reunión xa comezara. (consecuencia).*
É necesario diminuír o consumo de frituras e bebidas gasosas, ***co fin de*** *ter unha vida máis sa. (finalidade)*
Podes ter unha vida máis sa ***diminuíndo*** *o consumo de frituras e de bebidas gasosas. (modo)*

c) *Merquei un novo ordenador* ***debido a que*** *teño que facer proxectos máis avanzados. (causa)*
Como *teño que facer proxectos máis avanzados, merquei un novo ordenador. (causa)*

d) ***Malia que*** *a recepción non debe estar moito tempo sen persoal, as recepcionistas deben participar na reunión.*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 127, exercicios 9 e 10.

4. APRENDER A ESCRIBIR

Escoitar unha entrevista sobre o hábito de escribir dunha persoa e contestar unhas preguntas. Comentar os tipos de textos que escriben, as dificultades que teñen e as estratexias de escritura que empregan.

ANTES DE COMEZAR

De poder ser, dispoña os seus alumnos nun gran círculo e pregúntelles: **Escribides a miúdo? Credes**

que escribides ben ou mal? Por que? Que credes que se necesita para escribir ben? Anímeos a falaren da súa experiencia neste ámbito e controle as quendas de fala para que todos participen. Deixe claro que non se busca unha resposta exacta para ningunha das preguntas nin tampouco se trata de impoñerlles ningunha norma, senón que a intención é que debatan sobre as diferentes ideas que teñen respecto deste asunto. Dea por rematada a sesión cando o considere oportuno.

PROCEDEMENTOS

A. Informe os seus alumnos de que van escoitar unha entrevista que un estudante universitario lle fai a unha compañeira súa sobre os tipos de texto que escribe, as dificultades que atopa e as técnicas que utiliza á hora de escribir. Pídalles que contesten as preguntas coa información que escoiten e déalles tempo para lelas antes de iniciar a audición.

Solución

- Escribe moito ou pouco? ⇒ *Máis ca antes.*
- Que tipos de texto? ⇒ *Mensaxes electrónicas, participacións en foros, resumos de artigos e presentacións de proxectos.*
- Resúltalle fácil ou difícil? ⇒ *Depende do texto. Fácil: as mensaxes, os resumos, textos de estrutura marcada como currículos e textos informativos. Difícil: as queixas ou protestas.*
- Que estratexia ou técnica utiliza? ⇒ *Fai un esquema coas ideas principais e as ideas asociadas, escribe un primeiro borrador e logo modifica e corrixe os erros ou as repeticións.*

B. Agora, pídalles aos seus alumnos que pensen en que tipos de textos escriben, cales lles resultan máis fáciles e cales máis difíciles, e que estratexias empregan para escribir. Déalles un tempo para que organicen as súas ideas e logo distribúaos en grupos de tres e anímeos a comentáreno cos compañeiros. Se o prefiren, tamén poden comentalo nunha posta en común, dispostos nun gran círculo, como na fase inicial desta actividade.

E DESPOIS

Coméntelles aos estudantes que, aínda que o concepto de escribir ben ou mal pode ser subxectivo, é dicir, depende do punto de vista de cada un, hai factores ou elementos que contribúen á claridade expresiva dun texto e facilitan a súa lectura. Faga fincapé no feito de que, polo xeral, cando alguén escribe algo, quere, a través dese escrito, transmitir unha mensaxe ou información e, nese caso, debe poñérllelo fácil ao lector. Indíquelles que, para asegurar que haxa unha boa comprensión do que escribimos, debemos coidar determinados aspectos como, entre outros, a cohesión e a coherencia no que estamos escribindo e adiántelles que verán máis detidamente estes conceptos ao longo da unidade. Logo, se lle parece oportuno, déalles algunha información máis sobre outros parámetros na escritura que considere importantes.

5. DE PROFESIÓN, INVENTOR

Ler un artigo que trata dun certame de inventos e reflexionar, a través dunhas preguntas, sobre a diferenza entre o discurso oral e o escrito.

ANTES DE COMEZAR

Léalles aos seus alumnos o título da actividade e pregúntelles: **Credes que o oficio de inventor se pode considerar unha profesión? Credes que está ben pagado? Que condicións se teñen que dar para gañar diñeiro cun invento?**

PROCEDEMENTOS

A. Interésese por saber se os seus alumnos algunha vez asistiron a un certame sobre inventos ou se lembran algún invento que lles causase impacto. Remítaos ao texto que aparece na actividade e explíquelles que se trata da adaptación dun artigo que saíu nun xornal galego. Déalles tempo para que o lean e pídalles que comenten, en parellas, a información que lles pareza máis relevante ou que máis os sorprenda.

B. Pídalles agora que pensen en como lle explicarían a un amigo o contido do texto que acaban de ler. Fágaos notar que non falamos do mesmo xeito que escribimos e anímeos a reflexionaren sobre aquilo que cambiarían ao trasladaren a información do discurso oral ao escrito.

Pode ser que aos seus alumnos lles custe imaxinar un discurso oral sobre a nova que acaban de ler e, ao mesmo tempo, comparalo coa súa versión escrita e identificar as mudanzas que se produciron. De ser así, propoñémoslle que lle facilite a cada estudante unha fotocopia do diálogo que se proporciona na ***ficha 24***. Explíquelles que se trata dunha conversa real entre dúas amigas, Dina e Clara, na que unha lle explica á outra a nova que leu sobre o certame de inventos. Anímeos a reflexionaren sobre as diferenzas entre o rexistro oral e o escrito e a contestaren as preguntas da epígrafe B. Dígalles que traballen en parellas e, logo, realice unha posta en común para recoller os cambios que detectaron.

No caso de que os seus alumnos non presenten problemas para contestar as preguntas desta epígrafe, pódelles entregar igualmente a fotocopia do diálogo e pedirlles que comparen os cambios que aparecen nela cos que eles pensaran anteriormente.

C. Remítaos de novo ao texto para que fagan outra lectura atendendo ás preguntas propostas.

Solución

1. Temas
- *Primeiro parágrafo: breve descrición do salón de inventos e dos seus obxectivos.*

- *Segundo parágrafo: presentación dalgúns inventos para solucionar as catástrofes.*
- *Terceiro parágrafo: inventos relacionados co ámbito doméstico.*
- *Cuarto parágrafo: o evento motorizado que tivo máis éxito.*
- *Quinto parágrafo: presenza estranxeira no certame.*
- *Sexto parágrafo: valoración do evento.*

2. Palabras clave
- *Primeiro parágrafo: Vilagarcía de Arousa, salón de inventos, recinto feiral, exposición, inventores, descubertas.*
- *Segundo parágrafo: certame, sorprender, patentes, solucións, catástrofes, portón inchable, aparello cun arnés.*
- *Terceiro parágrafo: domésticos, inventores, fuga de gas, reduce o risco, lámpada industrial de baixo consumo, capa de ozono.*
- *Cuarto parágrafo: motor, artefacto, parabrisas.*
- *Quinto parágrafo: patentes, ámbito ibérico, México, idea.*
- *Sexto parágrafo: itinerario de interese, inventos sorprendentes, maxín humano, aparellos do futuro, premios.*

3. Palabras equivalentes a invento e a salón do invento
- Invento*: creacións, produtos, descubertas, patentes, solucións, artefacto, idea, aparellos.*
- Salón do invento*: exposición, certame, evento.*

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 127, exercicio 11.
Páxina 128, exercicio 12.

6. DÚAS CRÓNICAS

Ler dúas crónicas sobre o mesmo acontecemento e analizar as diferenzas entre elas. Identificar o obxectivo informativo de cada unha e propoñerlles un titular. Reflexionar sobre o emprego da preposición *a* co obxecto directo.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos se lembran que é unha crónica e as súas principais características. Se lles custa recordar, axúdelles ou remítaos á primeira unidade do libro, onde se tratou deste tipo de texto.

PROCEDEMENTOS
A. Coméntelles aos seus alumnos que as dúas crónicas que aparecen na actividade tratan o mesmo acontecemento, pero presentan algunhas diferenzas en canto á información que transmiten. Pídalles que lean a primeira crónica e, logo, faga unha posta en común na aula coa información que aparece. A continuación, pregúntelles cales cren que van ser as novidades que achegará a segunda. É probable que moitos opinen que presentará unha maior cantidade de información.

Anímeos a leren a segunda crónica e volva realizar a posta en común, na que lles pregunte en que radican as diferenzas entre os textos. Hai que ter en conta que pode haber unha certa subxectividade nas súas respostas, pero ao final asegúrese de que lles quede claro que a principal diferenza estriba no punto de vista co que se transmite a información.

Solución (suxestións)
Diferenzas*:*
1. A primeira crónica dá máis detalles do incidente, como, por exemplo, as iniciais dalgunhas das persoas envoltas nel, e mostra unha certa tendencia a evidenciar un culpable. Ademais, presenta un ton ou linguaxe de menor grao de formalidade ou dun maior sensacionalismo.
A segunda transmite a información dun xeito máis neutro ou imparcial, sen identificar ningún dos envoltos nin asignarlle a ningún deles a culpa dos feitos. Presenta os acontecementos de xeito máis transversal e cun maior grao de formalidade.

2. O obxectivo informativo non é exactamente o mesmo nas dúas crónicas, xa que a primeira transmite unha versión dos feitos na que intenta influenciar o lector, focalizando a culpabilidade nun dos envoltos, mentres que na segunda o feito é tratado coma un máis do xénero, sen se centrar en ninguén nin entrar en tantos detalles.

B. Pídalles aos seus alumnos que, con base nas diferenzas que acaban de comentar, fagan unha proposta de título para cada unha das crónicas. Poden facelo en parellas, se están de acordo, ou individualmente, no caso de teren opinións diversas. Logo, pode propoñerlles que todos digan os títulos que crearon e poden decidir se son válidos ou non en cada caso.

C. Agora pídalles que volvan ler o texto e que, individualmente, subliñen todos os complementos que funcionan como obxecto directo. Déixelles uns minutos e faga unha posta en común, asegurándose de que todos teñen subliñados os mesmos elementos.

Solución
golpeou <u>*a A.S.Z.*</u> *e* <u>*a súa moza*</u>
molla<u>*lo*</u> *(un dos implicados)*
verter <u>*a súa copa*</u>
golpeou de novo <u>*a parella*</u>
iniciou <u>*accións legais*</u>
interrogouse <u>a *Antonio Canido*</u>
entrevistou <u>o *xerente*</u>
entrar <u>*a calquera*</u>
golpeou <u>*outro cliente*</u>
interrogou <u>*o xerente*</u>
<u>ao citado xerente</u> *entrevistou*<u>*no*</u>
entrar <u>*persoas de dubidosa reputación*</u>
destacou <u>*o carácter pacífico*</u>

A continuación, pídalles que se fixen nos exemplos en que o obxecto directo se introduce coa preposición **a** e pregúntelles se coñecen os criterios que determinan a

presenza ou a ausencia desta preposición con este tipo de obxecto. Dígalles que o fagan en parellas e remítaos á epígrafe “O obxecto directo coa preposición **a**” da sección CONSULTAR, na páxina 98.

Concédalles uns minutos e faga outra vez unha posta en común.

Solución

a A.S.Z.
a Antonio Canido
a calquera
ao citado xerente

*En galego, o obxecto directo introdúcese coa preposición **a** cando…*
- *… é un nome de persoa ou un pronome persoal.*
- *… antecede o suxeito ou se pode confundir con el.*
- *… é o pronome indeterminado **un** ou o pronome **todos** referido a persoas.*
- *… coincide co identificador calquera sen antecedente.*
- *… se trata da expresión un ao outro.*
- *… hai posibilidade de confundilo co suxeito.*

MÁIS EXERCICIOS
Páxina 126, exercicios 7 e 8.

practicar e comunicar

7. ENTREVISTA DE TRABALLO

Escoitar os comentarios duns entrevistadores sobre dous candidatos a un posto de traballo e opinar sobre cal deles é o máis axeitado para a praza.

PROCEDEMENTOS
Coméntelles aos seus alumnos que unha empresa editorial necesita unha persoa para cubrir un posto de directivo e, entre todos os candidatos, seleccionáronse dous finalistas, Pilar e Ignacio. Pídalles que, en parellas, decidan que experiencias ou aptitudes son as máis importantes para un posto coma este. Déalles uns minutos e, logo, faga unha posta en común, apuntando no encerado as aptitudes e experiencias que acheguen. Ao final, coa axuda dos seus alumnos, faga unha selección das tres aptitudes e das tres experiencias máis votadas e déixeas no encerado.

A continuación, infórmeos de que van escoitar unha conversa na que os entrevistadores comentan o perfil que teñen os dous candidatos finalistas. Pídalles que tomen notas das experiencias que se corresponden a cada un deles. Poña o audio e, se comproba que non conseguiron coller toda a información, volva poñelo unha segunda vez.

Solución
Pilar:
- *Ten moita experiencia en recursos humanos.*
- *Grazas á súa xestión, a empresa chegou a ser líder no sector.*
- *Ponlle moitas ganas ao traballo.*
- *Ten un currículo brillante.*
- *Ten pouca experiencia no sector das editoriais.*

Ignacio
- *Traballou nunha editorial pequena.*
- *Aos tres meses de estar na empresa logrou ser xefe de proxectos.*
- *Ten experiencia en coordinar equipos.*
- *Non fala inglés.*

Dígalles aos seus alumnos que, en grupos de tres, comenten cal dos dous candidatos ten máis posibilidades de conseguir o traballo e que o xustifiquen. Faga fincapé en que teñan en conta as aptitudes e experiencias que escolleron como máis importantes e que seguen no encerado. Achéguese aos diferentes grupos mentres realizan a actividade para axudarlles, se for necesario. Para rematar, pode pedirlle a cada grupo que lles comunique aos demais se chegaron a un acordo sobre quen consideran que vai obter o traballo.

8. EMPRENDEDORES

Escribir unha vida laboral, escoller unha empresa para dirixir e seleccionar traballadores.

OBSERVACIÓNS PREVIAS
Para desenvolver esta actividade, teña dispoñibles na aula folios e blu-tak ou calquera pegamento similar.

A **vida laboral** é un informe emitido pola Seguridade Social que, á parte de facilitar información sobre a situación de alta ou baixa dunha persoa nalgún dos réximes desta entidade, presenta unha relación de todos os traballos que tivo esa persoa. Así, achega de xeito detallado información como os períodos de alta e de baixa, a modalidade de contrato, o tipo de xornada, a duración da alta na Seguridade Social e o grupo de cotización.

Dise que unha persoa é **emprendedora** cando ten disposición, resolución e iniciativa para emprender unha tarefa ou un negocio, levar a cabo calquera empresa ou lanzarse con audacia á execución dos seus propósitos.

PROCEDEMENTOS
A. Centre a atención dos seus alumnos no título da actividade e pregúntelles que entenden por el. Unha vez que teñan aclarada a definición dese adxectivo, dígallesque nesta actividade terán que ser emprendedores, xa que van crear unha empresa e contratar algúns compañeiros como empregados.

Explíquelles que, primeiro, cada un debe escribir a súa vida laboral. Pregúntelles se saben en que consiste e, se non dan coa resposta correcta, acláreo vostede. Faga fincapé en que só se trata de escribir as experiencias profesionais, sen os detalles relacionados con datas, contratos e cotizacións que achega o documento oficial. Se o considera conveniente, e para que non haxa disparidades no contido das súas producións, limite o número de experiencias que deben incluír en tres ou catro, por exemplo.

A continuación, distribúalles folios do mesmo tipo e tamaño, para que a disposición sexa máis homoxénea, e pídalles que se fixen na mostra de lingua para faceren a súa vida laboral. Recórdelles que, como non se van comprobar os datos, poden "esaxerar" un pouco, para poñer a información o máis atractiva posible. Indíquelles ademais que, se o prefiren ou se hai alumnos que nunca traballaron, poden facelo con datos ficticios.

A medida que vaian rematando, facilítelles pegamento para que colguen a súa vida laboral nunha parede da aula.

B. Cando xa estean expostos todos os documentos, pídalles que formen parellas ou grupos de tres (en función do número de alumnos e do tempo do que dispón para a realización da actividade). Logo, dígalles que, como socios, deben escoller unha das empresas que se ofrecen para dirixir. Se o prefiren, poden crear outro tipo de negocio.

C. Agora, dígalles que teñen que ler todas as vidas laborais colgadas na parede para escolleren a persoa ou persoas que van contratar, en función da necesidade da empresa que acaban de crear. Para controlar o fluxo na área dos documentos, pode organizalos por quendas e tempo. Indíquelles que cada membro do grupo pode tomar notas breves ou esquemáticas de distintas vidas laborais, e logo comentar os datos cos seus compañeiros de grupo.

D. Para rematar, pídalle a cada grupo que faga unha exposición para o resto da clase. Deben presentar, por unha banda, a empresa que dirixen, explicando a súa necesidade de recursos recursos humanos e, por outra, o seu cadro de persoal, xustificando a selección de traballadores que fixeron.

9. XEFES

Escoitar os comentarios de dúas persoas sobre os xefes que tiveron e contestar unhas preguntas. Comentar as lembranzas que teñen dos xefes. Elaborar unha lista coas seis características máis importantes dun bo xefe.

ANTES DE COMEZAR
No caso de que os alumnos aínda non tivesen ningunha experiencia laboral, pode trasladar a reflexión sobre os xefes a unha reflexión sobre os profesores.

Pregúntelles aos seus alumnos se son ou se foron xefes algunha vez. Se hai respostas afirmativas, interésese pola súa experiencia, sexa positiva ou negativa. Se ningún deles foi xefe nunca, pregúntelles se lles gustaría selo e por que.

PROCEDEMENTOS
A. Informe os seus alumnos de que van escoitar dúas persoas, Rosa e Xan, que explican as lembranzas que gardan dos xefes que tiveron. Pídalles que se fixen nas preguntas que aparecen e dígalles que as teñen que contestar para cada un dos interlocutores, segundo a información do audio.

Solución
Rosa
- *A súa xefa era unha persoa boa que valoraba o traballo dos demais.*
- *Aprendeu a autovalorarse e a ter confianza na súa capacidade.*
- *Ten unha boa lembranza da súa xefa.*

Xan
- *O seu xefe era serio, distante, maior, pero unha boa persoa.*
- *Aprendeu que é necesaria a comunicación entre xefes e empregados.*
- *Ten un bo recordo do seu xefe.*

B. Distribúa os seus alumnos en parellas ou grupos de tres e invíteos a pensaren e a comentaren os recordos que gardan dalgún dos xefes que tiveron. Se algún alumno nunca tivo xefes, anímeo a falar sobre algún dos profesores que recorde.

C. Agora, pídalles que, en grupos de tres, discutan e decidan as seis características máis importantes que debe ter un bo xefe. Remítaos ao cadro de vocabulario que aparece na actividade e insista en que tamén poden engadir palabras que non figuren, se lles parece necesario. Aclare as dúbidas de vocabulario que poidan xurdir e facilítelles un dicionario se conta con esta posibilidade. Para rematar, faga unha posta en común e recolla no encerado as calidades que coinciden en todos os grupos.

10. ESTÁ BEN ESCRITO?

Corrixir os erros dunha carta de presentación para un traballo e reescribila.

ANTES DE COMEZAR
Interésese por saber se os seus alumnos, cando envían un currículo, o fan por correo postal, por correo electrónico ou prefiren entregalo en man e por que. Pregúntelles tamén que se adoita xuntar ao currículo, principalmente no caso de que se envíe por correo. Tente que digan **a carta de presentación**. Propóñalles que, en grupos de tres, realicen unha lista coa información que cren que debe aparecer na carta

de presentación que acompaña o currículo. Pídalles, ademais, que engadan unha explicación de como debe estar ordenada, cales deben ser as fórmulas de saúdo e de despedida, que tratamento ou rexistro se debe empregar etc. Déalles uns minutos e, logo, realice unha posta en común, recollendo no encerado as propostas dos seus alumnos que estiveren xustificadas.

PROCEDEMENTOS
Propóñalles aos estudantes que, de forma individual, lean a carta e lle dean unha nota, por exemplo, de 0 a 10, a Elvira. Deseguida, faga unha posta en común e apunte no encerado as diferentes notas que lle digan.

Pídalles agora aos seus alumnos que volvan ler a carta e dígalles que, en parellas, deben comentar se están ou non de acordo cos comentarios e cos elementos subliñados pola profesora de Elvira. Remítaos á epígrafe "Darlle cohesión e coherencia a un texto" da sección CONSULTAR, na páxina 99, e pídalles que se fixen nos elementos que aparecen destacados nos textos *Baixan as temperaturas* e *Maradinho lesionado*. Aclare as dúbidas que poidan xurdir e, se lle parece conveniente, amplíe a lista de conectores cos seguintes:

Causais : **xa que, dado que**
Consecutivos: **en consecuencia, de aí, entón**

Retome as propostas sobre o contido e o formato dunha carta de presentación que fixeron os seus alumnos antes de comezar a actividade. Invíteos, nunha posta en común, a completaren ou modificaren a lista, se lles parece necesario, con todo o que xa viron ata agora.

Animeos, cunha terceira lectura, a buscaren outros erros ou reformulacións e pídalles que reescriban a carta. Despois, indíquelles que intercambien a súa carta coa dun compañeiro e que a corrixan. Finalmente, e se o considera oportuno, fotocopie a posible carta que lle propoñemos na ***ficha 25*** e entréguellela aos seus alumnos para que a comparen coa que reescribiron.

11. TRABALLO TEMPORAL

Escribir o texto de promoción dunha ligazón da páxina web dunha empresa de traballo temporal.

PROCEDEMENTOS
A. Preséntelles aos seus alumnos a páxina web que está creando a empresa TT Labor. Infórmeos da súa actividade e animeos a daren a súa opinión sobre o deseño da páxina: cores, tipos de letra, distribución do contido… Forme grupos de tres e ofrézalles a posibilidade de deseñar ou desenvolver unha ligazón para este sitio web. Dígalles que poden elixir entre o enlace que vai dirixido aos candidatos e o que se destina ás empresas. Remítaos ás ideas que aparecen para cada unha das ligazóns e infórmeos de que poden propoñer outras que lles parezan máis interesantes se o preferiren.

B. Agora, pídalles que intercambien o seu texto co doutro grupo e que corrixan o que recibiron, pondo especial atención nos aspectos gramaticais e na distribución da información. Suxíralles que escriban as notas que sexan necesarias para que o outro grupo poida melloralo. Ao remataren a corrección, indíquelles que lle devolvan o texto ao grupo correspondente e propóñalles que cada grupo reescriba o seu, tendo en conta as anotacións que recibiron. Non obstante, se non están de acordo coas correccións recibidas, poden reunirse co grupo que as fixo, para rebatelas e argumentar o que consideren oportuno. Achéguese aos grupos mentres discuten e aclare as dúbidas que teñan. Para rematar, propóñalles facer entre todos unha recollida dos principais ítems que corrixiron ou cos que tiveron dificultades. Apunte no encerado só a forma correcta en cada caso e asegúrese de que todos a entenderon.

E DESPOIS
Propóñalles aos seus alumnos a seguinte tarefa para a casa: teñen que procurar información en Internet sobre páxinas web para buscar traballo en Galicia, escoller a que lles parece máis axeitada e xustificar a súa escolla. Na clase seguinte, pode formar grupos de tres nos que cada membro presentará unha páxina e, entre os tres, elixirán a mellor. Logo, nunha posta en común, cada grupo expoñeralle ao resto da clase a súa elección e, entre todos, escollerán, de novo, a mellor web.

cultura

12. UN MUNDO QUE SE VAI

Falar dalgúns traballos ou profesións que se extinguiron ou que apenas se desempeñan na actualidade.

ANTES DE COMEZAR
Pregúntelles aos seus alumnos: **Que cousas credes que caen en desuso** ou **deixan de estar de moda? Por que?** Se tardan en contestar, dea vostede un exemplo, como pode ser o da máquina de escribir que foi suplantada polo ordenador, e animeos a que eles sinalen outros exemplos. A medida que falen, vaia apuntando no encerado as súas suxestións. Se ao final non se fai ningunha referencia ás profesións, pregúntelles: **Credes que as profesións ou oficios tamén poden caer en desuso? Por que motivos?** Acepte as súas respostas, sempre que estean ben razoadas.

PROCEDEMENTOS
A. A continuación, centre a atención dos seus alumnos no título da actividade e coméntelles que está relacionado coas profesións que figuran na actividade. Pregúntelles se coñecen algún destes oficios e por que cren que representan un mundo que se vai.

Seguramente figurarán entre as súas respostas: **porque agora apenas se exercen** ou **porque xa se extinguiron**.

Pídalles que, de xeito individual, lean o texto e subliñen os datos que máis lles chamen a atención en cada un dos oficios. Logo, forme parellas ou grupos de tres para que intercambien as súas impresións. Cando remataren, propóñalles unha posta en común, na que pode aproveitar para preguntarlles se coñecen algún lugar onde algunha desas profesións aínda sexan desempeñadas a día de hoxe.

B. Dígalles que volvan traballar co mesmo grupo ou parella e que comenten se coñecen outras profesións que xa non se exerzan ou que apenas se desempeñan na actualidade. Déalles algúns minutos e logo faga unha posta en común. Ao final, aproveite para propoñerlles un debate sobre os traballos que se desenvolven hoxe en día. Pregúntelles cales consideran que son as profesións máis e menos valoradas na sociedade actual e como cren que vai ser o seu futuro.

13. A LINGUA DAS BOLBORETAS

Ler un fragmento do libro *A lingua das bolboretas* e comparar as súas experiencias coas do protagonista. Discutir sobre os problemas que ten o profesorado na actualidade e contrastalos cos dos mestres da época na que está ambientado o relato. Formular hipóteses sobre o final do relato.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para realizar a epígrafe D desta actividade sería conveniente que vostede lles proporcionase o final do relato aos seus alumnos. Para iso, consiga un exemplar do libro de Manuel Rivas, *A lingua das bolboretas*, ou do libro *Que me queres, amor?*, do mesmo autor, onde tamén figura o relato.

Outra alternativa é imprimilo directamente da ligazón http://www.galespa.com.ar/bolboreta.htm. Non obstante, teña en conta que as páxinas web poden modificarse e que, polo tanto, o relato pode deixar de atoparse aí nalgún momento.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que van ler un fragmento do libro *A lingua das bolboretas*, do escritor Manuel Rivas. Infórmeos de que se trata dun relato no que se recrea a Galicia dos principios de 1936, ano no que estalou a Guerra Civil. Anímeos a leren o primeiro fragmento, no que Pardal, o protagonista, fala dalgunhas experiencias que tivo na escola e da súa relación co mestre. Pídalles que pensen se viviron feitos similares, se tiveron algún profesor que lles lembre a don Gregorio ou se se lembran dalgún profesor ao que lle garden especial afecto. Forme grupos de tres e anímeos a compartiren as súas experiencias.

B. A continuación, recórdelles que o primeiro texto que leron nesta unidade falaba das dificultades que teñen os profesores de hoxe en día. Pídalles que lean, individualmente, o segundo fragmento e que seleccionen datos que acheguen información sobre os problemas que tiñan os mestres da época do conto.

Logo de lelo, indíquelles que, en parellas ou grupos de tres, deben discutir sobre como a sociedade de cada época inflúe na educación dos nenos e no traballo do profesorado. Concédalles uns minutos e, se o considera oportuno, anímeos a compartiren as súas conclusións cos demais compañeiros nunha posta en común.

C. Finalmente, remita os seus alumnos ao último parágrafo do último fragmento, no que se fala dunha treboada que viña, e pregúntelles que cren que vai pasar. Pídalles que, co mesmo grupo ou parella, fagan hipóteses sobre o final do relato e que o escriban. Dígalles que o obxectivo é que relaten o que eles realmente cren que vai ocorrer e non que redacten un final seguindo o estilo narrativo do autor.

Cando remataren, pídalle a un representante de cada grupo que lle explique ao resto da clase o final que elaboraron. Asemade, coméntelles aos demais alumnos que deben estar atentos, xa que, despois, van recibir unha folla co verdadeiro remate do conto e terán que decidir que grupo ou parella formulou a hipótese que máis se aproxima ao orixinal.

Deseguida, repártalles o texto do desenlace da historia aos seus alumnos e pídalles que o lean. A continuación, indíquelles que, cos mesmos compañeiros, deben escoller a hipótese que lles pareceu máis acertada. Logo, faga unha posta en común para determinar cal é a versión gañadora. Se o considera necesario, poden volver lelas todas.

E DESPOIS

Coméntelles aos seus alumnos que o relato *A lingua das bolboretas*, xunto con outros dous relatos do mesmo autor, serviu de base para o filme homónimo, levado ao cinema no ano 1999 polo director José Luis Cuerda, con grande éxito de público. Explíquelles que, aínda que se rodou en lingua castelá, hai unha versión dobrada ao galego e anímeos a vela.



SOLUCIÓNS

Máis exercicios

Máis exercicios

UNIDADE 1

1
Texto A
1. Músico do Morrazo, moañés.
2. Moitos (máis de 600).
3. Certame, música. Sinónimos: cantiga, composición.

Texto B
1. Meta, rede.
2. Conseguir outros tantos, remontar.
3. –Tentou controlar máis o xogo.
   –Deulle ao balón coa cabeza con perfección.
   –O balón seguía indo velozmente dun lado para outro.
   –Lograba darlle a volta ao partido con moita astucia.

Texto C
1. XII edición dos Premios María Casares, noite, gala, cerimonia.
2. Profesionais do teatro.

4
A
tristeza: grande (gran), tremenda
augas: negras
navegación: difícil
drama: grande (gran), impropio, tremendo, macabro
chapapote: viscoso, negro
reputación: dubidosa, impropia
marea: negra
estela: grande
ira: grande, impropia, tremenda
escenas: macabras, tremendas, impropias, difícil

C
xigante: grande
complicado: difícil
espeso: viscoso
cuestionable: dubidoso
escuro: negro
forte: tremendo
inadecuado: impropio
magnífico: grande

5
1. os pasaxeiros
2. o público, os espectadores
3. os espectadores, os telespectadores
4. os cidadáns, a poboación
5. os convidados

UNIDADE 2

2
A
preservar: preservación
organización: organizar
apoio: apoiar
adscrición: adscribir
promoción: promover
coidar: coidado
gozar: gozo

protexer: protección
convivir: convivencia
usar: uso
recuperar: recuperación
construír: construción
crecemento: crecer
consumir: consumo

B
Carlos Suárez: convivencia, gozar, organizar.
Mónica Martínez: uso, consumo, coidado.
Francisco López: protección, apoiar, recuperación, promoción.
Margarita Crespo: protección, construción, adscrición.

4
1. Cando saírmos
2. Se saír
3. Para podermos saír
4. Ao falaren

UNIDADE 3

1
A

for fores for formos fordes foren	entregar entregares entregar entregarmos entregardes entregaren
puxer puxeres puxer puxermos puxerdes puxeren	solicitar solicitares solicitar solicitarmos solicitardes solicitaren
estiver estiveres estiver estivermos estiverdes estiveren	puider puideres puider puidermos puiderdes puideren
quixer quixeres quixer quixermos quixerdes quixeren	fixer fixeres fixer fixermos fixerdes fixeren

2
1. viviron
2. vivir
3. se presentaron
4. terminaron
5. presentárense

3
1. aquelas persoas
2. quen
3. aqueles
4. aquelas persoas
5. aquelas persoas
6. aqueles

5
1. servizo
2. sentenza
3. produtos
4. grazas
5. substitución

8
A
3 – 5 – 2 – 1 – 4 – 6

UNIDADE 4

2
1. d
2. b
3. f
4. a
5. g
6. e
7. c

3
1. A semana pasada a canle autonómica **repuxo**...
2. Meu pai non descansou ata **sementar**...
3. Estaba inspirado e, ante todos os asistentes, **proferín**...
4. Esta porta está **desprendendo**...
5. Está afeito a non estar na casa, xa que **permaneceu**...
6. Vístete mellor e **tira**...
7. Protestou e **expulsárono**...

4
1. fino
2. abraiado
3. resgardada
4. estudando
5. ledo

5
A
1. comezou a chorar
2. marchou
3. colleu como un hábito
4. fala moito/non cala
5. sempre vivín nela
6. co que estudei
7. non é quen de rematala
8. sumaba/acababa custando
9. saia de novo
10. hai pouco que vin
11. non molestes máis
12. continuaba embotellando

B
1. co que levan feito por ela
2. veu ser
3. púxose a chorar
4. volveu xogar
5. acaba de deixalo
6. non dá acabado
7. anda a latricar
8. leva durmindo toda a mañá
9. botou a andar
10. deixou de fumar
11. botouse a chorar
12. segues saíndo

6
A
1. relax, relaxado
2. estrañeza, estraño
3. desolación, desolado
4. timidez, tímido
5. enfado, enfadado
5. fastidio, fastidiado
7. afervoamento, afervoado
8. desacougo, desacougado
9. inquedanza, inquedo
10. angustia, angustiado
11. sorpresa, sorprendente
12. ledicia, ledo
13. tristura, triste
14. tranquilidade, tranquilo
15 nerviosismo, nervioso
16. desgana, desganado
17. ansiedade, ansioso
18. agarimo, agarimoso

B (suxestión)
Ideas contrarias
tranquilidade/inquedanza, nerviosismo, ansiedade
relax/nerviosismo, inquedanza, ansiedade
ledicia/tristura, desolación, angustia
entusiasmo/desgana

Ideas similares
estrañeza, sorpresa
relax, tranquilidade
impaciencia, inquedanza, nerviosismo, ansiedade

Causa-efecto
sorpresa/ledicia
sorpresa/tristura
fastío/enfado
tristura/desgana

7

A

O **escenario** representa un campo cunha árbore **chea** de froitos. Unha muller dorme e **de súpeto** esperta. Entre asustada e **abraiada**, mira **arredor** de si e logo contempla a **maceira**. **Abanea** o tronco e as mazás comezan a caer **paseniño**. Vainas recollendo **a eito**, como **ensimesmada**. Cando as ten todas no regazo, **císcaas** por todo o escenario, igual que se as estivese sementando de novo. **Senta** nunha esquina, mira para un lateral e fai un **abano**. De alí a pouco entra un home, todo vestido de **escuro**.

UNIDADE 5

1

B (suxestión)

Emisión: podería aparecer nun texto escrito ou nunha conversa sobre a contaminación ambiental para referirse, por exemplo, aos gases contaminantes que producen as fábricas, os coches...
Concurso: podería referirse á convocatoria dunha Administración pública para a realización dalgunha obra ou para a prestación dalgún servizo.
Espectador: podería aparecer na crítica dunha obra de teatro para referirse ao público asistente.
Programación: podería aparecer nun folleto de información sobre un curso de informática para referirse á sección que trata sobre a elaboración de programas.
Grella: podería referirse á reixa que se utiliza para asar alimentos sobre a brasa.
Espazo: podería referirse á rexión do universo alén da atmosfera terrestre.

2

A (suxestión)

Exposición do problema
Canle 10 celebrou o seu primeiro aniversario, pero non cumpriu as promesas que anunciara.

Exemplos do problema
– A cadea prometera que na súa programación habería humor, pero preséntao de xeito esaxerado e adoita ser de mal gusto.
– Canal 10 prometera que emitirían producións dos espectadores seleccionadas por un comité de calidade, pero moitas delas non teñen a calidade necesaria ou encobren publicidades diversas.
– A canle prometera sorprender cunha grella variable, pero non tiveron en conta as franxas horarias e emiten contidos inadecuados a certas horas.

Conclusión
O telespectador espera que Canle 10 rectifique nos próximos meses para ofrecer a programación de calidade que anunciaran.

B (suxestión)

Ordenar ideas: en primeiro/segundo lugar.
Presentar unha opinión persoal: a min paréceme.
Explicar con máis detalle: isto é.
Matizar: de feito.
Expresar contraste: pero.
Xustificar: xa que.
Concluír: en conclusión.

D (suxestión)

1. Demostrouse que moitas das cousas que prometeran non se cumpriron.
2. O humor da cadea é da peor calidade.
3. Case todos os programas feitos polo público son moi malos.
4. En realidade, trátase de anuncios de mala calidade.

3

A (suxestión)

Produtos	Público
sistema de quecemento	pais/nais de familia
seguro de vida/fogar	persoas de mediana idade
reprodutor de MP3	persoas novas
plan de pensións	persoas de mediana idade
crema antiengurras	persoas a partir dos 30
cámara dixital	a partir da adolescencia

4

des-: desconsiderado, descortés, desordenado, deshonesto, desorganizado.
in- (**im-, i-):** imprudente, inconsciente, impaciente, incompetente, irresponsable, infiel, inválido, intransixente, imperdoable.

5 (suxestión)

-eiro/a: faladeiro, comedeiro, mentireiro, festeiro.
-ón/-ona: chorón, durmiñón, lambón.
-ido/a: lambido.

UNIDADE 6

2

1. polos que
2. que/a cal
3. no que
4. a cal/que
5. dos que
6. na que
7. dende a que
8. o que
9. o que
10. co que

3

B

1. na que
2. polas que
3. que, que

4. nos que, aos que
5. que
6. que, que

UNIDADE 7

1 (suxestión)
1. O máis pequeno posible.
2. Quentamento, acción e efecto de quentar.
3. De xeito eficaz e satisfactorio.
4. Máis grande e máis intensa.
5. Facerse máis grande e máis numerosa.
6. Fomentar, estimular.
7. Estados ou empresas que teñen un gran poder económico.

2
1. O CO_2 é un gas responsable do efecto invernadoiro.
2. O efecto invernadoiro é o que está provocando o quecemento da Terra.
3. Deberiamos buscar fontes alternativas de enerxía antes de que se esgote o petróleo.
4. A escaseza de auga potable é un problema que afecta a máis de mil millóns de persoas.
5. Os residuos plásticos que se botan ao lixo a diario ocasionan un grave problema.
6. Deberiamos reciclar todo o lixo para evitar a degradación do medio.

3

Verbos	Substantivos
elaborar	elaboración
fabricar	fabricación
xustificar	xustificación
reducir	redución
derribar	derribamento
amontoar	amontoamento
reciclar	reciclaxe
aprender	aprendizaxe
inscribir	inscrición
transvasar	transvasamento
acabar	acabamento
seguir	seguimento
restablecer/restabelecer	restablecemento/ restabelecemento
producir	produción
conducir	condución
construír	construción
destruír	destrución

5

A
1. Moitos turistas viaxan ao Caribe polas **altas temperaturas** das súas augas.
2. A **escaseza** das reservas enerxéticas preocúpalle á comunidade internacional.
3. A **firmeza** debe caracterizar as actuacións dos estados para castigar os atentados contra o medio.
4. Algunhas das mellores ideas para evitar a contaminación sorprenden pola súa **sinxeleza**.
5. As árbores da Amazonia teñen moita **altura**.

B
1. A rolda de prensa que ofreceu o presidente destacou polo **breve** que foi.
2. Os últimos estudos indican que a presión social esixe que as persoas sexan **delgadas**, o que fai que algúns adolescentes teñan moitos trastornos da alimentación.
3. O seguimento de protocolos na obtención de produtos **reciclados** é fundamental para conseguir un medio equilibrado co desenvolvemento industrial.
4. Un dos puntos fortes deste proxecto de reciclaxe é que o se desenvolvemento é moi **rigoroso**.
5. Unha das metas que teriamos que acadar sería que as emisións de CO_2 fosen **reducidas**.
6. As vítimas das condicións **climáticas** irán aumentando nos próximos anos.
7. Deberiamos ter unha conduta responsable, para evitar accións **desastrosas** na natureza.

6

A

<u>o lume</u>
<u>o vehículo</u>
evita<u>lo</u>
<u>as lapas</u>
<u>o turismo</u>
<u>automóbil</u>
<u>o citado</u>
<u>sinistro</u>
<u>alí</u>
<u>estes</u>
<u>as ditas</u>

B

accidente: sinistro
incendio: lume, lapas
coche: vehículo, turismo, automóbil
persoa que o conducía: condutor, ocupante, accidentado
corpo de bombeiros: bombeiros, compañeiros
actuación: dispositivo de actuación, extinción

7

lambecús
tiracroios
ruxerruxe
vagalume
ollomol
lavalouza
cartafol
portacruz
foraborda
pintamonas

8
1. microondas
2. golf
3. gardamontes
4. pubs
5. peixes sapo
6. coches cama
7. pistas americanas
8. cástings
9. stops
10. Nestea

UNIDADE 8


5
1. auxiliar de voo
2. médico
3. telefonista

6
1. te levas ben/tes unha boa relación
2. cobran/gañan
3. imaxe
4. estrés/presión
5. posibilidades
6. peta
7. flexible
8. rende/traballa/se esforza

8
1. o curmán, a súa muller
2. o neno
3. a Ánxela
4. o home
5. a calquera
6. a todos
7. a cantante de rock
8. os cans
9. ao neno de Xoán
10. os veciños

10
1. como
2. aínda que
3. porque
4. así que
5. para

12
B (suxestión)
Bocadillo O Tixolazo: bocadillo feito con dúas rebandas de pan crocante aderezadas con distintas salsas, entre as cales se coloca unha hamburguesa de carne, aliñada con aceite de oliva virxe e feita a fogo de leña, cuberta con láminas de queixo fundido, toradas de tomates verdes e aros de cebola.


FICHA 10
Porque mereces un...
10
Para que rompas coa monotonía.
Para que, por fin, atopes unha programación dinámica e completa.
Para que poidas informarte do que realmente che interesa.
TV 10 A canle que acompaña o teu ritmo.
RADIO ESFERA
ESFERALÍZATE CONNOSCO!
PARA QUEN NUNCA PERDE A CONEXIÓN!
QUE? TODO.
CANDO? A CALQUERA HORA.
ONDE? EN TODAS AS PARTES.
INFORMACIÓN CONTINUA: ACONTECEMENTOS, DEPORTE, SOCIEDADE, CULTURA...
SÓ EN...
RADIO ESFERA!
FICHA 25
Estimados señores:
FICHA 3
A Rianxeira
Letra máis popularmente coñecida na actualidade
Letra orixinal (gravada e estreada por primeira vez)
A Virxe de Guadalupe
cando vai pola ribeira. (bis)
descalciña pola area
Moito me gustas rianxeira
que estás eiquí na Arxentina
verche cantar e beilar-e
coma alá na terra miña. (bis)
RETROUSO
FICHA 11
CAMBIOS NA PROGRAMACIÓN DE TeleGA
Que suprimirías?
Que engadirías?
FICHA 7
ACTA DA ASEMBLEA DE VECIÑOS
Relación de asistentes:
Fichas
FICHA 8
1 Estar sentado
2 Estar agachado
3 Estar tombado/deitado (boca arriba)
4 Estar tombado/deitado (boca abaixo)
5 Estar de pé
6 Estar de xeonllos
7 Estar en crequenas
Rubén Ruibal Armesto
1970 (Ribadeo – Lugo)
Fichas
FICHA 15
Clasificación de adxectivos
Positivos
orixinal
limpa
monumental
chea de vida
unha xoia
chea de cor
un encanto
ben conservada
un gozo para os sentidos
atractiva
donosa
animada
Negativos
despoboada
ancorada no pasado
illada
Neutros
literaria
gastronómica
antiga
histórica
episcopal
agropecuaria
FICHA 16

Fichas

FICHA 1

Testemuña 1: xornalista Cronoloxía do suceso	
Data	**Suceso**
13 de novembro	
	Remolcadores levan o barco cara ao medio do mar.
15 de novembro	
	Rotura do *Prestige* fronte á costa.

Testemuña 2: voluntaria Experiencia do voluntariado
De que pezas de roupa e ferramentas se compón o equipamento dos voluntarios?
Onde se aloxan?
Cal é a actitude da xente do lugar?
Que se pode facer para mellorar a situación?

FICHA 2

Petición directa	Traédeme unha placa solar;
Transmitimos a petición hoxe	Pídenos que lle levemos unha placa solar;
Transmitimos a petición dentro dun par de días	Pediunos que lle levásemos unha placa solar;

A Rianxeira

Letra máis popularmente coñecida na actualidade

A Virxe de Guadalupe
cando vai pola ribeira. (bis)
descalciña pola area
parece unha rianxeira.(bis)

(Retrouso)
Ondiñas veñen
ondiñas veñen e van
non te embarques rianxeira
que te vas a marear. (bis)

A Virxe de Guadalupe
cando vai para Rianxo(bis)
a barquiña que a trouxo
era de pau de laranxo (bis)

A virxe de Guadalupe
quen a fixo moreniña,(bis)
foi un raíño de sol
que entrou pola ventaíña. (bis)

Letra orixinal (gravada e estreada por primeira vez)

Moito me gustas rianxeira
que estás eiquí na Arxentina
verche cantar e beilar-e
coma alá na terra miña. (bis)

(Retrouso)
Ondiñas veñen
ondiñas veñen e van
non te embarques rianxeira
que te vás a marear. (bis)

Que guapa estabas rapaza
cando che vín na ribeira,
tiñal-a cara morena
coma a virxe rianxeira. (bis)

A virxe de Guadalupe
vái no yate de Baltar,
lévana os rianxeiros
a remolque polo mar. (bis)

4. NEGOCIAMOS?
(Epígrafe B)

- E vós, como vedes iso do horario flexible?
- ______________________ só vexo vantaxes, xa que traballas as mesmas horas á semana, pero podes organizar mellor os teus horarios e…
- ______________________ e segundo ás túas necesidades persoais, por exemplo, de acordo cos horarios do colexio dos nenos ou se queres facer calquera curso ou ir ao ximnasio…
- ______________________ e, ao final, seguro que lle sacas máis proveito ao teu tempo.
- Xa, iso si. Pero a min o que me preocupa é a organización no traballo. Isto vai ser un enredo se cada un vén á hora que quere, pois nunca vas saber con quen podes contar. E como moitas cousas aquí temos que decidilas en equipo… non sei, que vos parece?
- ______________________ podemos organizarnos entre todos; e ademais, se non nos poñemos todos de acordo, isto non vai ser posible. Non van facer uns horarios flexibles e outros non. Iso si que sería un verdadeiro caos.
- ______________________ poderiamos negociar entre todos unha franxa horaria na que todos coincidísemos, quero dicir, que nos fose ben a todos. Así si que estaría ben a proposta de horario flexible.
- ______________________ poderiamos falalo, digo eu. Outra cousa que podemos facer é negociar uns días concretos nos que todos esteamos aquí para coordinación e consultas.
- Si, tamén podería ser, pero…
- Eu quería propoñer algo. Mirade, flexibilidade só no horario de entrada e de saída. Se en vez de entrar ás nove, alguén entra ás once, pois logo sae dúas horas máis tarde, pero polo menos estariamos parte da mañá ou da tarde todos xuntos. Que opinades?
- ______________________ eu nese caso estaría de acordo.
- Si, si, si, eu tamén.
- ______________________ eu aínda non o vexo claro. É que non vai haber ningún control… eu creo que haberá xente que vai facer menos horas das que debería. Quen se vai poñer a controlar o tempo que traballa cada un?
- ______________________ tamén é certo. Se hai xente que chega tarde agora ou que sae tomar un café cando quere… se ademais ten horario flexible, uf! A ver o que fará.
- ______________________ aí quería eu chegar. É que, enriba, esa xente é a que pide o horario flexible. Eu non acabo de ver nada claro, eh?
- Eu tampouco.

Proposta 1
Unha asociación quere sacar ao mercado un xornal gratuíto, de ámbito local, no que haxa noticias da xente da zona. Tratarase dun xornal alternativo, no que todos poidan dar a súa opinión. Ten a intención de pedir unha subvención ao concello para cubrir unha parte dos gastos de produción.

Proposta 2
Unha empresa de construción propón realizar un complexo bastante lonxe de calquera centro urbano. O proxecto consiste en ofrecer unha zona residencial con casas unifamiliares con piscina e un campo de golf. Será un espazo para relaxarse e gozar dun ambiente tranquilo e exclusivo.

Proposta 3
O concello dunha vila bastante lonxincua propón a construción de diferentes vías para mellorar a accesibilidade da zona. O proxecto consiste, en primeiro lugar, na explotación da estrada que xa existe para convertela en autoestrada e, en segundo lugar, en facer chegar o tren á vila, para o que se precisarían obras de grande envergadura.

A pirataría é un delito, deberiamos comprar todo orixinal.

Deberiamos impulsar o teletraballo; perdemos unha chea de horas e de enerxía desprazándonos ao lugar de traballo.

Os videoxogos son cada vez máis violentos, cómpre prohibilos.

Deberían subir o prezo da auga, a xente non a valora. Seguro que consumiriamos moita menos.

Estaría ben que houbese máis redes de intercambio de roupa, de libros, de CD etc.

A expropiación das casas que levan moito tempo sen ser habitadas debería ser obrigatoria para que as usasen outras persoas.

A tele debería ter sempre un fin didáctico e cultural, xa que a ven moitas persoas.

Habería que recuperar a idea de colaborar cos veciños, de prestar axuda mediante bancos de tempo, onde cada un participa co que sabe facer e pode obter outro tipo de axuda a cambio.

FICHA 7

ACTA DA ASEMBLEA DE VECIÑOS

Relación de asistentes:

____

____

____

____

____

No lugar de ____________________ , cando son as ________ horas do día ________ de ________ de ________ , reúnense en asemblea os devanditos asistentes, baixo a presidencia de D./D.ª ________________ ________________ actuando como secretario/a D./D.ª ____________________________

A orde do día prevista desenvolveuse do seguinte xeito:

1. A construción do complexo hostaleiro.

____

____

____

____

____

____

____

____

____

____

____

____

____

____

E, ao non haber máis asuntos que tratar, lidos os acordos tomados, asinan os asistentes e levántase a sesión, cando son as ________________ horas.

________________________________ , ________ de ________________ , de 20____

FICHA 8

1 **Estar sentado**

2 **Estar agachado**


3 **Estar tombado/deitado (boca arriba)**

4 **Estar tombado/deitado (boca abaixo)**

5 **Estar de pé**

6 **Estar de xeonllos**

7 **Estar en crequenas**



FICHA 9



Rubén Ruibal Armesto
1970 (Ribadeo – Lugo)

Actor e dramaturgo do teatro galego que tamén se define como "amo de casa e agricultor a tempo parcial". Na súa traxectoria foi empregado de biblioteca, entrevistador do INE, vendedor en grandes almacéns, comercial e tradutor.
No mundo do teatro formouse xunto a Roberto Vidal Bolaño, co que colaborou na compañía Teatro do Aquí. En 2000 creou, con Carlos Losada, a compañía Teatro Cachuzo que levou ás táboas os seus primeiros textos teatrais. Como actor tamén traballou co Centro Dramático Galego.
Entre as súas obras destacan *Limpeza de sangue*, ganadora do Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais 2005 e do Premio Nacional de Literatura Dramática 2007; *Fume* (2000) (coautoría de Carlos Losada); *Traffic: arroz mubi* (2004) e *¡Triumfadores!* (2005).

FICHA 10

Porque mereces un...

10

Para que rompas coa monotonía.

Para que, por fin, atopes unha programación dinámica e completa.

Para que poidas informarte do que realmente che interesa.

TV 10 **A canle que acompaña o teu ritmo.**

RADIO ESFERA

ESFERALÍZATE CONNOSCO!

PARA QUEN NUNCA PERDE A CONEXIÓN!

QUE? TODO.
CANDO? A CALQUERA HORA.
ONDE? EN TODAS AS PARTES.

INFORMACIÓN CONTINUA: ACONTECEMENTOS, DEPORTE, SOCIEDADE, CULTURA...

SÓ EN...

RADIO ESFERA!

FICHA 11

CAMBIOS NA PROGRAMACIÓN DE TeleGA
Que suprimirías?
Que engadirías?
Programación ideal

FICHA 12

Forma verbal da oración principal	Forma verbal da oración temporal	Faise referencia ao…
deixaron (pretérito)	**dixeron**/se **publicitaron** (pretérito)	**pasado**
seguen (presente indicativo)	**preparan** (presente indicativo)	**presente**
(é) (presente indicativo)	**merendan** (presente indicativo)	**presente**
sairemos (futuro indicativo)	**cumpriren** (futuro subxuntivo)	**futuro**

FICHA 13

Cando me xubile, farei a viaxe dos meus soños.

Cando rematei a carreira comecei a traballar aquí.

A nena chorou ata que chegou a súa nai.

Cando aprobares o concurso, faremos unha gran festa.

Cando vivía na aldea, tiña máis tempo libre.

Mentres recollo o salón, podías preparar algo de comer.

Ao terminarmos de xantar, veremos o vídeo da voda.

En canto saian os resultados, chamámolo.

	Frases	**Partícula temporal**	**Tempo verbal**
Referencia ao presente	*Mentres recollo o salón…*		
Referencia ao pasado			
Referencia ao futuro			

FICHA 14

Sonia

PROPOSTA	Cumpriu	Non cumpriu
Coidar os peixes.		
Ir á clase de solfexo e música.		
Ler os libros.		
Preparar pratos saudables e comer tranquila.		

Lois

PROPOSTA	Cumpriu	Non cumpriu
Frecuentar un grupo de excursionismo.		
Usar roupas de cores claras.		
Aceptar plans imprevistos.		
Saltar horarios fixos.		
Quedar cos amigos.		
Asistir ao curso de salsa e merengue.		
Falar con tres ou catro persoas.		

FICHA 15

Clasificación de adxectivos

Positivos
orixinal limpa monumental chea de vida unha xoia chea de cor un encanto ben conservada un gozo para os sentidos atractiva donosa animada
Negativos
despoboada ancorada no pasado illada
Neutros
literaria gastronómica antiga histórica episcopal agropecuaria

FICHA 16



As flores, que están enriba da mesa, son para Carme.



As flores que están enriba da mesa son para Carme.

FICHA 17

Exemplo A:

Valore de 1 (moi insatisfeito) a 5 (moi satisfeito) segundo o seu grao de satisfacción:

1. Os servizos (bibliotecas, ximnasios, hospitais...):
1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐

2. ______________________________
1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐

3. ______________________________
1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐

4. ______________________________
1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐

5. ______________________________
1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐

Exemplo B:

Responda as seguintes preguntas marcando SI ou NON:

1. Está satisfeito cos servizos do lugar onde vive (bibliotecas, ximnasios, hospitais...)?
Si ☐ Non ☐

2. ______________________________
Si ☐ Non ☐

3. ______________________________
Si ☐ Non ☐

4. ______________________________
Si ☐ Non ☐

5. ______________________________
Si ☐ Non ☐

FICHA 18

	V	F
1. O incendio foi provocado por unha fogueira que fixera un grupo de mozos da localidade.		
2. Os bombeiros dunha localidade veciña axudaron a controlar o lume, pero o vento e a seca do lugar dificultáronlles o traballo.		
3. Os responsables do lume avisaron directamente o corpo de policía local.		
4. O incendio extinguiuse na mesma noite, pero marcou a paisaxe galega ocasionando estragos considerables na fauna.		
5. O concello da localidade homenaxeou a muller que axudou a salvar os rapaces.		

FICHA 19

Substantivos derivados de verbos	Substantivos derivados de adxectivos
-ción/cción -sión	-ez/eza
-ado/-ada -ido/-ida	-ura
-mento	-(i)dade
-axe	Outros
Outros	

FICHA 20

Cando as reservas de petróleo se esgotaren, o planeta entrará nunha enorme crise enerxética e todo cambiará.

Antes de que se acaben as reservas de petróleo, descubrirase a maneira de facer funcionar os motores con auga.

Cando os gobernos decidiren actuar realmente contra o efecto invernadoiro, será demasiado tarde e as cidades da costa de todo o mundo desaparecerán.

A selva amazónica continuará diminuíndo mentres os gobernos da zona non tomen medidas serias e prohiban totalmente a corta de árbores.

Deberían penalizarse os consumidores que non reciclan o plástico que botan ao lixo.

FICHA 21

Campaña (grupo)	Seria	Divertida	Orixinal (formato)	Orixinal (tema)	Importancia/ Relevancia do tema na sociedade
1					
2					
3					
4					
...					

FICHA 22

Problemas dos traballadores
- Falta de tempo para estar coa súa familia - Dificultade para compaxinar as vacacións de traballo coas vacacións escolares (no caso dos que teñen fillos). - Falta de tempo para coidar dos seus pais ou fillos enfermos. - Pouca dispoñibilidade de tempo para seguir formándose. - Dificultade das mulleres para teren fillos e prosperaren profesionalmente. - Pouca dispoñibilidade de tempo para o desenvolvemento persoal.

FICHA 23

Propostas de Dixitalpuntocom para a conciliación laboral	Outras propostas
- Tempo libre para a formación: os traballadores dispoñerán dun número de horas anuais, dentro da xornada laboral, para dedicalas á súa formación profesional. - Alongar as vacacións: posibilidade de cambiar o salario por días de vacacións ou de solicitar días libres non retribuídos. - Traballo a distancia: posibilidade de realizar o total ou parte do traballo dende a casa. - Un por cinco: dereito a ter un ano sabático tras cumprir cinco anos na empresa. - Axuda familiar: subvención de gardarías para os traballadores con fillos menores de tres anos.	

FICHA 24

Dina: *Lin no xornal que estes días nun recinto feiral de Vilagarcía de Arousa hai un salón de inventos, que é unha exposición de produtos innovadores.*
Clara: *Pero hai tantos produtos novos así, como para que fagan unha exposición?*
D: *Pois si que os hai. Falaban, por exemplo, dun portón inchable que non deixa pasar a auga cando hai riada, dun aparello que baixa o risco de fuga de gas…*
C: *Iso si que son inventos. E ti cres que funcionan logo?*
D: *Home, si. Se de moitos deles fan alí mesmo a demostración e todo. Iso dicíano tamén no xornal.*
C: *Pois se o dis… e que raro que non falasen de ningún coche deses moi sofisticados, non?*
D: *De coches non, pero si falaban dun chisme que quenta a auga e derrete o xeo dos parabrisas.*
C: *Pois si que temos inventores neste país…*
D: *Pero se tamén hai inventos estranxeiros na mostra esa. De México trouxeron, segundo o artigo, uns zapatos ou sandalias que cambian de cor e de modelo sen maiores custos.*
C: *Vaia! Unhas sandalias así ata as compraba eu, cunhas soas xa pasaba todo o verán. Pero valerán un ollo da cara, imaxino…*
D: *Pois de prezo non se falou en ningún momento, creo que non se trata de vender nada aínda.*
C: *Entón non ten moito sentido, non? Ou non é unha exposición aberta ao público?*
D: *Si, home, si. Pero ao público só se lle dan a coñecer as invencións.*
C: *Así que ti vas a unha feira, ves algo que che interesa e non o podes mercar… e os que inventan os artigos eses tampouco os queren vender?*
D: *Pero cando se inventa algo así, nun primeiro momento o que máis queren os inventores é que a xente coñeza o seu produto. No salón ese de Vilagarcía as persoas que visitan a exposición poden escoller o que lles parece máis innovador ou máis creativo. Logo, prémianse os inventores.*
C: *Claro e logo tamén alguén que ve un artigo deses na exposición pode copialo e saír vendéndoo por aí…*
D: *Se iso non o pode facer ninguén porque os inventores patentan todo o que crean.*
C: *E patentar, que vén sendo?*
D: *Pois… eh, é como se che dan un certificado de que es o creador de algo e só ti tes o dereito de sacalo ao mercado.*
C. *Anda, pois si que inventan cousas, eh!*

Estimados señores:

Póñome en contacto con vostedes para solicitar o posto de relacións públicas na súa empresa, anunciado o venres 9 deste mes no xornal O Correo Galego.

Son licenciada en Psicoloxía e traballei no departamento de recursos humanos en diferentes empresas. Dende o ano 2006 traballo para INFOCIT. Durante este tempo conseguín consolidar a miña experiencia profesional e isto fai que me formule novos obxectivos laborais.

Achégolles o meu currículo, xa que creo que reúno o perfil adecuado para o posto que ofrecen. Son unha persoa dinámica e sociable, polo que me integro con facilidade en calquera contorno laboral, e o traballo en equipo paréceme enriquecedor. Responsabilidade e iniciativa son outras das aptitudes que me caracterizan, así como a capacidade de planificación e organización das miñas tarefas. Por todo isto, síntome capaz de afrontar os retos que supón un traballo coma o que vostedes ofrecen.

Quedo á súa disposición para unha entrevista persoal, co fin de detallar calquera dos datos achegados.

Cordialmente,
Elvira Díaz



Tests

Test 1

Pode empregar o test 1 como repaso global de todo o explicado ata a unidade 4 ou, se se incorpora algún alumno ou alumna ao grupo, como proba de nivel.

Soluciόns

1. c	5. b	9. c	13. b	17. a
2. d	6. a	10. b	14. b	18. a
3. c	7. c	11. a	15. c	19. d
4. b	8. b	12. c	16. d	20. a

Test 2

Pode empregar o test 2 (páxina seguinte) como repaso global de todo o explicado ao longo do curso ou como proba de nivelación antes de comezar o seguinte nivel.

Solucións

1. a	5. d	9. d	13. a	17. a
2. c	6. b	10. d	14. c	18. b
3. c	7. a	11. a	15. b	19. c
4. b	8. c	12. d	16. d	20. a

Test 1

1 ● Eu, se tivese cartos ______________ moi claro a que lugar iría de vacacións.

a. **b.** tivera
c. tería **d.** teña

2 ● Naquela época necesitaba alguén que ____________ do galego ao inglés e apareceu Jennifer.

a. traduza **b.** traduciría
c. traducía **d.** traducise

3 ● Xa sei que quedaches sen traballo, pero non é a fin do mundo. ______________ pode ser unha grande oportunidade para ti.
❍ Se ti o dis… Igual tes razón.

a. O que pasa é que **b.** Non obstante
c. De feito **d.** No lugar

4 ● Encantaríame ______________ só. Non quero perder a miña independencia.

a. volver estar
b. seguir vivindo
c. sentirme
d. botar de menos

5 ● Fuches o sábado ao concerto?
❍ Pois pensaba ir, pero xusto cando _____________ da casa chamaron os meus tíos para dicirme que viñan cear aquí.

a. saíra **b.** saía
c. cheguei **d.** chegaba

6 ● O piloto pediulles aos pasaxeiros que ____________ un pouco de paciencia polo atraso do voo.

a. tivesen **b.** tiñan
c. teñan **d.** tiveran

7 ● Helena tivo unha forte depresión e tivo que someterse a un tratamento psicolóxico. ____________ a súa vida mudou moito.

a. Ata ese día **b.** Daquela
c. A partir de entón **d.** A esas alturas

8 ● Non sei como pasou, pero estaba servindo o café e boteino todo enriba da mesa. Por sorte ninguén se queimou.
❍ ______________

a. Entón **b.** Menos mal
c. A esas alturas **d.** Xusto a tempo

9 ● Díxome un amigo que van prohibir que os coches circulen polo centro.
❍ ___________________ porque eu non oín nada sobre iso.

a. É posible que sexa verdade
b. Iso seguro
c. Dubido que sexa verdade
d. Considero que é verdade

10 – A ti paréceche ben que o teu irmán ______________ que facer todo o traballo?

a. tivo de **b.** teña
c. tendo **d.** tivera

11. ● Soubéchelo? O xefe quere que traballemos máis horas para rematar o proxecto dentro do prazo.
❍ Pois a min non me parece mal, ________________ nos paguen esas horas.

a. sempre e cando
b. só se
c. a condición de
d. tendo en conta

12. ● Que che pasa? Estás enfadado por algo?
❍ É que estou farto. O ano pasado, obras na miña rúa; logo, axeitaron a fachada do edificio e máis obras; ________________ agora o meu veciño decide reformar o seu piso. Non sei cando poderei descansar!

a. en resumo **b.** total
c. e por riba **d.** no fondo

13. ● Os candidatos ______________ a unha entrevista persoal.

a. serán contactados
b. serán convocados
c. serán admitidos
d. publicarán

14. ● ______________ desexen optar ás prazas deberán presentar a documentación ata o día 10.

a. Quen **b.** Todos aqueles que
c. Aquelas persoas **d.** Os cales

15 ● E ti, non te vas presentar ao concurso?
❍ Pois, non. É que é obrigatorio ___________________ a carreira, e eu aínda teño pendente unha materia.

a. que rematara **b.** ter rematado
c. ter rematada **d.** que remataches

16 ● No anuncio dicía que buscan persoas que ______________ actualmente en Lugo.

a. residían **b.** residiron
c. residiran **d.** residan

17 ● Podes chamar a Nati e invitala tamén á festa?
❍ Non o sabes? Non está____________ antonte de viaxe.

a. Volveu ir **b.** Quere ir
c. Deixou de ir **d.** Acabou de ir

18 ● Cando lle dixeron que ______________ un millón de euros na lotería quedou perplexo.

a. lle tocara **b.** lle tocou
c. tocoulle **d.** conseguiu

19 ● A tenda funciona durante todo o ano, ______________ non pecha por vacacións.

a. polo que **b.** porque
c. ademais **d.** é dicir

20 ● Non falei coa directora porque cando cheguei xa ______________

a. marchara **b.** marchou
c. fose **d.** marcharía

Test 2

1 ● Envíoche os documentos esta tarde para __________ mañá.
a. que os revises b. que os revisarás
c. que os vas revisar d. que os revisaras

2 ● O pasado xoves Mario quedou con nós para cear, pero nin apareceu nin nos chamou para avisar. Ao día seguinte, descubrimos que fora ao cinema con Ana. É un __________ .
a. incompetente b. impaciente
c. impresentable d. desordenado

3 ● Como que vaiamos á casa? Eu non me movo de aquí ata que non me __________ unha explicación!
a. daren b. dan
c. dean d. desen

4 ● A catedral, __________ se iniciou en 1255, é un dos edificios máis pintorescos da cidade.
a. que a súa construción b. cuxa construción
c. coa construción d. porque a construción

5 ● Ana non puido axudarnos a rematar o proxecto.
❍ Non é que non __________ non o fixo porque quedara co seu mozo.
a. puidera b. poida
c. podía d. puidese

6 ● Eu ______________ que Ourense me ía gustar, pero é que ______________ .
a. penso / me alucinou b. pensaba / me alucinou
c. penso / alucíname d. pensara / me alucinar.

7 ● Lémbraste de todo __________ nos dixo o profesor na clase de onte?
a. o que b. que
c. do que d. o cal

8 ● Esta ponte, __________ no século XII polos romanos, ten 38 metros de altitude.
a. está construída b. está edificada
c. construída d. construíron

9 ● Viches onte ________ ?
❍ Pois non. Creo que marchou antes de que eu _____ .
a. a Carlos / chegara b. Carlos / chegara
c. Carlos / chegase d. a Carlos / chegase

10 ● Un estudo reflicte a mudanza na mentalidade respecto da reciclaxe. __________ achega cifras sobre a cantidade de residuos xerados no último ano en todo o país.
a. Citado estudo b. Dito estudo
c. Citado o estudo d. O dito estudo

11 ● O problema da contaminación non ______________ mentres non _________ moitos dos nosos hábitos.
a. se solucionará / cambiemos
b. se solucionou / cambiamos
c. vaise solucionar / cambiarmos
d. soluciónase / cambiamos

12 ● Cada ano, en canto ____________ meus avós volven á cidade, xa que no campo non teñen calefacción.
a. comece a arrefriar b. comeza a quentar
c. deixa de chover d. comeza a arrefriar

13 ● –Que tal a nova proposta de traballo que che fixeron?
❍ Pois aínda non o sei, pero, como necesito moito un traballo, penso aceptalo __________ .
a. aínda que paguen pouco.
b. mesmo que me pagan ben.
c. se me pagasen pouco.
d. se me pagaren ben.

14 ● O goberno aprobará pronto a nova lei para a conciliación laboral. __________ , os empresarios __________ máis remedio que implantala nas súas empresas.
a. De feito / non terían b. Ademais / non teñen
c. Así, /non terán d. Asemade, / non van ter

15 ● Ao final, vas participar no proxecto de voluntariado?
❍ Pois __________ Se polo menos __________ máis tempo libre…
a. creo que si / tiver b. non cho sei / tivese
c. non no creo / tiña d. ao mellor / tería

16 ● A pesar de __________ moito diñeiro, os Almeida __________ sempre con moita austeridade.
a. teren / viviren b. tiveren / viviran
c. que teñen / viviren d. que tivesen / viviron

17 ● Pouco despois de asumir a dirección da empresa, Vero perdeu __________ os seus amigos, __________ só pensaba no traballo.
a. todos /debido a que b. todos / por
c. a todos / porque d. a todos / debido a que

18 ● Pois agora __________ millonario se __________ os cartos no negocio que che __________ eu daquela.
a. sería / meteses / propuxeras
b. serías / investises / propuxen
c. estaría / investise / propuxen
d. seres / meteras / propuxen

19 ● E onde __________ a voda logo?
❍ Pois, __________ un pouco pequena, na igrexa da miña parroqui**a.**
a. ides celebrar / aínda que fose
b. se celebra / a pesar de non ser
c. celebraredes / malia que sexa
d. celébrase / a pesar de

20 ● Síntoo, pero ao final mañá non __________
❍ E como __________ antes? Agora é tarde para buscar __________ persoa.
a. te podo substituír / non mo dixeches / outra
b. podo substituírche / non mo dixeches / a outra
c. che podo substituír / non me dixeches / outra
d. podo substituírte / non mo dixeches / a outra